PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 34

Sesión Plenaria
21 de xuño de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 5495 (10/PNP-000463)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para cubrir a demanda existente de prazas públicas en escolas infantís
Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

4.2 8160 (10/PNP-000756)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen
Sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Ministerio de Xustiza do aumento da planta do Ministerio Fiscal en Galicia e a súa dotación cun maior número de recursos, así como á Fiscalía Xeral do Estado da creación dunha fiscalía anticorrupción exclusiva para Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

4.3 8813 (10/PNP-000837)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre a elaboración polo Goberno galego dun estudo da viabilidade do rescate da autoestrada AP-9 para a súa xestión pública
Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

4.4 9300 (10/PNP-000868)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para mellorar o sistema público de pensións
Publicación da iniciativa, BOPG nº 117, do 24.05.2017

4.5 9533 (10/PNP-000891)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula, e quince deputados/as máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a mellora do marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles e a solicitude á Delegación do Goberno e á Fiscalía do asinamento entrementres dun acordo bilateral ao respecto, así como a actuación que debe levar a cabo naqueles casos en que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 120, do 31.05.2017

4.6 9566 (10/PNP-000894)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dunha estratexia global a favor do transporte ferroviario de mercadorías e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG nº 124, do 07.06.2017

4.7 9836 (10/PNP-000917)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores, e Torrado Quintela, Julio
Sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar a substitución dos helicópteros *Sikorsky S-76 C+*, coñecidos como *Pesca I* e *Pesca II*, polos *Dauphin 365* que pertencían á Xunta de Galicia no ano 2005
Publicación da iniciativa, BOPG nº 124, do 07.06.2017

4.8 9862 (10/PNP-000920)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín, e seis deputados/as máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a conexión de Galicia, as comunidades do norte de España e a rexión norte de Portugal ao corredor atlántico na revisión do Regulamento do mecanismo "Conectar Europa" que se vai realizar no ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG nº 124, do 07.06.2017

Punto 5. Interpelacións

5.1 7198 (10/INT-000298)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María, e dous deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento do Fondo de Compensación Interterritorial
Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 05.04.2017

5.2 9360 (10/INT-000398)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a política do Goberno galego en relación coa atención hospitalaria durante os meses de verán
Publicación da iniciativa, BOPG nº 120, do 31.05.2017

5.3 9766 (10/INT-000416)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel, e Sánchez García, Antón
Sobre a política do Goberno galego en materia de emprego
Publicación da iniciativa, BOPG nº 124, do 07.06.2017

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 10360 (10/POPX-000040)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a asunción de responsabilidades polo esnaquizamento do sistema financeiro galego
Publicación da iniciativa, BOPG nº 128, do 14.06.2017

6.2 10367 (10/POPX-000041)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre a política do Goberno galego de atención aos maiores
Publicación da iniciativa, BOPG nº 128, do 14.06.2017

6.3 10388 (10/POPX-000042)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre a actitude do Goberno galego respecto da protección dos pequenos aforradores
Publicación da iniciativa, BOPG nº 128, do 14.06.2017

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 10376 (10/PUP-000093)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel, e sete deputados/as máis
Sobre a avaliación do Goberno galego da recente viaxe a China do presidente da Xunta de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 128, do 14.06.2017

7.2 10386 (10/PUP-000094)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis
Sobre a ausencia de representantes da Xunta de Galicia no congreso organizado polo Eixo Atlántico en Braga os pasados días 8 e 9 de xuño
Publicación da iniciativa, BOPG nº 128, do 14.06.2017

7.3 4312 (10/POP-000542)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da modificación da súa política fiscal en relación coa produción de enerxía eléctrica
Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 09.02.2017

7.4 8877 (10/POP-001147)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David, e catro deputados/as máis
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación co estado de contaminación que presenta o río Pesqueiras, ao seu paso polo concello do Saviñao, como consecuencia das verteduras dunha central láctea nas súas augas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

7.5 8754 (10/POP-001135)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva, e Cal Ogando, Marcos
Sobre as medidas desenvolvidas polo Goberno galego en relación coa problemática referida á cementeira de Narón e o cumprimento da legalidade vixente
Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

7.6 10359 (10/PUP-000090)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel, e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a valoración pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da participación e resultados das probas de avaliación individualizada do terceiro curso de educación primaria

7.7 10373 (10/PUP-000091)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre a reconstrución do estaleiro de ribeira de Casqueiro, situado na parroquia de San Martiño, no concello de Moaña, para adicalo a museo como estaba previsto

7.8 7951 (10/POP-001033)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e oito deputados/as máis
Sobre o novo equipamento tecnolóxico para diagnóstico e procedementos terapéuticos instalado nos centros hospitalarios do Sergas a través do socio tecnolóxico
Publicación da iniciativa, BOPG nº 106, do 27.04.2017

7.9 5431 (10/POP-000704)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique, e seis deputados/as máis
Sobre a relación e o contido dos proxectos máis importantes do Centro Tecnolóxico do Mar nos últimos anos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

7.10 8823 (10/POP-001142)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e catro deputados/as máis
Sobre a data prevista polo Goberno galego para a execución das actuacións necesarias para rexenerar e mellorar a produtividade marisqueira da zona dos Lombos do Ulla, na ría de Arousa
Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor presidente comunica o debate acumulado de dúas preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia. (Páx. 11.) *Os autores destas preguntas, a señora Pontón Mondelo (BNG) e o señor Villares Naveira (EM), manifestan a súa desconformidade.* (Páx. 11.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a asunción de responsabilidades polo esnaquizamento do sistema financeiro galego. (Punto sexto da orde do día.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a actitude do Goberno galego respecto da protección dos pequenos aforradores. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 12.) *e Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 14.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 15.)
Réplica dos autores: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 18.) *e Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 19)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 21.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego de atención aos maiores. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S).* (Páx. 23.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 24.)
Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S).* (Páx. 25.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 27.)

Declaración institucional

O señor presidente pasa a ler unha declaración institucional a teor do Día nacional das linguas de signos españolas. (Páx. 28.)

A continuación anuncia o debate de dúas preguntas ao Goberno como consecuencia dunha modificación no desenvolvemento da sesión. (Páx. 28.)

Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e Dª María de la Concepción Burgo López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da participación e resultados das probas de avaliación individualizada do terceiro curso de educación primaria. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 29.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 30.)
Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 31.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).*(Páx. 32.)

O señor presidente comunica o decaemento da pregunta ao Goberno de dona Montserrat Prado Cores e o seu aprazamento para outra sesión plenaria. (Páx. 33.)

A continuación anuncia o debate acumulado de dúas proposicións non de lei. (Páx. 34..)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dunha estratexia global a favor do transporte ferroviario de mercadorías e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto. (Punto cuarto da orde do día.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a conexión de Galicia, as comunidades do norte de España e a rexión norte de Portugal ao corredor atlántico na revisión do Regulamento do mecanismo "Conectar Europa" que se vai realizar no ano 2018. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 34.)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 36.) *e Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 38.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Fernández Fernández (S)* (Páx. 41.), *Sr. Cal Ogando (EM).* (Páx. 42.)

O señor Bará Torres (BNG) (Páx. 45.) *e Sr. Fernández Prado (P)* (Páx. 46.) *interveñen para posicionarse respecto das emendas.*

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para mellorar o sistema público de pensións. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 47.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 48.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 52.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)* (Páx. 53.) *e Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 55.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 57.)

O señor Fernández Leiceaga intervén por unha cuestión do orde. (Páx. 61.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para cubrir a demanda existente de prazas públicas en escolas infantís: *rexeitado por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de Dª Carmen Santos Queiruga, sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Ministerio de Xustiza do aumento da planta do Ministerio Fiscal en Galicia e a súa dotación cun maior número de recursos, así como á Fiscalía Xeral do Estado da creación dunha fiscalía anticorrupción exclusiva para Galicia: *rexeitado por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre a elaboración polo Goberno galego dun estudo de viabilidade do rescate da autoestrada AP-9 para a súa xestión pública: *rexeitado por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para mellorar o sistema público de pensións: *rexeitado por 20 votos a favor, 40 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 64.)

A señora Prado del Río (P) intervén para dar lectura ao texto da transacción.(Páx. 64.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Paula Prado del Río e quince deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a mellora do marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles e a solicitude á Delegación do Goberno e á Fiscalía do asinamento entrementres dun acordo bilateral ao respecto, así como a actuación que debe levar a cabo naqueles casos en que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social: *aprobado por 54 votos a favor, 20 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a conexión de Galicia, as comunidades do norte de España e a rexión norte de Portugal co corredor atlántico na revisión do Regulamento do mecanismo «Conectar Europa» que se vai realizar no ano 2018 e mais da Proposición non de lei do G. P do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luis Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dunha estratexia global a favor do transporte ferroviario de mercadorías e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Pax. 65.)

A señora Toja Suárez (S) intervén para dar lectura ao texto da transacción.(Páx. 66.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Dolores Toja Suárez e D. Julio Torrado Quintela, sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar a substitución dos helicópteros Sikorsky S-76 C+, coñecidos como *Pesca I* e *Pesca II*, polos Dauphin 365 que pertencían á Xunta de Galicia no ano 2005: *rexeitado por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

O señor López Crespo (P) intervén para explicar o seu voto. (Páx. 66.)

Interpelación de D. José Manuel Lago Peñas e D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en materia de emprego. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lago Peñas (EM).* (Páx. 67.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López).* (Páx. 70.)
Réplica do autor: *Sr. Lago Peñas (EM).* (Páx. 72.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López).* (Páx. 74.)

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego da recente viaxe a China do presidente da Xunta de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 76.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López).* (Páx. 77.)
Réplica do autor: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 78.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López).* (Páx. 79.)

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a ausencia de representantes da Xunta de Galicia no congreso organizado polo Eixo Atlántico en Braga os pasados días 8 e 9 de xuño. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 80.)
Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 81.)
Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 83.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 84.)

Pregunta de Dª Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da modificación da súa política fiscal en relación coa produción de enerxía eléctrica. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 85.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 87.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 88.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 88.)

Pregunta de D. David Rodríguez Estévez e catro deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación co estado de contaminación que presenta o río Pesqueiras, ao seu paso polo concello do Saviñao, como consecuencia das verteduras dunha central láctea nas súas augas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez Estévez (EM).* (Páx. 90.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 91.)
Réplica do autor: *Sr. Rodríguez Estévez (EM).* (Páx. 92.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleirs de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 93.)

Pregunta de Dª Eva Solla Fernández e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre as medidas desenvolvidas polo Goberno galego en relación coa problemática referida á cementeira de Narón e o cumprimento da legalidade vixente. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 94.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 95.)
Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 97.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 97.)

Pregunta de D. Carlos Enrique López Crespo e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a relación e o contido dos proxectos máis importantes do Centro Tecnolóxico do Mar nos últimos anos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. López Crespo (P).* (Páx. 98.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 99.)
Réplica do autor: *Sr. López Crespo (P).* (Páx. 101.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 101.)

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a data prevista polo Goberno galego para a execución das actuacións necesarias para rexenerar e mellorar a produtividade marisqueira da zona dos Lombos do Ulla, na ría de Arousa. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 102.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 103.)
Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 104.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 105)

Remata a sesión ás dúas e cincuenta e dous minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión co punto 6 da orde do día, que se corresponde co de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Comezamos cun debate de xeito acumulado que se corresponde coas preguntas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario de En Marea.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a asunción de responsabilidades polo esnaquizamento do sistema financeiro galego

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a actitude do Goberno galego respecto da protección dos pequenos aforradores

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a pregunta a representante do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)

¿Si, señora Pontón? ¿Para que quere a palabra?

A señora PONTÓN MONDELO: Pois para unha cuestión de orde que ten que ver, precisamente, co que vostede está anunciando neste momento e que supón a acumulación de dúas preguntas de dous grupos diferentes durante o debate da sesión de control.

Trasladeille a vostede persoalmente, e tamén quero que hoxe quede constancia nesta Cámara, o noso profundo desacordo con este procedemento, que claramente significa desvirtuar o sentido da sesión de control, e ademais trampear os tempos de debate para beneficio do señor Alberto Núñez Feijóo.

Nós, desde logo, o que lle pediriamos a vostede e ao presidente é que respecte que no único momento que temos durante o mes de poder interpelar directamente a Alberto Núñez Feijóo isto non se desvirtúe, e, sobre todo, que se o presidente quere vir facer turnos acumulados e unha comparecencia, pois nós pediriámoslle que compareza, que nos parece moi ben que o presidente compareza, pero pensamos que o sentido preciso que teñen as sesións de control é un debate de «tú a tú» e non o que vostede vai facer, trampeando as regras de xogo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(O señor Villares Naveira pide a palabra.)

¿Si, señor Villares? ¿Para que quere a palabra?

O señor VILLARES NAVEIRA: No mesmo sentido.

Tal como me dirixín tamén en nome do Grupo Parlamentario de En Marea á Presidencia e a vostede anteriormente, quero manifestar a nosa desconformidade coa forma de acumulación, que entendemos indebida polas mesmas razóns que acaban de ser expostas aquí. Estamos ante un debate, ante un momento, que é crucial na vida parlamentaria, ante unha formulación dunha cuestión ao presidente do Goberno que pode ser asumida desde distintos enfoques e que, polo tanto, merece un tratamento separado; tratamento separado que, polo tanto, reclamamos aquí en sede parlamentaria con ocasión deste pleno.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

¿Algunha intervención máis? *(Negación.)* Grazas.

Pois eu estou aplicando o Regulamento, artigo 78.2 e artigo 59.1: cando dúas cuestións estean relacionadas, ha de haber unha soa resposta. Economía procesual, creo que debemos telo claro. Hai múltiples antecedentes de acumulación neste Parlamento. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, perdoe, iso está contemplado no Regulamento. Hai moitos antecedentes de acumulación de preguntas, e véñenme agora á cabeza, porque, como son o deputado máis veterano, pois recordo moitas acumulacións, e nunca houbo problema: sobre o aborto, sobre a hepatite, sobre os libros de texto... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Teño iso moi claro.

En todo caso, este presidente non ten ningún inconveniente en que, se todos os grupos están de acordo, se cambie o Regulamento e se borre iso de que está prohibido que se poidan acumular as preguntas. Se se poñen todos os grupos... Non, o debate creo que está pechado. Non, non, eu dixen: «se se poñen de acordo». *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, por iso digo, pero que non exista esa potestade, que non exista. *(Murmurios.)*

Terminou. Imos ás preguntas. As preguntas vanse formular agora e, en todo caso, pois podemos comprobalo.

Comeza, polo tanto, vostede, señora Pontón Mondelo, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Gustaríame, desde logo, que a nosa opinión se tivera en conta, e non que isto quede a modo de anécdota.

En todo caso, imos á cuestión.

Señor Feijóo, non sei se ve esta moeda que teño nas miñas mans. Por se vostede non a distingue, xa llo digo eu, isto é 1 euro; 1 euro que para o común dos mortais non nos dá nin para un café, pero que lle chegou a Ana Botín para facerse cos restos do sistema financeiro

galego, metendo na súa cesta da compra o Banco Popular-Pastor, cun euro. 1 euro co que gaña a banca e perde Galiza. *(Aplausos.)*

¿E que perdemos, señor Feijóo? Perdemos definitivamente unha entidade bicentenaria, perdemos un punto de apoio ás pemes e ás familias, perdemos porque hai 60.000 aforradores que están sendo estafados pola banca e polo Goberno e perdemos porque hai máis de 1.000 empregos directos en xogo.

Cando vostede chegou á Xunta de Galiza, aquí existían: Caixa Nova, Caixa Galicia, Banco Gallego, Banco Pastor. Non queda nada. Este é outro mérito que vostede pode escribir no seu excelente curriculum como presidente da Xunta de Galiza: a liquidación do sistema financeiro galego, que non sería posible sen a súa complicidade.

E, por unha vez, pídolle que non se poña de perfil; este non é un problema de competencias, é un problema de incompetencia. No mesmo marco, Cataluña e Euskadi mantiveron La Caixa e a Kutxa, proba evidente de que non é un problema de competencias, é un problema de incompetencia.

Supoño, porque isto xa é un clásico destas sesións de control, que na súa resposta volveranos coa letanía de que todas somos culpables menos vostede, porque, claro, só leva nove anos instalado comodamente en Monte Pío. Pero o certo é que o final desta crónica puido escribirse doutra maneira. Puido evitarse a absorción do Pastor, porque está á vista que foi unha nefasta decisión, pero non o fixeron; puido evitarse a caída do Banco Popular, suspendendo a cotización en bolsa, como despois fixeron con Liberbank tres días despois, pero non o fixeron; e puido evitarse que 60.000 aforradores e aforradoras teñan que volver aos xulgados a reclamar os aforros da súa vida. Pero non o fixeron, e teñen que explicar por que. Teñen que asumir as súas responsabilidades, pois a estafa bancaria xa nos custou máis de 60.000 millóns de euros, sete veces máis o orzamento da Xunta de Galiza, e o problema da banca segue aí.

E dígolle de verdade: o que non é de recibo é que vostede despache este asunto con bágoas de crocodilo á saída dun Consello da Xunta e que se limite a pedirlle sensibilidade ao Banco Santander. Iso é como pedirlle a un lobo que non zampe as ovellas.

Señor Núñez Feijóo, exixímoslle que non nos tome máis o pelo, exixímoslle que asuma as súas responsabilidades, porque hai moito en xogo para este país e para moita xente que pode perder os seus aforros e o seu emprego.

E por iso pregúntolle se vai vostede facer algo, se vai asumir as súas responsabilidades, ou se simplemente vai vir aquí xustificar unha nova estafa bancaria, unha nova estafa a Galiza.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Ten a palabra o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, a liquidación do Banco Pastor-Popular é o epitafio do sistema financeiro galego; unha entidade galega de 250 anos, que resistiu o crack do 1929, unha guerra civil, dúas guerras mundiais, a ditadura franquista, e non foi quen de resistir nove anos da era Feijóo.

Asistimos á fase final dun sistema, dun proceso de concentración do poder financeiro, decidido pola gran banca, que reduce a competencia real no sector. Ademais, produce a centralización do poder financeiro, que antes estaba reducido e repartido nas comunidades autónomas, como a nosa, por medio das caixas aforro. Con isto perseguiuse un dobre obxectivo: dunha banda, político, sacarlles ás comunidades autónomas unha ferramenta fundamental para a promoción do desenvolvemento económico, e, doutra banda, financeiro, eliminar un forte competidor para os bancos.

Así, coa limitación das caixas, eliminouse a economía financeira, a autonomía da Comunidade Autónoma e eliminouse un obstáculo para a expansión dos bancos.

A banca pública, que existe en moitos países liberais do noso contorno, é garantía da diversidade do ecosistema financeiro galego, e facía de cortalumes á voracidade incendiaria dos bancos. ¿Onde estaba o PP para defender esa diversidade financeira? Mesmo unha liberal como Aguirre defendeu o carácter público de Bankia.

Arrasada a banca pública, había que rematar agora coa pouca diversidade financeira que restaba. O Banco Santander é o eucalipto do sistema financeiro galego, acabou coa diversidade e empobrece o territorio. Unha paisaxe desoladora. Pero, ademais, non estamos ante unha quebra máis, estamos ante un espolio; abonda ver a agonía do banco, sometido a ataques especulativos que remataron por afundilo, nuns mercados onde os rumores de afundimento implican afundimento.

As preguntas que xorden son evidentes: ¿por que a dirección do Banco Popular non tomou medidas anteriormente á situación de liquidez? ¿Por que os organismos reguladores non evitaron os ataques especulativos nos mercados bursátiles sobre o banco, como si fixeron con Liberbank? ¿Non podían suspender a cotización en bolsa para evitar a redución a cero do valor das súas accións, como fixeron no seu día tamén con Bankia? ¿Por que as autoridades monetarias europeas dixeron que toda a banca española superaba os test de estrés bancarios? ¿Onde estaba o Banco de España?

Calquera presidente preocupado polo seu país estaría indagando a resposta a estas preguntas, pero o señor Feijóo é un presidente manso e mudo, como xa amosou cos orzamentos do Estado, cos prazos do AVE e coa transferencia da AP-9.

Señor Feijóo, ¿que pregunta se fai vostede en relación co caso Pastor? Ningunha, porque vostede sempre foi moito de eucaliptos. ¿Por que non fixo nada? ¿Por que ninguén fixo nada? Porque a operación ía dirixida a que o Banco Santander quedase co Pastor.

Detrás desta operación non hai un banco, hai un voitre, porque o banco Santander nin é banco nin é de Santander. O maior accionista do Santander é un fondo de investimento norteamericano chamado Blackrock, e a cifra de negocio do Santander no Estado apenas acada un 12 % do total.

O Banco Pastor-Popular tiña unha política financeira de acceso a créditos a familias e pemes que dinamizaba a economía galega, formaba parte do seu ecosistema, e, pola contra, o Santander converterá o país nun grande eucaliptal financeiro. O Santander explota a banca como a Xunta explota o monte: de costas á xente; o negocio duns poucos á custa das maiorías, causando estragos en todo o país.

Ademais, produciuse unha estafa con esta operación, igual que sucedeu coas preferentes: o 65 % dos pequenos accionistas ten menos de 3.000 euros investidos en accións, pequenos accionistas que son estafados; 65.000 galegos e galegas que confiaron nos axentes das oficinas, pero sobre todo confiaron nun regulador bursátil e nun Banco de España que dixeron que os bancos estaban saneados.

¿Que pensa que deberiamos de facer fronte a esta estafa masiva? —Vou rematando.—

A situación social para Galicia é moi grave. Con este espolio desaparece todo o sistema financeiro galego. A compra do Pastor polo Popular provocou xa a perda de postos de traballo, e xa non queda xente á que prexubilar, e isto nun sector xa golpeado pola crise, posto que nos últimos oito anos perdeu o 36 % das oficinas e 6.000 traballadores.

¿Calculou vostede o drama, en termos de emprego, que isto vai supoñer? En 113 concellos, oficinas repetidas do Banco Pastor e do Banco Santander. ¿Calculou vostede a perda de emprego que isto significa? A dificultade de acceso ás oficinas bancarias por parte da poboación rural a causa dos peches ocasionados pola contra chámase exclusión financeira. ¿Sabe vostede o que vai aumentar a exclusión financeira do rural?

En conclusión: paro, peche de oficinas, exclusión financeira, fin da obra social, dificultades para o acceso a pemes e familias.

¿Vostede do lado de quen está? ¿Da diversidade ou do eucaliptal? ¿Do lado da cidadanía de Galicia ou do lado dunha familia que se chama a si mesma Botín?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares. Terminou o seu tempo.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, se queremos falar en serio deste asunto, eu, dende logo, vouno facer. Sería, como mínimo, imprescindible contextualizar unha situación; a situación do sistema financeiro en

Galicia, en España, en Europa e en boa parte do mundo occidental. Vivimos nos últimos anos unha crise sen precedentes nestes sistemas financeiros que fixo desaparecer entidades de crédito en todo o mundo. Decenas de bancos quebraron e tamén perdemos miles de postos de traballo en todo o mundo. Iso, ademais, conlevou noutros casos necesidades de facer grandes axustes polas perdas das entidades financeiras, e, en moitos países, un rescate bancario con fondos públicos, ao que, por certo, vostedes estaban absolutamente en contra.

Todos lembramos a caída de Lehman Brothers, o rescate dos bancos de Irlanda, de Gran Bretaña, de Alemaña, de Holanda, sen esquecernos de Portugal; máis recentemente neste momento se está discutindo en Alemaña o seu primeiro banco e en Italia varios bancos. E neste contexto, obviamente, Galicia, como parte de Europa, viuse afectada. Créame que o sei moi ben, porque levo traballando para isto bastante tempo.

Señoría, a reestruturación da banca en España tivo como consecuencia, de 45 caixas de aforro, a eliminación de todas, salvo 2, pequenas caixas, unha en Ontinyent e outra en Pollença. De 45, 43 eliminadas. A reestruturación da perda de oficinas afectou toda España. A media de perda de oficinas en España foi de 37,5 % do total de oficinas de bancos e caixas, e en Galicia un pouco menos, o 36,9 %. Por exemplo, en Cataluña, a perda de oficinas foi de dez puntos máis que en Galicia, o 48 %; en Valencia, o 42 %; en Madrid, o 41 %, etc.

¿Cal é a orixe dos problemas, por empezar a falar das caixas, por suposto? Dixémolo dende o principio, tres cousas: o incremento desproporcionado do crédito inmobiliario, a excesiva implantación de oficinas fóra da comunidade autónoma e o incremento da morosidade galopante nas operacións das caixas de aforro galegas fóra da comunidade autónoma.

Señora Pontón, vostede estaba no Goberno. Si. Vostede non, evidentemente, señoría, o seu grupo estaba no Goberno; o seu grupo e o Partido Socialista Obreiro Español, cando todo isto ocorría. Estou dando datos de cando o PP se foi do Goberno da Xunta e de cando chegou no ano 2009. No ano 2005, o risco inmobiliario das caixas galegas era de 3.500 millóns; cando chegamos ao Goberno era de 17.000.

¿Señora Pontón, a que se adicaba vostede como gran representante do país? Á excesiva implantación fóra das oficinas de Galicia. Si, 292 oficinas durante estes catro anos do Bipartito. O 93 % delas fóra de Galicia. E a morosidade das caixas galegas cos clientes fóra da comunidade autónoma triplicaba a morosidade dentro de Galicia.

Polo tanto, señoría, tiñamos dúas posibilidades: o que quería o Partido Socialista, que era que as caixas de aforro galegas desapareceran, ou o que quería a maioría de Galicia, inicialmente incluso apoiada polo BNG, que era intentar que as caixas galegas mantiveran unha sede bancaria en Galicia, unha ficha bancaria en Galicia, os traballadores en Galicia, os servizos centrais en Galicia e o comité de riscos en Galicia. Non me apoiou ao final ninguén; incluso houbo partidos políticos que fixeron manifestacións a favor de directivos que, lamentablemente —digo lamentablemente—, hoxe están na cadea. Esa é a historia da reestruturación financeira de Galicia.

Agora ben, señoría, agora ocorre outra cousa, agora resulta que vostedes descobren que o Banco Pastor se liquidou. Señoría, hai seis anos que o Banco Popular comprou o Banco Pas-

tor. Polo tanto, hai seis anos que o Banco Pastor non existe, e agora o que ocorre é que o Banco Popular, señorías, acaba de ser liquidado.

Miren, señorías, non vou entrar nesas consideracións, entre outras cousas porque, como saben, as capacidades de investigación e de inspección dun banco cotizado en bolsa de calquera comunidade autónoma do Estado son cero. Agora, vou dicir, por suposto, o que penso. Creo que hai que investigar o que ocorreu, creo que hai que investigar, como mínimo, as últimas ampliacións de capital e emisións de accións; creo que hai que investigar ese folleto que saíu; e creo que hai que investigar as condicións en que moita xente comprou accións do Banco Popular nas últimas ampliacións de capital. Na miña opinión, hai que investigalo ata o final.

E vou dicir, loxicamente, cal é a opinión do Goberno. Miren, o primeiro compromiso deste goberno é intentar manter o emprego; o segundo, na miña opinión, que vai ligado ao primeiro, é manter a marca Banco Pastor, porque, se non mantemos a marca, probablemente o emprego sufrirá excesivamente máis do previsto. E, en terceiro lugar, hai que velar polos pequenos accionistas, señoría. Aquí non hai bancos malos e bancos bos. Xa sei que para vostedes o Banco Santander é un eucalipto e, segundo o BNG, é un lobo. Parece que o Banco Popular era, dende logo, un cordeiro. *(Risos.) (Aplausos.)*

Mire, señoría, ¿sabe o que imos facer? O que imos facer, señoría, é, como sempre, defender a Galicia. O primeiro que fixen ás 72 horas de ter coñecemento é dirixirme por escrito á presidenta do Banco de Santander e recordarlle tres consideracións por parte do Goberno galego: en primeiro lugar, que os empregados do Banco Popular Pastor non teñen ningunha responsabilidade; é máis, a moitos deles obrigóuselles a comprar accións do banco. Polo tanto, neste momento teñen accións valor cero e están en perigo os seus postos de traballo. Segunda proposta, que manteñan a marca Banco Pastor. ¿Por que? Porque creo que iso beneficia os traballadores, e a min o que me preocupan son os traballadores. E a terceira proposta: que aos accionistas que acudiron ás últimas ampliacións de capital hai que facer unha peza separada para estudar como se lles pode indemnizar.

Señoría, a presidenta do Banco Santander remitiume unha carta de contestación onde di que vai estudar todas e cada unha das consideracións trasladadas polo presidente da Xunta, e chamoume para reiterar esas propostas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Miren, señorías, namentres vostedes están dicindo que hai bancos bos e bancos malos —cando lles interesa, porque como saben vostedes, segundo a terminoloxía das Mareas de Podemos, os verdadeiros okupas son os bancos—... É sorprendente, señoría, que agora vostede defenda os verdadeiros okupas, sobre todo...

O señor PRESIDENTE: Remate, remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...coñecendo os seus antecedentes.

Señora Pontón, síntome moi orgulloso do que fixen polo meu país na reestruturación bancaria; volvería facer o mesmo. Hoxe en Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...pódese valorar máis que nunca o que fixo o Goberno galego e que haxa unha entidade, Abanca, en Galicia, con sede e domicilio social.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor Feijóo.

Alégrome de que, polo menos, vostede hoxe rectificara no medio da súa intervención e nos recoñeza que o Banco Pastor seguía operando, porque é que, se non, o debate xa non tería ningún tipo de sentido.

Mire, o Bloque Nacionalista Galego non estaba en ningún consello de administración das antigas caixas. Si que creo que membros do Partido Popular e do Partido Socialista estaban aí, sendo cómplices do que pasaba nesas caixas. *(Aplausos.)* O BNG nin estaba nin foi cómplice.

E sabe vostede perfectamente que nós o que intentamos foi salvar o sistema financeiro galego, pero vostede permitiu dobregarse aos intereses deses ex-directivos dos que agora renega —lembre a modificación da Lei de caixas que impulsou neste Parlamento— e poñer en marcha unha fusión coa que non garantiu a continuidade das caixas.

E, mire, o contexto era o mesmo para Euskadi e para Cataluña que para Galicia. Ten vostede o mal costume de estar sempre mirando para os que están peor e non mirando para os que están mellor, e así nunca vai avanzar este país. O contexto tamén era o mesmo para Alemaña, que ben que mantivo o seu tecido de caixas e se preocupou por el. Vostede aquí foi o cómplice necesario para liquidar o sistema financeiro.

Pero, mire, a pregunta que nós temos que facer hoxe é: ¿onde estaban vostedes mentres se poñía en marcha a liquidación do Banco Pastor?, ¿onde estaban? Temos informacións que falan, señor Feijóo, de que había comunidades autónomas que sabían que se ía producir a venda por un euro. ¿Vostede sabía ou non? ¿Fixo algo ou simplemente volveu ser cómplice necesario dunha operación que ten gravísimas consecuencias para o noso país? Ten que dicirnos, señor Alberto Núñez Feijóo, onde estaba vostede cando liquidaban o Banco Pastor, ¿en Babia? Díganolo, porque é importante. Onde non estaba era defendendo os intereses de Galicia.

Pero, mire, nós queremos facerlle catro propostas de futuro, que son catro compromisos importantes para este país: fagamos unha fronte común neste Parlamento co Goberno para

que realmente se manteña a marca do Banco Pastor, para que se garanta o emprego, para que garanta a rede de oficinas e a subministración do rural e tamén para que se garanta o retorno dos beneficios da banca a través da Fundación Barrié de la Maza. Porque, mire, unha conversa telefónica que logo non se plasma en compromisos concretos pois ten o mesmo valor que esas conferencias que se marca Rajoy con Trump.

En segundo lugar, cremos que é importante que haxa unha solución para as 60.000 persoas —non para os das últimas ampliacións de capital— que están sendo estafadas pola banca, coa complicidade do Goberno. Solución para todo o mundo, iso é o que ten que reclamar o Goberno galego.

En terceiro lugar, alégrame escoitarlle que vostede se suma á proposta que xa fixemos nós de que ten que haber unha investigación. A clave é: ¿vaise aceptar a ampliación do obxecto de investigación da Comisión das Caixas, pero para facer unha investigación de verdade, sen vetos, sen censuras, sen poñerlle obstáculos a esa...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...comisión ou imos seguir, como neste caso, igual que coa Comisión das Caixas, cunha comisión que non investiga absolutamente nada?

E, por último, señor presidente, para nós o que cada día é máis evidente é que neste país o que se necesita é unha banca pública galega. Mire, con menos do 0,001 % do que gastaron nese escandaloso rescate da banca, teriamos posto en marcha unha entidade de crédito...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...do noso país que atendera as necesidades de Galiza. Na súa man está facer algo ou simplemente vir aquí tomarnos de novo o pelo con titulares, pero logo...

O señor PRESIDENTE: Señora Pontón, rematou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: ...os feitos do Goberno galego. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Señor Núñez, a crise tivo efectos desiguais para a xente, e afectou as maiorías sociais e non afectou os bancos, non afectou a todo o mundo por igual. Aumentou a pobreza e a exclusión social, aumentou a perda de dereitos, reducíronse os dereitos sociais, e todo aderezado cunha redución de liberdades civís mediante a Lei mordaza para que, precisamente, os afectados polas estafas bancarias, como os desafiuzados, como os preferentistas, non puidesen protestar. Mentres tanto, o capitalismo de amiguetes facía das súas, e isto en tempo real e isto co Banco Popular Pastor. É sospeitoso —e así o pensa o Banco Central Europeo— que o Banco Popular Pastor perdese entre decembro e abril 7.000 millóns de euros en depósitos ante a incerteza da información privilexiada que tiveron algúns de se ían recuperar ou non ese diñeiro. ¿Quen recibiu ese chivatazo? ¿A quen beneficiou

e a quen prexudicou? Estas preguntas fainas o Banco Central Europeo, pero a De Guindos non lle preocupa. ¿A vostede preocúpalle?

Máis estafa. Soubemos esta semana que os 60.000 millóns de euros que utilizamos todos os cidadáns para rescatar a banca española non van ser devoltos nunca e que se dan por perdidos. Mentres que as familias por un ou por dous pagos da cota dunha hipoteca foron desafiuzados por estes mesmos bancos, estes mesmos bancos quedan agora con 60.000 millóns de euros a cambio de nada. ¿Afectou a todos a crise por igual? Por suposto que non.

Máis regalos relacionados co Banco Pastor, indemnizacións de altos cargos. Ao peche do 16 os xestores do Popular acumulaban 53 millóns de euros; no caso de José María Arias 15,6 millóns de euros —Arias Mosquera, presidente do Banco Pastor ata que se adquiriu polo Popular en 2011 e vicepresidente deste último—, que ordenou destruír documentos por un presunto delito de blanqueo de capitais. Desta operativa beneficiáronse sociedades investigadas no marco da operación Gürtell por importe de máis de 1.200 millóns de euros, segundo revelou onte mesmo a investigación.

Non tivo tempo de ver este señor a quebra do banco porque estaba coa trituradora, como fan no Partido Popular cos discos duros de Bárcenas, a martelazos cos nosos intereses. ¿Parécelle este señor un bo xestor económico? Débello parecer porque Arias é o presidente do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela. ¿Sabe quen o nomeou? Efectivamente, vostede. Vostede, porque sempre se rodea dos mellores, os que obstrúen a acción da xustiza e encobren o delito, os que solo pensan en si mesmos.

Remato cunha proposta.

Alegrámonos desde En Marea de que estea vostede de acordo con pular pola marca do Banco Pastor. Nós pensamos que o Banco Pastor funcionaba en Galicia como filial do Popular e que iso funcionaba ben, que era un remedio dentro do malo, dentro do dano causado co sistema financeiro galego. Para o futuro todo será do Santander. A sociedade galega, pola contra, como estamos aquí manifestando, quere conseguir que o Santander manteña o Banco Popular como unha filial. ¿E isto por que? Primeiro, porque, de facelo, se mantería como marca propia, mantería oficinas abertas e, en consecuencia, mantería máis postos de traballo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Ademais —e vou rematando—...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...debemos garantir mecanismos áxiles de investigación e recuperación de activos para eses pequenos accionistas que foron verdadeiros estafados.

Falaba vostede da usurpación. Aquí defenderon onte unha serie de medidas procesuais para 46 casos en Galicia o ano pasado; 22.000 casos xa presentados nos xulgados ou anunciados en relación con este asunto de estafa masiva.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: ¿Vai estar vostede do lado das maiorías estafadas ou vai estar vostede do lado dos bancos?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares. Rematou o seu tempo.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señora Pontón, o pasado está escrito. Vostedes deixáronme unhas caixas de aforro quebradas, as dúas, e ademais non me dixeron nada, absolutamente. *(Murmurios.)*

Di que o BNG non estaba no Consello de Administración. Teño o nome aquí dunha portavoz do BNG en Lugo que estaba no Consello de Administración, pero dáme igual. *(Murmurios.)* Non, non, xa sei que non, pero se vostede é capaz de negar que non deixaron as caixas quebradas, ¿que máis lle dá dicir que compañeiras súas non estaban no Consello de Administración das caixas?

Mire, señora Pontón, di que nós tivemos conivencia cos directivos. Quen modificou a Lei de caixas para ampliar os períodos de xubilación dos directivos foron vostedes e quen denunciou os directivos por unha modificación contractual impropia fomos nós. E o Banco de España ten esa carta asinada polo presidente da Xunta denunciando esas indemnizacións impropias que deron lugar a penas de prisión —lamentablemente, insisto— de directivos das caixas de Galicia.

Polo tanto, señora Pontón, mire, sobre Galicia e sobre os seus compromisos e a súa defensa, nada teño que copiar do BNG, absolutamente.

Vostedes, en principio, apoiaban a fusión, pero despois descolgáronse. ¿Sabe por que? Porque sabían que era moi difícil manter unha entidade financeira en Galicia, porque sabían que era moi difícil manter 5.000 empregos en Galicia, porque sabían que era moi difícil manter o comité de risco e os servizos centrais e porque sabían que era moi difícil manter as empresas informáticas e as empresas de atención a teleoperadoras en Galicia. E por iso nos deixaron sós ante o Goberno do Partido Socialista Obreiro Español. Esa é a historia, señora Pontón, esa é a historia que está metida dentro do BNG.

Xa sei que vostede agora fala da banca pública. Entón, ¿para que quere bancos? ¿En que quedamos?, ¿nacionalizamos a banca ou mantemos os bancos e o sistema bancario europeo? Mire, señora Pontón, non se pode estar a favor e en contra sempre de distintas consideracións.

Mire, non nos temblou a man, recorremos os decretos do Partido Socialista, recorremos os decretos do Partido Popular, denunciamos as valoracións das caixas que fixo o FROB e estivemos ao lado dos aforradores. Vostedes estaban en contra da arbitraxe das preferentes, e

volveron deixarnos sós. Conseguimos que 40.000 familias recuperaran as preferentes, señoría; ¡conseguimos que 40.000 familias recuperaran as preferentes! E temos aquí, señoría, as fechas de emisión das preferentes, todas, salvo 130 millóns de euros, en tempos do Partido Socialista Obreiro Español gobernando en Madrid co apoio do BNG. Xa sei que lle molesta que lle recorde a historia. Eu teño que asumir a miña propia historia persoal sempre, debería vostede asumir a súa. Señora Pontón, de lecciónns, nada.

Mire, eu non falei por teléfono. Eu o que fixen foi coller un papel —¿sabe por que?, porque o papel ten conta do que se lle pon— e remitilo con membrete da Xunta de Galicia; papel do presidente —bastante antes de que vostede empezara a falar, por certo— e dicirlle ao Banco Santander cal é a proposta do Goberno da Xunta de Galicia. O Banco Santander remitiu a súa contestación tamén por escrito e, posteriormente, mantivemos unha conversa telefónica.

As propostas da Xunta de Galicia son coñecidas. Preocúpanos moitísimo o emprego, 1.000 empregos do Banco Popular Pastor e entre 600 e 800 empregos do Banco Santander en Galicia. Preocúpanos o solapamento de oficinas, 110 concellos con solapamento de oficinas entre o Banco Santander e o Banco Popular. Preocúpannos os 60.000 aforradores galegos que tiñan accións dese banco e que se converteron a cero. Preocúpanos a marca Pastor, porque cremos que, mantendo esa marca, é bo para os traballadores, non para o Banco Santander.

Mire, señora Pontón, supoño que, se mantén a marca, será porque o BNG o plantexou e, sen non a mantén, será por culpa de Feijóo. *(Murmurios.)* Esa é a proposta á que estou acostumado. Pero, claro, é evidente que en toda posibilidade hai quen lles gane, porque, miren, despois de ver os recentes acontecementos de Galicia e o problema dos okupas en Santiago, hoxe entereime de que os verdadeiros okupas son os bancos que defende o portavoz das Mareas de Podemos. ¡Iso é sorprendente, señoría! Agora resulta que vostede defende os bancos, e hai un banco malísimo, que é o Banco Santander, e un banco boísimo, que era o Banco Popular. Pois, oia, o Banco Santander non estaba xestionando o Banco Popular. ¿Agora resulta que os directivos doutros bancos son responsables da dirección dese banco que vostede considera que lle interesaba moito ás familias? Moito non lles interesaba, miren o que fixeron co banco. ¿Non se dá conta de que eu defendo os galegos e vostede o único que defende son os seus plantexamentos ideolóxicos? ¿Non se dá conta de que eu só me debo ao meu pobo e de que vostede non ten ningunha débeda con ninguén? *(Aplausos.)* ¿Non se dá conta, señoría, de que eu son libre para dicir o que penso en defensa de Galicia e vostede ten que consultar cada unha das cousas e parágrafos que le? *(Aplausos.)* ¿Non se dá conta, señoría? ¿Non se dá conta disto?

Mire, señor das Mareas, vostede, abusando da súa inmunidade parlamentaria, acaba de imputar unha serie de delitos en cadea a unha persoa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* (*Algúns deputados e deputadas:* Siii.) Si, señoría, e por iso os galegos cada vez que vostede fala entenden a miña reflexión: ¡que sorte tivo a xustiza coa súa saída e que mala sorte tivemos na política coa súa incorporación!

Máis nada e moitas grazas, señorías. *(Prolongados aplausos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego de atención aos maiores

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días, señor Núñez Feijóo.

Os nosos maiores merecen ter prioridade nas políticas da Xunta de Galicia. Cando remate esta lexislatura, haberá cerca de 700.000 persoas en Galicia con máis de 65 anos, un continxente de poboación en franco ascenso, mentres o conxunto da poboación se estabiliza ou cae.

Temos un sistema de pensións con niveis insuficientes, particularmente en Galicia, e en certo risco, temos un sistema sanitario afectado polos recortes e temos unha atención á dependencia —que é da que imos falar hoxe— vítima da austeridade, moi deficiente e mal xestionada en Galicia. É certo, a crise económica e fiscal de España afectou o desenvolvemento da Lei de dependencia. Pero tamén houbo decisións políticas en España e en Galicia. En España o señor Rajoy recortou a ambición da atención á dependencia coa Lei 20/2012, e reduciu o seu financiamento 35 millóns de euros anuais. E en Galicia vostede impulsou unha xestión morosa e cicatera de atención aos dependentes, especialmente na atención residencial, nas residencias; unha política que merece unha resposta e unha rectificación.

Fíxese o que di a valedora do pobo no seu último informe: «Como en anos anteriores, son frecuentes os atrasos nos procedementos de dependencia, nas residencias, nos discapacitados, etc.». Non vou ler máis citas; hai moitas, pero esta resume o que quero dicir. ¿Por que falamos de xestión morosa? Porque ás veces con demasiada frecuencia transcorren máis de dous anos desde que se inicia o procedemento cunha solicitude até que se recibe a prestación.

¿E por que falamos de xestión cicatera? Porque forzan as persoas maiores a optar por unha libranza, máis económica para a Xunta, ou por seguir nunha lista de agarda imposible para poder entrar nunha residencia.

Fíxese o que dixo sobre isto a valedora: «Os servizos residenciais en lista de espera prolónganse moito tempo. Non se xustifica o incumprimento dos prazos legalmente previstos para facer efectivos os dereitos subxectivos».

Seguindo o calendario de implantación da Lei de atención á dependencia, nos últimos cinco anos aumentaron os beneficiarios nun 38 %. Está ben. ¿Pero sabe canto aumentaron as prazas de residencia? Un 9 %. Están obrigando as persoas a optar polas prestacións máis económicas para a Xunta, renunciando a ofrecer as prazas residenciais públicas e concertadas que os nosos maiores precisan e alí onde se precisan. Os maiores con recursos acoden a residencias privadas, que teñen un custo mensual de 1.500-2.000 euros —un campo aberto de actuación para as empresas privadas pola inacción da Xunta de Galicia—, pero os maiores que non teñen recursos dabondo para poder afrontar eses custos ou prescinden do seu patrimonio ou acaban pesando sobre as economías dos seus familiares ou sobre os recursos

dos seus familiares. Unha praza de financiamento público é hoxe, na Galicia de hoxe que vostede leva oito anos presidindo, unha misión imposible.

E agora diranos que vai facer sete novas residencias até o ano 2020. ¡Está ben, está ben! Veremos, porque xa prometeu no ano 2012 construír non sei cantas prazas. Pero, aínda que o cumpra, vai ser insuficiente, porque Galicia non resiste a comparación con outras comunidades autónomas. En Castela-León, con menos maiores, hai máis do dobre de prazas e máis do dobre de prazas de financiamento público. En Galicia, só hai o dobre de problemas para acceder ás residencias. Hai unha intensa demanda acumulada por anos de inacción. En 2012 prometía 2.500 prazas. ¿Cantas fixo? E, ademais, hai unha previsión de incremento do número de persoas maiores nos próximos anos que hai que atender.

¿Está satisfeito, señor Núñez Feijóo...,

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...con esa política de atención aos maiores?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, concordo con vostede en que as políticas dos maiores teñen que ser unha prioridade de calquera goberno de Galicia. E concordo porque os maiores non só son o 24 % do total da poboación de Galicia, senón que son aqueles aos que lles debemos máis respecto.

Por iso, señoría, imos seguir traballando, sen ningunha dúbida, e por iso me sinto razoablemente satisfeito, dadas as limitacións —das que vostede non falou— de orzamentos que tivemos durante os últimos oito anos, porque estivemos xestionando Galicia cunha media de 2.000 millóns de euros menos que cando vostedes a xestionaban. E, sen embargo, hoxe en Galicia hai máis prazas de maiores, máis dependentes atendidos, máis prazas de discapacidade e máis prazas de alzhéimer que cando vostedes gobernaban.

O primeiro que fixemos foi non falar de opinións, senón concretar políticas presupostarias: 375,6 millóns de euros adicamos á atención ás persoas maiores e á discapacidade. Iso é un 76 % máis que cando chegamos ao Goberno. Comprenderá que nos anos de recesión económica, nos anos de baixada continuada dos presupostos, que as partidas de atención a maiores e á discapacidade creceran un 76 %, con isto xa podería finalizar a resposta, señoría.

¿Pero en que investimos ese 76 %? Pois en prazas de maiores, en residencias e en centros de día, un 41 % máis, de 6.700 a 9.500 —tome nota, señor Leiceaga—; en discapacidade, un 11 % máis; en alzhéimer, un 106 % máis. Total: de 11.625 prazas a 15.158; porcentaxe de incremento, 30,4 %. En recursos de teleasistencia para os maiores, un incremento do 64 %.

Podo dicir que non hai un só galego que teña solicitado este servizo que non o reciba. E sigo: en melloras ao servizo de axudas no fogar, cando chegamos ao Goberno, 2.700. ¿Sabe cantas hai agora? 16.600. Incremento, 509 %.

Señor Leiceaga, estes son os datos. ¿Quere vostede profundar? Atención á dependencia. Cando chegamos ao Goberno, había 14.000 dependentes atendidos mensualmente; agora, 48.774, máis do triplo. *(Aplausos.)* A ratio de atención, señoría, pasou do 36 % ao 73 %, e as persoas que reciben atención a través de servizos profesionais pasaron do 41 % ao 78 %; 37 puntos máis.

Comprenderá, señoría, que estes son os datos. Se gastamos un 76 % máis en atención a maiores e en discapacidade, ¿de que se nos acusa?, ¿de que deberiamos gastar máis? Sen dúbida. ¿Pero temos máis capacidade para gastar? Ata o momento, non. Agora que empezamos a ter máis capacidade para gastar, ten vostede o meu compromiso de chegar ao final da lexislatura con 60.000 dependentes atendidos e ten vostede o meu compromiso de iniciar sete residencias nas sete cidades de Galicia, onde imos crear 900 prazas e crear 500 empregos.

¿Señor Leiceaga, non lle parece que é unha proposta razoable? ¿Señor Leiceaga, por que cando vostedes tiñan tanto diñeiro facían tan pouco e nós con menos diñeiro facemos moito máis? Señor Leiceaga, evidentemente, que... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¡Tranquilidade, señorías! ¡Pero se as cifras non deberían de incomodar a ninguén! Calquera parlamentario galego que se sinta orgulloso de selo ten que celebrar que Galicia hoxe teña máis prazas de residencia que nunca. *(Aplausos.)* En consecuencia, imos seguir traballando por este vieiro, non se preocupe, señor Leiceaga.

Agora ben, señor Leiceaga...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...—grazas— tomo nota da súa proposta. Sei que hai comunidades autónomas que están mellor que Galicia, pero tamén vostede sabe que Galicia está mellor que a media do Estado.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor presidente, señor Núñez Feijóo, debería facernos caso neste tema, aínda que só sexa por interese político. Fágalle caso tamén ao seu ex-conselleiro Hernández e aplique algo máis de corazón nas súas decisións políticas *(Aplausos.)* e

seguramente verá con outros ollos as propostas que lle vou facer, porque as consecuencias da súa xestión morosa e cicatera neste terreo e, especificamente, nas residenciais aos maiores, son particularmente dramáticas.

Recollía hai pouco a prensa que os hospitais buscan fogar a centos de maiores que non poden volver á casa porque precisan atención continuada e non temos no sistema público posibilidade de atención. ¿Sabe cantas prazas de residencia necesitamos para igualar a media española, igualar a media española a día de hoxe? 3.755. Estas son as prazas que necesitamos; non 900, 3.755, para igualar a media española en financiamento público; ¡financiamento público!, que é o que interesa.

Propoñémoslle a curto prazo que abra residencias públicas xa construídas e que levan pechadas en ocasións máis dun ano, bastante máis. Fun visitar na campaña a de Baleira, en Lugo, pero hai máis: en Foz, en Paradela, ampliación do Carballiño, en Cervo. Abra esas residencias, desbloquee o convenio coa Deputación de Lugo, que está poñendo á disposición trece residencias na provincia, e concerte esas prazas. E concerte inmediatamente mil prazas máis para dar saída á lista de agarda existente, moi ampla, demasiado ampla, nas residencias.

E a medio prazo impulse un programa ambicioso de construción de residencias públicas. Non as 900, imos máis alá, 2.000. ¿Sabe canto necesita para construír 2.000 prazas sobre o que xa ten previsto? Necesita 50 millóns de euros adicionais. Está renunciando vostede a 60 millóns de endebedamento público que podería aplicar aquí, ¡úseos!

Entrar nunha residencia pública é unha misión imposible nestes momentos, señor Núñez Feijóo, e os maiores non poden afrontar os custos da residencia privada. ¿Sabe cal é a pensión media dunha persoa entre 75 e 79 anos en Galicia? Son 732 euros, e para as mulleres menos de 600. Non se poden afrontar con eses recursos prazas en residencias privadas.

Theresa May perdeu a súa maioría absoluta, entre outras cousas, polo que foi coñecido como o «imposto á demencia». Vostede está aplicando un imposto non dito, un imposto non formulado, aos maiores coa súa política residencial, obrigándoos a optar pola libranza ou por unha residencia privada que moitos maiores con poucos recursos non poden obter.

Señor Núñez Feijóo, vivir máis anos é un enorme éxito social. Poder gozar deses anos adicionais de vida cunha atención pública suficiente é unha decisión política que vostede non tomou. Está condenando aos maiores con menos recursos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...á necesidade e á incerteza. Cambie de política e garanta un futuro máis digno e mellor para as persoas maiores.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, agora que vostede recuperou o corazón, despois de votar de forma continuada non a esa comisión de investigación, a min dáme a sensación de que vostede non é que recuperara o corazón, vostede recuperou o instinto de supervivencia, que iso é unha cousa ben distinta, señor Leiceaga. *(Aplausos.)*

De momento, hai galegos que non están de acordo co que fago, hai galegos que están de acordo co que fago, pero non os engano porque lle debo todo a este país. Este país deume tres maiorías continuadas, e por iso para min o importante non é o posto que ocupa no partido, o importante é non defraudar os meus compatriotas, os galegos que votaron libremente nas eleccións. *(Aplausos.)* Xa sei que iso produce dores de cabeza. Non ten máis que ver á súa anterior portavoz. Pero, como é natural, señoría, nós imos seguir traballando.

Fala vostede da Deputación de Lugo. ¿Pero vostedes van algunha vez a solucionar os problemas na Deputación de Lugo? ¿Vostede no sabe que a Deputación de Lugo asumiu un acordo para pedir autorización e utilizar esa residencia no rexistro de residencia oficial da Xunta de Galicia, e o Goberno da Deputación de Lugo recorreu esa proposta? ¿Pero a vostede non lle explicaron que o problema entre Suplusa e a Deputación de Lugo é continuado e constante? ¿Pero a vostede non lle explican que na Deputación de Lugo hai uns deputados do PSOE que din unha cousa e hai outro que di a contraria, e por iso non se pode utilizar ningunha residencia? Pero, señor Leiceaga, ¿en que parte do Partido Socialista milita vostede?

Señor Leiceaga, se quere falar vostede de residencias en serio, eu quixera tamén falar en serio, pero non utilice a Deputación de Lugo. Non falaron con ninguén, non comprometeron nada, non planificaron nada. Iso si, antes das eleccións municipais fixeron unha oferta de emprego para enganar a centenares de persoas que resultaron aprobadas e que aínda non tomaron posesión porque non abriron nin unha soa residencia; e pasaron máis de dous anos *(Aplausos.)* desde a oferta pública de emprego.

Señor Leiceaga, un pouco de respecto polos galegos, señoría. ¡Un pouco de respecto polos galegos! De Lugo tamén, que eu os defendo como presidente de Galicia.

Señor Leiceaga, insisto nos datos. Hai máis prazas sostidas con fondos públicos que cando vostedes gobernaban; un 34 % máis. Hai máis atención no fogar; seis veces máis que cando vostedes gobernaban. E hai máis dependentes atendidos, o triplo de cando vostedes gobernaban; de 14.000 a 48.775.

Acabo de facer dous compromisos: 60.000 dependentes atendidos ao final da lexislatura e sete residencias nas cidades onde hai máis lista de agarda; sete residencias nas cidades de 900 prazas. *(Aplausos.)* E agora engado un terceiro, señoría, neste último semestre do ano imos atender a 3.000 dependentes máis. ¿Sabe por que? Porque non enganamos a ninguén, porque imos ter diñeiro suficiente para facelo e porque somos un país solvente.

Mire, o ano 2017 é o ano con máis prazas de residencias e dependentes atendidos da historia de Galicia. E o ano 2017 será peor que o ano 2018, que o ano 2019 e que o ano 2020, porque seguiremos crecendo en residencias, seguiremos crecendo en dependentes e seguiremos crecendo en axuda no fogar. O noso peor dato, señor Leiceaga, é tres veces mellor que o seu nos momentos máis difíciles. Por iso, señor Leiceaga, eu asumo todas as críticas, pero non menosprece o esforzo que fixeron os galegos durante estes últimos anos e non menosprece, señor Leiceaga...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que este goberno non manipula a ninguén que entre nunha residencia. Vostedes utilizaron as eleccións municipais para manipular na provincia de Lugo, e lamentablemente hai deputados do Partido Socialista en Lugo que non están de acordo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Tal e como foi anunciado, paso a ler unha declaración institucional a teor do Día nacional das linguas de signos españolas. Aproveito para saudar os nosos invitados que están na tribuna e prégolle á persoa que coñece a linguaxe de signos que colabore con nós na lectura que vou facer agora. Se fai o favor. Grazas.

Paso a ler a declaración.

«O acceso á educación en condicións de igualdade é un dereito indiscutible para o conxunto do alumnado, e no caso de moitos nenos e nenas xordas este acceso garántese incluíndo a lingua de signos no marco dun enfoque bilingüe bicultural, baseado na aprendizaxe, coñecemento e uso tanto da lingua de signos como da lingua oral da contorna.

Con motivo do Día nacional das linguas de signos españolas, e coincidindo co décimo aniversario do recoñecemento legal destas linguas en España, o Parlamento de Galicia declara o valor da lingua de signos na educación como garante de equidade, inclusión e liberdade, unha histórica e xusta demanda da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia xunto coa Confederación Estatal de Persoas Xordas.

O colectivo de persoas xordas é heteroxéneo e diverso, debido a unha serie de factores persoais e contextuais. Sexa cal for a situación, todas e cada unha das persoas xordas necesitan acceder á información e á comunicación para desenvolveren unha vida independente e seren parte activa do mundo.

Por iso todo suma, e no ámbito educativo un enfoque que abranga a lingua de signos ademais da lingua oral da contorna dotará a persoa xorda de todas as ferramentas necesarias para o pleno desenvolvemento da personalidade e a efectiva participación na vida social, cultural e laboral.

A vontade dos individuos e das familias non é suficiente para garantir o acceso á educación en condicións de igualdade, senón que no caso das linguas de signos o eixo das obrigacións se sitúa nas políticas públicas. Por iso é preciso que as administracións tomemos conciencia de que o éxito académico das persoas xordas pasa por atender tamén as súas necesidades e demandas respecto do desenvolvemento efectivo dos seus dereitos lingüísticos e da promoción desta lingua en España.

A convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade establece a obriga dos estados partes de facilitaren a aprendizaxe da lingua de signos, así como de promoveren a identidade lingüística das persoas xordas, co fin de propiciar a súa participación plena en igualdade de condicións na educación e como membros da comunidade, un mandato que debe comprometer a todas as administracións públicas e ser asumido por elas.

De igual forma, convén ter en conta que o Real decreto lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, e a Lei 27/2007, recoñece as linguas de signos españolas e os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, sen esquecer que todas e cada unha das leis educativas e ulteriores desenvolvementos inclúen no seu articulado a obriga de ser universalmente accesibles e inclusivas en calquera das etapas educativas, incluída a educación superior.

Con todo o anterior, calquera medida que se tome en consideración para avanzar en políticas educativas inclusivas para o alumnado xordo debe incorporar de forma unívoca as linguas de signos, non só como lingua de cultura e comunicación, senón tamén como linguas curriculares, e a imprescindible participación de profesionais xordos, se o que se pretende é deseñar escolas nas que todos poidan desenvolver a súas verdadeiras capacidades para contribuír na construción dunha sociedade cada vez máis xusta e solidaria.»

Santiago, 21 de xuño de 2017.

Moitas grazas. *(Aplausos.) (Asentimento.)*

O señor PRESIDENTE: Tal e como se comentou, procedemos agora a debater dúas preguntas ao Goberno, como consecuencia dunha alteración.

Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e Dª María de la Concepción Burgo López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da participación e resultados das probas de avaliación individualizada do terceiro curso de educación primaria

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de don Luis Manuel Álvarez Martínez, do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, moi bo día.

Como sabemos todos, a Resolución do 25 de abril do ano 2017 regulou a avaliación individualizada correspondente ao terceiro curso de educación primaria nesta comunidade autónoma, avaliación que, como está establecido na propia LOMCE e na propia resolución, ten un carácter censal e, polo tanto, debe ser realizada en todos os centros educativos nos que se imparte educación primaria na nosa comunidade autónoma, tanto públicos como privados, sexan concertados ou non.

Esta avaliación, que nós consideramos que é unha avaliación pertinente porque é unha avaliación que permite facer un diagnóstico, tal e como estaba concibida este curso, sobre o grao de dominio, de destrezas, capacidades e habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, tanto na competencia lingüística como na matemática, ten, evidentemente, como un dos seus obxectivos fundamentais servir de alimentación en canto a información para o alumnado, os centros e, polo tanto, o profesorado, as familias e a propia Administración educativa, para que tome as decisións pertinentes cara a corrixir as desviacións que se detecten.

Sen embargo, pese a ter esta avaliación un carácter meramente informativo e orientador, e, polo tanto, non vinculado a ningún tipo de decisión sobre a promoción dos alumnos nin ningunha avaliación allea aos obxectivos previstos, contou cun forte rexeitamento, e de feito a propia Consellería de Educación admitiu que a participación foi do 60 % do alumnado matriculado na nosa comunidade autónoma no 3º curso da educación primaria. Algunhas fontes cifran esa participación nun escaso 20 % no caso dos centros públicos da nosa rede de centros.

Como consecuencia desta avaliación, a Consellería —e estamos de acordo en que así debe facerse— toma decisións en canto á formulación de contratos programa e, polo tanto, coa adopción de medidas de reforzo, entre elas a dotación de persoal adicional para os centros educativos que, segundo os datos da propia Consellería, foron cento catorce para este curso que rematamos nesta semana —curso 2016-2017—.

Evidentemente, non negando a conveniencia destas avaliacións e a súa pertinencia, si que nos preocupa a escasa participación e, polo tanto, que as decisións que se tomen como consecuencia dos datos obtidos desa avaliación non sexan suficientes, nin vaian parar ao lugar necesario.

Polo tanto, o que lle preguntamos con urxencia —porque estas decisións vanse tomar nestes días— é se a Consellería que vostede dirixe considera que o nivel de participación nas probas de avaliación –ás que fai referencia a pregunta– permiten obter resultados válidos sobre os obxectivos previstos nesa avaliación.

Grazas e desculpe, señor presidente, que non estaba ao tempo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Eu, en primeiro lugar, señor Álvarez, doulle as grazas por unha cuestión que é sorprendente nos grupos da oposición, ¡chamáronlles *avaliacións* ás *avaliacións*! ¡Algo sorprendente! *(Aplausos.)* E doulle as grazas, sinceramente, porque eu creo que estamos *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* bastante cansados de escoitar chamarlles reválidas ao que non son reválidas. Entón, doulle as grazas por iso.

Tamén lle dou as grazas porque dixo que estas probas eran pertinentes. Este grupo defendeuno sempre, ¡sempre! E é certo que no seu ámbito político —tanto directo como, digamos, indirecto— houbo sempre un ataque constante a estas probas e escoitouse moitas veces preguntar para que serven. Vostede dixo para que serven e eu collo as súas palabras: serven para facer unha información, para tomar decisións e para corrixir a través dos contratos programa. De feito, incluso este ano —vostede deu un dato— contrátanse profesores específicos para os contratos programa e, así, poder reducir o fracaso escolar.

Falou vostede de que é orientativo —e é certo—, e falou vostede de que era orientador —e é certo—. Por iso lle dou as grazas, porque por primeira vez a un membro da oposición lle escoitei dicir a verdade sobre as probas de avaliación de 3º de primaria, polo cal non teño moito máis que dicir.

Só lle fago un lamento ao Partido Socialista, porque se vostedes entenden que as probas son tan importantes —como efectivamente o son— lamento que cando moitas voces lanzaron moitísimas cuestións —moitísimas mentiras— que ían orientadas a xerar confusión —a confundir as familias e a confundir os profesores— o PSOE non alzara a voz e non dixera o que vostede dixo hoxe, porque —sen dúbida— sería moi positivo, non para o Partido Popular nin para a Consellería, sería moi positivo para as familias, moi positivo para os alumnos e moi positivo para o sistema educativo, porque teriamos máis datos, teriamos máis información.

Respecto ao que me di vostede en concreto, ¿o 60 % é información suficiente? Eu dígolle que si. ¿Que nos gustaría ter máis? Tamén. Pero ten que vostede preguntarlles a aquelas voces que alertaron, que criticaron, que boicotearon, que lanzaron constantes mensaxes para denigrar estas probas —que vostede dixo que son pertinentes e que serven para mellorar o sistema— por que o fixeron. Seguramente ten a resposta máis cerca nos que están dese pasillo para aí.

E volvo como comecei: doulle as grazas por utilizar a terminoloxía que é e describir o que é: unha avaliación de diagnóstico que serve para mellorar o sistema, e non unha reválida.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Non sei se vista a dinámica da pregunta máis que unha réplica é un turno de agradecemento aos aplausos do Partido Popular, que non sei se eran para o señor conselleiro ou para o uso preciso da linguaxe. En todo caso, a *avaliación* é unha *avaliación*.

O problema desta avaliación —sábeo vostede, sábeno vostedes e sabémolo todos os que estamos aquí— é a orixe da lei que dá lugar a estas avaliacións. Non a avaliación en si, senón a vinculación da de 6º, a de 4º de ESO e a de 2º de bacharelato á obtención do título. Polo tanto, esa é a perversión.

Creo que ninguén con sentido común —e nese sentido común inclúo a todos os grupos da oposición— se vai cuestionar que se faga unha avaliación que permita diagnosticar calquera tipo de sistema —en concreto o educativo— para saber como funciona.

En todo caso, si que me preocupa, particularmente, que admitan como información suficientemente fiable a que se obtén dun 60 % do censo de todos os centros sobre os que se debe aplicar esa avaliación. Preocúpame dobremente, preocúpame porque non permite obter unha imaxe fiel de como está a responder o sistema educativo e, polo tanto, poder adoptar as medidas precisas, pero preocúpame tamén —como lle indicaba na miña primeira intervención e que me gustaría que aclarase— no sentido de que posiblemente vaian existir centros nos que fose pertinente dotar de profesorado adicional de reforzo mediante os contratos programa, pero que non o vaian ter porque a participación nesta avaliación non foi o suficientemente elevada como para obter esa información. Evidentemente, a quen lle hai que preguntar sobre a valoración que se fai é ao Goberno, non a quen pode, nalgún momento, cuestionar esas avaliacións, que é o que estamos a facer.

O Partido Socialista non ten por que incentivar a participación en ningunha avaliación, esa é unha tarefa que lle corresponde ao Goberno —como vostede sabe—, a este goberno ou ao de calquera comunidade autónoma. Polo tanto, non cargue sobre este grupo parlamentario as responsabilidades que son da Consellería que vostede dirixe.

E se me aclara, por favor, na segunda intervención, se consideran que as medidas que tomen van ir destinadas aos centros adecuados, agradézollo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señor deputado, acaba, dalgún xeito, de darlle a razón á gran parte do discurso político que vimos defendendo dende sempre respecto ás avaliacións de 3º de primaria —en xeral, ao conxunto das avaliacións—, referente a que non é tanto a proba en si, senón que está dentro dunha lei do Partido Popular: un posicionamento político. Eu creo que iso lle fixo moito dano ao sistema educativo, xa que é un posicionamento político en que, obviamente —como acaba vostede de ver—, prima máis —digamos— o interese político-partidista que o que realmente é importante para o eido educativo —como vostede ben dixo—, que é que se avalíe, que se diagnostique e que se apliquen medidas correctoras.

Mire, ¿o problema é da lei?, como ao mellor vostedes plantexan, pero fíxese que ata o momento, en vez de facerse en 4º de primaria —perdón, en 3º de primaria— se facían en 4º, exactamente o mesmo. Eu non escoitei ningunha voz nin clamar, nin cuestionar, nin boicotear, nin criticar, nin cuestionar as probas de 4º da ESO, que son practicamente idénticas —como vostede sabe— ás de 3º. ¿Por que? Porque como esas están nunha lei do Partido Popular son malas, e as que estaban antes son boas. Iso realmente, ao final, ¿que fai?: xera unha enorme incerteza.

É unha enorme irresponsabilidade ter unha actitude tan demagóxica politicamente, que ¿a quen prexudica realmente?, pois ao conxunto do sistema, porque as probas de avaliación son boas. ¿Por que son boas? Porque dan información. ¿O 60 % é suficiente? Entendemos que si. Agora ben, ¿gustaríanos ter máis? Si, gustaríanos ter máis datos. ¿Por que? Porque teriamos unha radiografía máis completa. Agora, estatisticamente un balance do 60 % sobre o corpo mostral é un dato moi importante.

E remato como comecei: agardo —se para o ano que vén estamos todos aquí e seguimos coas probas de avaliación— que o Partido Socialista sexa un aliado, non do Partido Popular, senón que sexa un aliado do alumnado e sexa un aliado do sistema educativo para, dalgún xeito, reducir a incidencia e o impacto daqueles que, irresponsablemente, chaman ao boicot destas probas que —como vostede ben dixo— son moi pertinentes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Correspondería agora a pregunta —e non a vexo no hemiciclo— de dona Montserrat Prado Cores. Non a vexo no hemiciclo. En todo caso, se a poden avisar... *(Murmurios.) (Pausa.)*

¡Silencio, por favor! Eu tomei unha decisión agora e estou pendente. Se non pode vir é previsible e hai que pensar que somos todos humanos e que con tanto cambio púidose despistar calquera persoa. Hai que ser un pouco razoables.

Ímoslle botar un pouco de sentido común, se non é posible... ¿Non a localiza, señor Bará? ¿Está aí algún outro deputado do Bloque que poida facela? Non hai, ese é o problema.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, pero ten que estar na pregunta. ¡Home! ¡Por favor!

¿Que solución se pode dar, letrado? A ver, ¿que solución podemos dar a isto? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Quedaría para outra sesión. Queda para a próxima sesión. *(Murmurios.)*

Foi un despiste pero é comprensible. Quedaría para outra sesión porque, precisamente, se cambiou a orde do día porque o conselleiro tiña un acto agora.

Dámola por decaída e queda para outra sesión.

Continuamos.

Proposicións non de lei, tamén debate de xeito acumulado.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dunha estratexia global a favor do transporte ferroviario de mercadorías e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a conexión de Galicia, as comunidades do norte de España e a rexión norte de Portugal ao corredor atlántico na revisión do Regulamento do mecanismo «Conectar Europa» que se vai realizar no ano 2018

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea á proposición do Bloque Nacionalista Galego. E presentáronse, tamén, emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea á do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Raúl Fernández Fernández, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Emenda de adición:

Débese engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno de España a consignar nos orzamentos do estado para 2018, as partidas necesarias para avanzar nas conexións recollidas nos plans estatais de infraestruturas de transporte:

1. Liña ferroviaria "Vigo – Ourense – Monforte de Lemos – Ponferrada – Venta de Baños".

2. Saída sur ferroviaria de Vigo, de cara a completar o Eixo "Ferrol – A Coruña – Vigo – Porto".

3. Conexión ferroviaria do Porto de Vigo coa Plataforma Loxística Salvaterra – As Neves (PLISAN).

4. Conexión ferroviaria co Porto Seco de Monforte.»)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Emenda de adición:

Débese engadir un novo punto:

«4) Impulsar as melloras precisas nas infraestruturas ferroviarias para poder contar cunha liña competitiva para as mercadorías pola cornixa cantábrica, mellorando a conexión de Galicia co litoral cantábrico, conectando co corredor europeo, creando o corredor cantábrico de mercadorías no que é a saída natural de Galicia cara Europa.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Raúl Fernández Fernández, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia.

Emenda de adición:

Débese engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno de España a consignar nos orzamentos do estado para 2018, as partidas necesarias para avanzar nas conexións recollidas nos plans estatais de infraestruturas de transporte:

1. Liña ferroviaria "Vigo – Ourense – Monforte de Lemos – Ponferrada – Venta de Baños".

2. Saída sur ferroviaria de Vigo, de cara a completar o Eixo "Ferrol – A Coruña – Vigo – Porto".

3. Conexión ferroviaria do Porto de Vigo coa Plataforma Loxística Salvaterra – As Neves (PLISAN).

4. Conexión ferroviaria co Porto Seco de Monforte.»)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia.

Emenda de adición:

Débense engadir os seguintes puntos:

«2) O Parlamento de Galicia insta ao Goberno do Estado a impulsar as melloras precisas nas infraestruturas ferroviarias para poder contar cunha liña competitiva para as mercadorías pola cornixa cantábrica, mellorando a conexión de Galicia co litoral cantábrico, conectando co corredor europeo, creando o corredor cantábrico de mercadorías no que é a saída natural de Galicia cara Europa.

3) O Parlamento de Galicia insta ao Goberno do Estado a impulsar unha conexión competitiva dos portos galegos á rede ferroviaria interna para que Galicia conte coa infraestrutura precisa para poder ser vangarda das rutas de mercadorías europeas, tanto pola saída sur cara Portugal como pola saída norte pola cornixa cantábrica.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten, en primeiro lugar, a palabra o señor Bará, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor BARÁ TORRES: Bo día.

Despois destes avatares, destes cambios na orde do día... *(Murmurios.)* ¡Tranquilos, que non dixen nada! Imos ao tema desta iniciativa, que nos parece que é un tema vital, un tema fundamental que ten que ver co ferrocarril —máis concretamente, co ferrocarril de mercadorías e co corredor atlántico— e que ten que ver con dous grandes obxectivos que —ao noso entender— temos que ter como país e como forzas políticas. Un, a mellora e a modernización da rede ferroviaria interna apostando, ademais, polas formas de transporte sustentábel, porque estamos falando estes días das políticas contra o cambio climático e, desde logo, o ferrocarril é unha forma de transporte sustentábel e unha boa maneira de loitar como país contra o cambio climático. E, ademais, porque hai outras formas de transporte sustentábel, e nestes días está de actualidade o tema do transporte público por estrada, porque vostedes conseguiron poñer de acordo, en contra, a todos os sectores relacionados co transporte e estamos no medio dunha folga por ese motivo.

Ademais da mellora e da modernización da rede ferroviaria interna é tamén fundamental a conexión exterior do noso país, a conexión con tres prioridades: por un lado, a Meseta, en segundo lugar, Portugal —a través do eixo atlántico— e, en terceiro lugar, Europa, a saída para Europa das nosas mercadorías, que é unha cuestión absolutamente fundamental e vital para o noso país, porque, ademais, estamos nuns índices, nuns niveis de transporte de mercadorías por ferrocarril absolutamente baixos e ínfimos, que non chegan ao 3%, mentres que a media europea é do 18%.

E nós, os nacionalistas galegos, non queremos darlles lecciónns de europeísmo —que llelas poderiamos dar, históricas e actuais—. Non é que queiramos estar en Europa; é que somos Europa, aínda que esta Europa, esta Unión Europea dos mercadores e dos especuladores, nos quere deixar fóra: como naquela novela de Saramago, *A jangada de pedra*, queren cavar aí unha gabia e botarnos fóra. Pois non, non queremos estar fóra; somos Europa, queremos participar, queremos participar nas redes de transporte europeas. E claro, este mapa pon en evidencia —non sei se o poden ver, supoño que xa o coñecen— esa exclusión, porque aquí hai un baleiro, na Rede Transeuropea de Transporte, porque nos queren deixar fóra. E non é algo de hoxe, do ano 2017; é que os acordos que fixeron posible esta exclusión tomáronse xa no ano 2013 no Parlamento Europeo, por unha proposta do Goberno do Estado do Partido Popular. Por certo, no Parlamento Europeo, cunha maioría aplastante, e non lle quero recordar o que votaron aquí daquela, o que votaron as forzas maioritarias, o Partido Popular, para facer posíbel esta exclusión.

Mire, voulles ler unha frase dun político europeo, dun ex-comisario europeo de Transportes de nacionalidade estonia, que dixo: «Quen non estea na Rede Transeuropea de Transporte de mercadorías que se prepare para ser un cero á esquerda». Vostedes, con estas decisións que se tomaron no ano 2013 —e despois tamén, porque se tomaron máis despois—, queren que sexamos un cero á esquerda e, desde logo, os nacionalistas galegos non imos permitir que fagan iso.

Este proxecto da Rede Transeuropea de Transportes vai supoñer —está supoñendo xa— un investimento multimillonario de máis de 23.000 millóns de euros para mellorar as conexións de transporte: para construír vías con ancho internacional, dobre vía, electrificadas e con sistema de control ERTMS e, polo tanto, tamén vai supoñer que as vías convencionais que forman parte do corredor teñen que ser reformadas para cumprir estes parámetros. Polo tanto, é unha infraestrutura absolutamente vital para o país no seu conxunto, pero sobre todo para a conexión do transporte de mercadorías dos portos galegos.

Actualmente, como se pon de manifesto neste mapa, está prevista a conexión da maior parte dos portos portugueses que teñen saída vía Salamanca ou vía Madrid, pero non están incluídos nin os portos do Cantábrico nin os portos galegos. Polo tanto, hai aquí unha exclusión. Vostedes din que nós nos estamos queixando continuamente da marxinación e do agravio, e este é un caso de libro de marxinación e de agravio; pero foi unha marxinación e un agravio perpetrado coa complicidade, coa colaboración, coas decisións e co voto de quen votou a favor desta iniciativa.

E agora resulta que hai uns meses, en febreiro de 2017, o Ministerio de Fomento enviou as propostas para desenvolver esta rede e incide neste mesmo deseño que exclúe a Galiza. Polo tanto, non contamos para o Partido Popular nas decisións do Partido Popular. E non só iso, senón que, para máis afronta, acaban de aprobar nos Orzamentos do Estado de 2017, ou no Proxecto de Orzamentos que está en negociación e que se vai aprobar proximamente, partidas de 381 millóns de euros para conectar o porto de Bilbao co corredor atlántico; e para Galiza non hai nada, claro. E agora caeron na conta de que non estamos, no ano 2017, e propoñen que se revise o deseño da Rede Transeuropea de Transportes no ano 2018 e, polo tanto, que se inclúa a Galiza. Ben, acordoulles tarde, pero nunca é tarde se a dita é boa. O mal xa está feito e, en todo caso, hai responsábeis desas decisións. Polo tanto, se hai unha oportunidade de cambiar ese deseño, pois vaiamos todos xuntos, se é posíbel, para ir cunha posición de país e intentar, digamos, cambiar esta decisión prexudicial para Galiza.

Pero claro, os últimos acontecementos tampouco nos impulsan moito ao optimismo, porque resulta que houbo recentemente un cumio hispanoluso e o señor presidente da Xunta de Galiza, o señor Feijóo, fixo públicas as demandas en materia de infraestruturas da Comunidade de Traballo Galiza—Norte de Portugal, que eran basicamente dúas: o tren de altas prestacións do eixe atlántico ata o Porto e a inclusión de Galiza e o norte de Portugal no corredor atlántico. E, ¿sabe cal foi a resposta do Goberno do Estado, do señor ministro de Fomento, o amigo Íñigo? Pois dixo que non era o foro axeitado, e a isto nós chamámoslle *ninguneo*; chamámoslle falta de peso político; de influencia política; de capacidade de influencia do Goberno da Xunta, do Partido Popular, do señor Feijóo. Porque nesa mesma reunión déuselles un impulso, precisamente, ás conexións de Aveiro —que tamén van conectar ao Porto—, e á conexión de Sines e de Lisboa a través de Valladolid, a través de Medina del Campo, para saír a Europa; e nós quedamos fóra.

E claro, agora están tamén nesa macrorrexión, a Resoe, discutindo e intentando chegar a unha postura común para defender unha posición, as comunidades que están excluídas, para ter esa conexión. Acordáronse agora, acordáronse tarde. En todo caso, é Castela e León quen está liderando ese grupo de traballo sobre transportes e loxística. Supoño que tamén varrerán

para a casa, como fan os portugueses do norte coa automoción, porque tamén lideran ese grupo de traballo. Pero, en todo caso, nós non imos permitir que o noso país estea fóra: imos poñer da nosa parte todo o necesario para que Galiza conte nese corredor atlántico e, polo tanto, para iso pensamos que é preciso un posicionamento claro, contundente e unánime, se pode ser, deste Parlamento ao respecto; e aí están as nosas propostas e tamén as outras, que pensamos que se poden integrar nun acordo conxunto.

Estamos a favor de que se tome unha decisión unánime a este respecto, aínda que temos algunhas dúbidas que, en todo caso, na segunda intervención poderemos aclarar, para fixar a posición a respecto do corredor cantábrico, que non entendemos moi ben, polo menos o seu trazado, porque si que nós estamos —e xa o defendemos aquí— a favor de potenciar o antigo Feve como un corredor para o transporte de mercadorías e tamén para o transporte de persoas, que o están deixando esmorecer, que o están esnaquizando, e pensamos que ten que ser unha alternativa de futuro para esa zona do noso país; pero, en todo caso, pensamos que o chamado corredor noroeste ten que ter outro trazado, ten que ir por Monforte.

En todo caso, todo é negociábel, todo é consensuábel e pensamos que o prioritario neste caso é que cheguemos a un acordo unánime deste Parlamento para facerlle fronte a esta exclusión de Galiza.

Pensamos tamén, ademais, que debe haber unha gran mobilización social e institucional a favor desta cuestión; porque se fala moito, vértense ríos de tinta sobre o transporte de persoas, sobre o AVE —se vai chegar tres meses, seis meses, dous anos, cinco anos, vinte anos tarde—, e case non se fala do transporte de mercadorías, que é unha cuestión absolutamente vital e fundamental para a nosa economía, para o noso país, para o noso futuro.

Polo tanto, nós queremos ser Europa, somos Europa, queremos estar en Europa e non queremos que nos deixen fóra. Polo tanto, imos facer todo o posíbel por sacar unha posición unánime de país a respecto desta cuestión.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, señor presidente.

Señorías, bo día.

Compartimos, señor voceiro do BNG, esa visión de que se trata dun tema vital e fundamental, compartimos isto. Tamén compartimos os obxectivos xenéricos de que fala, para Galicia, da mellora do ferrocarril e a conexión exterior. E coincidimos tamén niso de que é unha decisión importante de país e, polo tanto —xa fixemos onte un pequeno avance para intentar chegar a esa unanimidade—, esperamos poder chegar a esa unanimidade neste tema porque tamén coincidimos nesta importancia.

O que pasa é que tamén —escoitando as súas palabras– intentarei aclarar algúns aspectos porque, como sempre, conta o conto a medias e segundo lle interesa; intentarei aclarar algún destes temas da rede de transporte europea, pero deixando claro que, no fondo, hai esa concordancia nos temas fundamentais.

Como dicía, o proxecto desta Rede Transeuropea de Transporte prevé establecer esta infraestrutura básica integrada da Unión Europea e, especialmente, a conexión da Europa occidental e oriental; aínda que gran parte desa rede xa existe, evidentemente é mellorable e persisten aínda deficiencias que teñen que emendarse. Estas orientacións foron aprobadas nese regulamento do que falaba: 1315/2013.

Esta Rede Transeuropea de Transporte ten unha estrutura de dobre capa, que esta é parte das cousas que non se contan. Por unha parte hai a rede global, que inclúe as infraestruturas existentes e planificadas e, por outra, está a rede básica, que ten unha importancia estratéxica. En ambas as dúas está Galicia, é dicir, na rede —por iso o comentario que fixo do comisario— Galicia está e están todos os seus portos: na rede global está o porto da Coruña e na rede básica están o resto dos portos e a rede básica de ferrocarrís. Polo tanto, estamos nesa rede básica. ¿Onde non estamos? Nos corredores prioritarios, que é o mapa que vostede ensina. ¡Vale! Por iso estamos realizando esta presentación; pero non diga que estamos fóra da rede de transporte europea, porque non é certo. Aí vou, agora mesmo.

¿Que aprobou tamén Europa? Un documento que é Conectar Europa, que é o que establece as prioridades para o financiamento. ¡É verdade! Por iso o estamos metendo. Entón, o financiamento 2014-2020 vai ir prioritariamente a estas liñas, a estas liñas prioritarias; non quere dicir que o resto non estea dentro da rede europea de transporte. Agora ábrese unha oportunidade, porque no 2018 a Comisión Europea prevé revisar este documento, que —por certo— se aprobou no 2013; pero toda a tramitación e a consulta pública, e a consulta aos estados, fíxose no 2009-2010 —pode consultalo—, cando non gobernaba o Partido Popular. Cando se aproba xa non hai —no 2013— posibilidade de cambiar esas decisións; e esa consulta fíxose cando gobernaba o Partido Socialista en España. Pero gustaríame mirar para o futuro: o importante é intentalo —creo que esta é a decisión unánime—, para que en 2018 poidamos conseguir, entre todos, que quede integrada nos corredores prioritarios —que non é o mesmo que na rede básica ou na rede global— a infraestrutura ferroviaria e os portos galegos, así como as plataformas loxísticas de Monforte e da Plisan.

En calquera caso, nisto xa se vén traballando: cando vostede ensina ese plano, tamén queda fóra a Bretaña, que tamén o intentará; queda fóra Italia... É dicir, hai unhas vontades de estruturar transversalmente noutro sentido e non con estas liñas. ¿Que é o que pretende o Goberno galego e propoñemos desde este Grupo Popular? Pois que nesta modificación se recoñeza o que se coñece como unha antena, que é un ramal que poida conectar, desde Venta de Baños cara a Palencia, León e Astorga, con Monforte de Lemos e, a través de aí, con Vigo e coa Coruña para incorporalas a este corredor prioritario. Este é o obxectivo para poder entrar no instrumento Conectar Europa, que é o que prioriza os fondos europeos. Pero estamos dentro da rede, o que non é destes corredores prioritarios.

¿E que se pretende? Pois preténdese, evidentemente, conectar os portos xa básicos da Coruña e Xixón e os portos globais de Santander, Avilés, Ferrol e Vigo. En calquera caso, tamén poder ter fondos para a mellora da liña Palencia- Monforte, das liñas interiores e a mellora das plataformas loxísticas.

Pois ben, vénse traballando: xa a Dirección Xeral de Mobilidade coa Fundación Galicia-Europa iniciou esta estratexia para intentar estar presente aí. Pero, evidentemente, por moito que este Parlamento e o Goberno galego faga as súas xestións, é unha competencia do Goberno de España e, por iso, a nosa proposta é trasladarlle e pedirlle ao Goberno de España que incorpore esta antena para que recolla o Cantábrico todas as comunidades do norte, evidentemente: tamén Cantabria, Asturias, Castela e León e Galicia, e á parte o norte de Portugal, e que o poida conectar neste corredor prioritario, que é o corredor 9.

E tamén a Xunta de Galicia xa manifestou a intención de trasladar esta proposta á Comisión do Arco Atlántico —que é a que queda fóra, xa dicía, coa Bretaña e con outros ámbitos— e ao Comité Europeo das Rexións, para que os pronunciamentos destes organismos avalen a demanda galega.

Polo tanto, entendemos que é un tema, como diciamos antes, importante para Galicia, importante para toda a cornixa cantábrica, importante para a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Cremos que esta petición a quen ten que liderala é o Ministerio de Fomento, competente na representación permanente na Unión Europea, e cremos que recolle ademais non só as demandas de gobernos e os colectivos sociais, senón que, ademais, entendemos que, se facemos estas declaracións dun xeito unánime —por iso onte fixemos chegar unha proposta de unir as dúas PNL e as propostas de emenda dos dous grupos, de En Marea e PSdeG; dinme nos Servizos Xurídicos da Cámara que é necesario que sexa por unanimidade para poder unir as dúas proposicións de lei—, paga a pena facer ese esforzo, creo que esa proposta de unión recolle os matices que se queiran poñer do tema do corredor cantábrico, recolle as demandas principais dos catro grupos e entendemos que paga a pena facerlle chegar ao Ministerio e á Unión Europea esta declaración unánime dos catro grupos galegos. Nós tampouco deixaremos de facer os esforzos necesarios para chegar a ese acordo e intentaremos que a ver se o resto dos grupos así o recoñecen e así tamén lles parece oportuno.

En calquera caso, creo que é importante dicir as cousas claras: Galicia non está fóra da Rede Europea de Transportes, si deses corredores prioritarios que teñen un financiamento preferente, e isto é o que traemos nesta proposición non de lei e —insisto— iso, aínda que se aprobou formalmente o decreto en 2013, xa vén desde 2010 esta decisión pública.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, bos días a todas e a todos.

Hai xa algúns anos un grupo musical español, *Golpes Bajos*, editou un *single* baixo o clarificador título *Malos tiempos para la lírica*. Non parece que, pasados os anos, o tempo da lírica estea mellor, pero tamén é verdade que hai unha situación, un diálogo que nos afecta directamente, como é o transporte de Galicia, que tampouco ten mellorado en absoluto nos últimos tempos. Máis ben se constata cada día, cada semana, cada mes, cada ano, unha deterioración constante do mesmo como consecuencia do abandono a que está sendo sometido polos gobernos do señor Feijóo nos últimos anos.

Durante os últimos anos —demasiados xa— a señora conselleira estivo máis ocupada e preocupada na mobilidade dos responsables da Dirección Xeral de Mobilidade —catro en catro anos— que ocupada e preocupada na mobilidade das galegas e dos galegos. Malos tempos para o transporte en Galicia. Malos tempos, froito da pasividade e despreocupación da Dirección Xeral de Mobilidade e da conselleira durante anos. E xa o viñemos advertindo dende a pasada lexislatura.

A conta de resultados é tremendamente esclarecedora da situación actual do transporte en Galicia: sen coordinación aeroportuaria, estacións e liñas de ferrocarril tradicional pechadas, tren de proximidade e cercanías absolutamente desaparecido, acceso do AVE a Galicia diferido sempre no tempo, transporte de mercadorías por estrada abandonado, o transporte metropolitano nada cambiou nos últimos sete anos —dende o 2010 non hai avances; intermodalidade é unha palabra tantas veces amentada como veces traizoada— e o transporte público regular de viaxeiros por estrada todos sabemos a día de hoxe como está, e creo que merece un pequeno apuntamento.

O que estamos a vivir nestes días —e non vou entrar en detalles— é o resultado das políticas de transporte aplicadas polos gobernos populares nas dúas últimas lexislaturas. É soamente unha consecuencia final do que non se fixo durante os últimos oito anos.

A situación actual, con perda de servizos, de tecido empresarial no rural e de perda de empregos, é a reflexión dunha forma de facer chea de erros, de improvisacións e tamén de irracionalidade. Estamos nunha fuxida adiante do Partido Popular neste tema, e preocúpanos, porque nos pode incluso levar por diante o transporte escolar.

Eu espero e desexo que o Goberno galego sexa moito máis dilixente e responsable neste asunto que estamos a debater. Por iso me agrada —e recoñézoo— o traballo feito no día de onte e tamén a manifestación de hoxe do señor Fernández Prado buscando unanimidade nunha cuestión que ten importancia —e moita— para Galicia. Xa dixemos que o transporte de mercadorías de Galicia practicamente depende do transporte de mercadorías por estrada, e parécenos esencial que Galicia estea integrada na rede europea, que o está, e que forma parte deses corredores que son fundamentais para a saída de mercancía, tamén para a entrada, en todo caso para mover as mercadorías de entrada e saída na nosa comunidade autónoma.

Por iso considero importante, consideramos importante e fundamental, dentro do transporte, o transporte ferroviario de mercadorías. Galicia, polo tanto, non pode permanecer como periferia da periferia no que respecta ao transporte ferroviario de mercadorías. Non pode permanecer illada co exterior ao non acceder ao corredor ferroviario atlántico e tamén ao que podería ser corredor noroeste, e tampouco pode permanecer illada interiormente sen conexión entre os polos produtivos e mesmo sen conexión dos cinco portos de interese xeral, que son quen de mobilizar, en datos de 2015, 14 millóns de toneladas nese ano.

A revisión do regulamento, do mecanismo Conecta Europa en 2018, é dicir, o ano que vén, é unha oportunidade, efectivamente, como se ten recoñecido aquí, e é unha oportunidade ademais que non podemos desperdiciar, que non podemos nin desprezar nin desperdiciar. De feito, entendo que a proposta de unanimidade que fai o voceiro do Grupo Popular vai no camiño de que estamos no mes de xullo, esta cuestión ten que facerse o ano que vén, ten que puxarse o ano que vén, que é cando se produce a decisión final. Polo tanto, temos tempo máis que suficiente, tamén sen présa pero sen pausa, para durante estes meses ser capaces —o conxunto da Cámara, o conxunto dos grupos políticos, da propia sociedade e das entidades empresariais— de facer unha proposta conxunta que teña máis forza de cara á participar dese programa financeiro, que é o que nos permitiría entrar neses corredores. É, polo tanto, unha oportunidade que necesita das aportacións das institucións e das forzas empresariais e sociais para ser exitosa.

E dende o Grupo Socialista queremos facer, quixemos facer as nosas aportacións a través das emendas presentadas tanto á proposición do Bloque Nacionalista Galego como á do Partido Popular. Con elas queremos comprometer nos orzamentos estatais para 2018 as partidas necesarias para avanzar nas conexións recollidas nos plans estatais de infraestruturas de transporte. E noméoas sucintamente: a liña ferroviaria Vigo-Ourense-Monforte de Lemos-Ponferrada-Venta de Baños; saída sur ferroviaria de Vigo, de cara a completar o eixo Ferrol-A Coruña-Vigo-Porto; conexión ferroviaria do porto de Vigo coa Plataforma Loxística Salvaterra-As Neves, a coñecida como PLISAN; e a conexión ferroviaria que, corrixida na proposta que nos fai de transacción o Partido Popular en mellora operativa, do porto seco de Monforte, que aceptamos loxicamente.

Polo tanto, estamos na situación idónea neste momento, nestes tempos, entre agora e o que vén de outono, para traballar conxuntamente para sacar unha proposta adiante de cara a que o transporte de mercadorías en Galicia, o transporte ferroviario de mercancías en Galicia teña o soporte necesario para que sexa, efectivamente, efectivo, para que funcione correctamente e para que poidamos aproveitarnos del e expandir toda a nosa potencialidade no que producimos e no que recibimos.

Pola nosa parte, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Bo día a todos e a todas.

Dende En Marea estamos de acordo con estas propostas e, a maiores, nós propoñemos unha emenda de engádega que pensamos que pode completar unha proposta integrada para o tráfico das mercadorías por ferrocarril, coa que pensamos que podemos posicionar Galicia á vangarda da loxística europea. E facémolo pensando en proxecto de país, en saír da súa alternidade, pensando en reverter a Galicia minguante para, aproveitando todo o noso potencial, poder abrir novas xanelas de oportunidade para o noso modelo produtivo, a maiores das vantaxes que xa coñecemos do transporte do ferrocarril en canto a ecoloxía, a economía e a seguridade.

O modelo de infraestruturas é de vital importancia para establecer o modelo de país que queremos. Por iso debemos pensar nas infraestruturas de maneira integral. E a próxima revisión dos corredores ábrenos unha oportunidade para poñer enriba da mesa un modelo que sitúe Galicia na vangarda de Europa no tocante ao transporte de mercadorías.

Con esta revisión que Europa vai facer o próximo ano dos corredores de mercadorías europeos temos unha oportunidade para que Galicia forme parte desa rede e aproveitar o potencial da nosa situación xeoestratéxica, sendo o punto da cornixa atlántica que menos distancia precisa para entrar en Europa, menor distancia que significa poder contar co tempo máis competitivo para conectar co corredor francés.

Hai distintas formas de conectar Galicia á rede europea de corredores ferroviarios, pero é o corredor cantábrico o que pode situar Galicia no lugar que por posición xeoestratéxica podemos acadar, é o corredor que nos pode poñer na primeira liña cos mellores de Europa na loxística de mercadorías.

Nós entendemos que o corredor cantábrico é unha grande opción para conectarnos á rede de corredores europeos por diferentes motivos. Por tempo, supón a menor distancia e, polo tanto, pode supoñer o menor tempo de viaxe para conectar a cornixa cantábrica co corredor de mercadorías francés, que nos dá entrada a Europa na rede de corredores. Desta maneira, os portos galegos poderíanse converter na mellor opción para moitas das mercadorías que utilizan o Atlántico para a entrada ou saída de Europa.

Tamén nos permitiría conectar todos os portos galegos en rede, conectando á súa vez os portos máis importantes de Asturias, Cantabria e Euskadi, que, xunto coa saída sur cara a Portugal, permítenos superar o modelo radial e sacar o noso maior potencial.

E tamén pola propia orografía: a cornixa cantábrica é a saída natural de Galicia para Europa.

Non apostar por esta fórmula complementaria ás propostas que trae o BNG e o Partido Popular parécenos unha perda de oportunidade para Galicia, perdendo o enorme potencial que supón conectar os portos da cornixa atlántica e cantábrica, e suporía perder competitividade nos tempos na entrada e saída das mercadorías europeas polo eixo atlántico.

O mellor para Galicia é que todos os grupos tratemos de facer causa común de cara a esta próxima revisión de Europa da rede corredores e defendamos conxuntamente a mellor proposta para o noso futuro, podendo chegar a acordos coas comunidades do noroeste e, en

concreto, para falar do corredor cantábrico, con Asturias, Cantabria e País Vasco, que xa manifestaron nalgún momento o seu interese por este corredor cantábrico, que nos parece que completaría unha proposta integrada que situaría Galicia na vangarda da xestión das loxísticas de mercadorías.

Gustaríame falar de como se desenrolou esta cuestión, que creo que se puxo de manifesto novamente a falta de proxecto de país do Partido Popular, a falta de rumbo. Alegrámonos de que o Partido Popular traia esta proposta e aposte polo transporte de mercadorías por ferrocarril, pero, como digo, pon de manifesto a deriva e a falta de rumbo.

Hai catro meses compareceu nesta Cámara a conselleira de Infraestruturas, a señora Ethel Vázquez, onde anunciou as liñas estratéxicas do Goberno para os próximos catro anos en materia de vivenda e infraestruturas.

Con respecto ao ferrocarril, unicamente falou da chegada do AVE en 2019 —que estaremos falando disto evidentemente en 2020—, falou das melloras do ferrocarril para Ferrol e Lugo, non falou nada de transporte de mercadorías por ferrocarril, non falou nada de conectarse aos corredores europeos, non falou nada da saída cara ao exterior das mercadorías por ferrocarril en Galicia.

Eu na miña intervención recrimineillo; díxenlle que nos parecía preocupante que non houbera esa aposta e mantívose na súa posición. Unha proposta deste calado, de semellante calado, non estaba dentro dos plans da Consellería de Infraestruturas e foi o señor Feijóo hai un mes, tres meses despois de que a señora conselleira de Infraestruturas anunciase as liñas estratéxicas para Galicia, o que anunciou que o Goberno galego traballaría para que se conectase a esta rede, facéndolle unha emenda á propia conselleira de Infraestruturas. E hoxe o Grupo do Partido Popular trae unha PNL para instar o Goberno a que faga o que o Goberno xa anunciou que vai facer.

Este é o mundo ao revés e isto demostra que o Partido Popular non ten proxecto de país e que se move a golpe de titular, que se move a golpe de ordes que veñen da cúpula do partido estatal ou que se move a ordes que veñen de consellos de administración. O que está claro é que esta proposta non é unha proposta do Partido Popular de Galicia, porque a conselleira de Infraestrutura hai catro meses anunciou —como digo— as súas liñas estratéxicas e non estaban dentro. E quixo que un mes antes de que a conselleira de Infraestruturas comparecese nesta Cámara houbo unha demanda de empresarios do noroeste que se conformaron en plataforma solicitándoa e a conselleira de Infraestruturas do Principado de Asturias saíu respaldándoa e dicindo que, por suposto, seguirán a sumar; Cantabria e o País Vasco xa anunciaran tamén a súa aposta por isto, e, sen embargo, dende o Goberno galego non había ningunha aposta e non sabemos moi ben por que este cambio de rumbo. Digo que nos alegramos, pero demostra esa falta de proxecto de país para Galicia por parte do Partido Popular.

Gustaríanos saber se a partir de agora isto vai funcionar sempre así e xa non temos que prestar atención ás comparecencias das conselleiras e agardamos a que Feijóo —onde apareza, a través dos medios de comunicación— vaia marcando as liñas de cada consellería. Gustaríanos saber se a conselleira Ethel Vázquez vai seguir sendo unha conselleira de cartón

pedra ou vai haber algún movemento con esta emenda que lle fai tanto Feijóo como o Grupo Popular, por certo, Grupo Popular ao que naquela comparecencia lle parecían fantásticas todas as propostas da conselleira de Infraestrutura e hoxe xa non lle parecen tan fantásticas e trae esta proposta de enorme calado, porque estamos falando dunha proposta que muda completamente as políticas de infraestruturas, que muda completamente as políticas de transporte de mercadorías e que afecta directamente o noso modelo produtivo.

Pola nosa banda, máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal Ogando.

Teñen a palabra os grupos autores das proposicións non de lei. En primeiro lugar, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Efectivamente, estamos na rede global europea, pero ¡como estamos!: estamos excluídos das redes prioritarias, que é do que estamos falando hoxe, que é dos cartos para financiar eses eixos prioritarios. Porque, claro, aquí vías de tren xa hai, pero non valen para isto do que estamos falando hoxe, e por iso este acordo que propoñemos aquí, porque estamos falando, efectivamente, desa rede básica prioritaria e sobre todo deses nove proxectos prioritarios que son os que contan co aval do acordo do Parlamento Europeo aprobado, por certo, no ano 2013 con 583 votos a favor e 29 en contra. E os parlamentos tamén poden modificar as propostas, aínda que veñan dos gobernos estatais. Había tempo para tomar un acordo diferente, podíase facer outra cousa.

E agora, no ano 2017, con vistas ao ano 2018, pois están falando de cambiar este deseño, esta exclusión de Galiza, pero, claro, nós estamos preocupados porque a resposta que tivo o presidente da Xunta do ministro de Fomento desde logo non nos deixa ser moi optimistas. Porque resulta que o presidente da Xunta de Galiza, representando a comunidade de traballo Galicia-norte de Portugal, fai dúas propostas concretas para trasladar ao cumio hispano-luso e resulta que o tiran á papeleira, que din que non é o foro, que a onde vai con esa proposta, que non se trata alí. Pero xustamente nese foro apróbanse, impúlsanse os que son os eixos prioritarios que conectan a costa portuguesa, os portos portugueses, incluído o do Porto e Aveiro, coa Meseta e con Europa. Polo tanto, quedamos fóra. Polo tanto, estamos preocupados por esa posición do Goberno do Estado.

As propostas do BNG son claras. Son tres. Por un lado, a aposta polo corredor noroeste, pola súa integración nesas redes prioritarias europeas e, polo tanto, o acceso ao financiamento neste período que vai ata 2030, que vai supoñer o investimento de máis de 23.000 millóns de euros; e neste sentido podemos dicir que coincide no fundamental coa proposta do Partido Popular.

Tamén, a mellora e a modernización da rede ferroviaria interna, que se completa esta proposta tamén coas achegas que fai o Partido Socialista e tamén coa potenciación do eixo atlántico, cun eixo competitivo tamén para o transporte por mercadorías para ligar, conectar A Coruña e Ferrol con Lisboa a través deste eixo.

E seguimos expresando as dúbidas a respecto desta proposta do corredor cantábrico, que non acabamos de entender moi ben. Pensamos que a saída histórica de Galiza cara á Meseta e cara a Europa é a través de Monforte, a través de Medina del Campo e pola fronteira francesa. E foi sempre esa saída e, polo tanto, non sei se se pretende que se faga un novo trazado, un novo deseño, unhas novas vías que teñen que ter estas características de dobre ancho e de ancho europeo e estar electrificadas, e non sei se o que se nos está propoñendo aquí é que o porto de Vigo saque as súas mercadorías a través de Xixón e a través de Santander. Non acabamos de entender moi ben esta proposta.

En todo caso, pensamos que hai tempo para chegar a un acordo, para chegar a un consenso, para chegar á unanimidade deste Parlamento, e faremos o posible para que así sexa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra o señor Fernández Prado, en representación do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Moitas grazas, señor presidente.

Por empezar, señor Bará, polo último, eu creo que podemos falar desta emenda que presentou a Marea sobre o tema do Cantábrico. En calquera caso, está redactada de forma que eu creo que permite posterior evolución ou deseño tanto coa posibilidade de Feve, de nova vía; é dicir, do que fala é de mellorar ese transporte de mercancías vía o eixo cantábrico. Eu creo que podemos ter puntos de acordo aí para chegar todos xuntos a esa emenda.

O que si que me estrañou é que teñen visións a Marea e o BNG diametralmente opostas; é dicir, para a Marea, Feijóo o que lle manda é o ministro e obedece, e o señor do BNG dixo que ao que pide Feijóo o ministro non lle fai caso. Aclarémonos, porque, ademais, non é ningunha das dúas cousas: é un traballo do Goberno galego con outros gobernos autonómicos que tamén queren esta proposta e coa sociedade, a través doutros foros —eu xa participei en foros do eixo atlántico—, que, como sociedade, como gobernos autonómicos que son —máis dun— piden ao Goberno isto, e non hai ningunha orde nin por suposto ningún desprezo por parte do ministro.

En calquera caso, tamén me gustaría aproveitar —porque aquí se falan tantas cousas— para deixar claro, primeiro, que o transporte xeral, pero o transporte ferroviario, é un aspecto para este grupo e para o Goberno que o sustenta prioritario e básico para Galicia e seguirémolo defendendo, a pesar de que as competencias, evidentemente, son do Ministerio de Fomento, pero como goberno e como grupo creo que xa levamos dado uns cantos exemplos.

Aprobouse e meteuse o tren Lugo-Ourense nos orzamentos e na primeira reunión do ministro co presidente Feijóo; a saída sur de Vigo, ese compromiso claro da saída de Vigo; o Vigo-Porto, que xa estivo no cumio hispano-portugués do outro día e que xa está con prazos concretos; na mellora do tren Ferrol-A Coruña está contratado o proxecto pola Xunta de Ga-

licia para pode falar desa conexión, non só de pasaxeiros senón tamén de mercadorías, para a modernización desa vía; o tema da intermodal.

En xeral, o compromiso é claro, tanto do Goberno como deste grupo, co transporte ferroviario. Polo tanto, creo que temos espazo, temos posibilidades para chegar a ese acordo, entendemos —como todos os grupos— que isto é prioritario, que debemos de loitar conxuntamente.

E quero rematar agradecendo esa vontade de consenso e agradecendo o apoio a estas iniciativas dos dous grupos e desexando e esperando que, se hai algún matiz, o poidamos concretar xa, porque para unilas necesitamos a unanimidade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para mellorar o sistema público de pensións

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación:

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para:

1) Derrogar a regulación da xubilación anticipada do Real decreto-lei 5/2013, do 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, e, de forma íntegra, a Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revaloración do Sistema de Pensións da Seguridade Social, así como a Lei 35/2014, de Xeral da Seguridade Social, en relación co réxime xurídico das Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social.

2) Recuperar a centralidade do Pacto de Toledo e do diálogo cos interlocutores sociais.

3) Mellorar os ingresos provenientes de cotizacións sociais a través da elevación gradual da base máxima de cotización e da mellora progresiva das bases mínimas (vinculada ao incremento do SMI).

4) Establecer a cotización dos traballadores e traballadoras autónomos en función das súas rendas ou ingresos.

5) Atribuír ao Estado o custo das medidas de fomento do emprego, con incidencia nos ingresos da Seguridade Social, así como o financiamento dos gastos que escapan da lóxica contributiva. De igual modo, incrementar progresivamente o financiamento do Estado a través da creación dunha nova figura impositiva que terá carácter finalista e vinculado ao financiamento das pensións.

6) Reforzar o Fondo de Reserva a través dunha mellora da súa regulación.

7) Incrementar as pensións mínimas para garantir os parámetros fixados polo Convenio 102 da OIT.

8) Recuperar a medida incluída na Lei 27/2011 de incrementar a pensión de viuvez para maiores de 65 que non reciban outra pensión pública ata alcanzar o 60 %, que foi suspendida reiteradamente polo Goberno do PP durante todo o seu período de Goberno.

9) Elevar ata o IPREM anual o limiar de rendas establecido para o acceso ás prestacións non contributivas e, en consecuencia, a súa contía.

10) Recuperar a cotización por xubilación nos supostos de percepción do subsidio asistencial por desemprego ata o 125 % do salario mínimo.

11) Mellorar a cotización dos traballadores máis novos a través da posibilidade de adquirir períodos de cotización mediante a subscrición dun Convenio Especial, e incrementar as bases mensuais de cotización dos contratos de aprendizaxe e de formación.

12) Recoñecer a todas as mulleres un "bonus" de dous anos de cotización por cada fillo (nado ou adoptado) a efectos do cálculo das pensións.

13) Incrementar substancialmente a pensión de orfandade a través dunha mellora das prestacións familiares, en especial en casos de familias con menores rendas.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día a todos e a todas.

Hoxe o BNG trae aquí esta iniciativa, que pretende ser de defensa do sistema público de pensións. Queremos dar o debate sobre a situación das pensións, sobre ese debate aberto arredor da viabilidade do sistema de pensións, as ameazas ás que se enfronta, as mentiras oficiais, e todo para promover unha nova reforma que lles facilite facer negocio coas pensións públicas.

Antes de máis, quero enviar un saúdo aos pensionistas da CIG que hoxe se concentraron aquí ás portas do Parlamento e acaban de entregar no rexistro máis de 14.000 sinaturas en demanda dun sistema público de pensións, despois dunha campaña de sensibilización e de propostas.

O debate sobre a sostibilidade do sistema de pensións públicas vén de lonxe. Desde hai anos vén prognosticándose a súa quebra, promovendo un sistema privado xestionado polos bancos. Alá pola década dos noventa desátase unha forte campaña publicitaria, da banca, das compañías aseguradoras, para captar clientes para os fondos privados de pensións. Necesítase atemorizar a opinión pública presentando como inviábel o sistema público de pensións. A razón é ben sinxela: por un lado, o interese de recortar a administración pública; por outro, o de transferir ao sistema privado a xestión dun volume de capital formidábel derivado dos fondos de pensións públicas.

E desde esa década dos noventa o debate internacional sobre a reforma das pensións estivo sempre dominado polas teorías xurdidas na contorna do Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional ou a OCDE, que defenden fortes recortes nos sistemas públicos de pensións, acompañados da capitalización individual a través do sector privado.

O argumento central que utilizan, sempre a través de informes dos comités de sabios —ben sexa dito, formados case sempre por representantes da banca e das aseguradoras—, é que o sistema de pensións é insostíbel. As razóns que presentan son que a esperanza de vida aumenta progresivamente ao mesmo tempo que hai menos cotizantes por causa da caída da poboación activa. A partir desa idea, estenden a alarma social pregoando que a longo prazo non haberá diñeiro para pagar as pensións. E o obxectivo —xa o dixen antes— é favorecer as privatizacións das pensións e permitir ao capital financeiro xestionar esas inxentes cantidades de cartos das pensións públicas.

Un ataque progresivo e constante no Estado español. En 1997 o Goberno Aznar aproba a lei que establece un cambio fundamental, que é que a totalidade das pensións contributivas pasan a financiarse exclusivamente coas cotizacións sociais, sen que o Estado interveña. En 2007, xa cun goberno do Partido Socialista, acórdanse medidas como o aumento do tempo cotizado para ter dereito a unha pensión, rebáixanse as cotizacións á patronal. En 2011 pásase de que a idade de xubilación en 2027 pase a ser de 67 anos, pásase de quince a vinte e cinco anos o período para calcular a base reguladora da pensión, auméntase de trinta e cinco a trinta e sete anos a idade necesaria para cobrar o 100 % da pensión, recórtase o complemento de mínimos para as pensións daquelas persoas que teñen padecido unha precariedade laboral ao longo da súa vida e, por primeira vez, conxélanse as pensións.

No 2012 —Goberno do Partido Popular, con Rajoy—, infame reforma laboral, reforma do sistema de desemprego, a Lei de decembro de 2013 pon o colofón a estas reformas. ¿Que traen consigo? Desvinculan definitivamente a actualización das pensións do IPC, só pode haber como unha subida do 0,25 %, introdúcese o factor de sostibilidade, adiantaron logo a entrada en vigor para o ano 2019, e que vai ter en conta a esperanza de vida; é dicir, canto máis se viva, menos se vai cobrar polas pensións. En resumo, compleméntase isto co saqueo ao fondo de reserva das pensións.

Anos de ataques á clase obreira, mentres se acatan as ordes dos amos da Unión Europea, protéxese a evasión de capitais, a corrupción, subvenciónase a Igrexa, rescátase a banca, rescátanse as autopistas, aumenta o beneficio das empresas diminuíndo as súas obrigacións; ataques á maioría social e beneficios para a minoría que ostenta os privilexios e o capital.

Estas medidas son especialmente mesquiñas en Galiza. Primeiro, porque temos as pensións máis baixas do Estado español e unha maior porcentaxe de pensionistas en relación coa nosa poboación; as pensións son o único ingreso que entra en moitos fogares e son miles os fogares onde o único ingreso procedente das prestacións son as pensións. E, segundo, porque se suma a outras medidas tamén tremendamente inxustas, como o copago de medicamentos, o copago polas residencias, a suba do IVE, da auga, da luz, dos carburantes. E hoxe temos un empobrecemento masivo dos e das pensionistas; case o 60 % dos pensionistas galegos están por debaixo do salario mínimo, a media está 15 puntos por debaixo da media do Estado; é especialmente preocupante a situación das mulleres: unha de cada catro mulleres de máis de 65 anos está por debaixo do umbral da pobreza.

Mentres se teñen metido aos bancos miles de millóns de euros, 60.000 millóns de euros, que xa se declara que non van ser recuperables, ¡60.000 millóns de euros!, amnistías fiscais para os defraudadores, actúan coa maior das durezas e das crueldades contra os que cometeron como único delito traballar duramente durante toda a vida.

É evidente que estamos diante dunha decisión ideolóxica, non é unha cuestión técnica, non é unha cuestión de recursos, porque, evidentemente, hai outra forma de recadar. O BNG ten presentado cantidade de iniciativas para que se recade alí onde están os cartos, que é no tramo de arriba, non apertándolle o cinto á maioría social, mais a folla de ruta é afondar na liña neoliberal de individualizar e de regular as relacións laborais e de tomar medidas orientadas a dificultar o acceso e reducir a contía das pensións.

Non é unha cuestión —insisto — simplemente de recursos, é de aposta ideolóxica, é da mentira que está instaurada a respecto da sustentabilidade do sistema de pensións. Evidentemente, a primeira medida a tomar sería un outro modelo económico e ir desmontando mentiras instauradas.

A primeira é que o Estado español gasta moitísimo en pensións. O Estado español ten un custo por pensións inferior ao do resto da Unión Europea; gasta menos do 10,5 % do seu PIB; Italia, o 15,8 %; Grecia, o 14,3 %; Francia, o 13,8 %; Portugal, o 13 %. Se o Estado español igualara as pensións por exemplo como Italia, recadaría 57.300 millóns de euros; descontando co que paga agora, aínda quedarían libres 34.000 millóns de euros.

Outra cuestión de onde se poden sacar recursos: salarios máis altos non cotizan á Seguridade Social; a partir de 3.751 euros non se cotiza. Se todos eses salarios que son das rendas máis altas cotizaran, recadaríanse anualmente 7.000 millóns de euros.

Deixa de ingresar o Estado 4.600 millóns de euros polas desgravacións das pensións privadas. Se esas pensións privadas non desgravaran, que é a incentivación de cara aos bancos, teriamos 4.700 millóns de euros máis.

E na caixa da Seguridade Social descóntanse todos os gastos da Seguridade Social, pago de persoal, gastos correntes, investimentos, 4.000 millóns de euros ao ano.

É dicir, teriamos como mínimo 40.000 millóns de euros máis ao ano soamente con estas cuestións. Logo podemos falar do que se lle dá á Igrexa, á Casa Real, ao Exército...

E logo —a cuestión é evidente— é preciso cambiar o mercado de traballo actual, de miseria e precariedade, por outro de salarios e condicións dignas.

No ano 2011, cun mercado de traballo xa non florecente, pero aínda sen entrar en vigor estas nefastas reformas laborais, a Seguridade Social tivo un superávit de 2.300 millóns de euros. É evidente que, co mercado laboral que implementaron, de baixos salarios, incremento de contratos por horas, horas non pagadas, etc., etc., pois dá como resultado esas cifras.

E logo tamén unha cuestión, ese mantra de que Galiza é deficitaria en pensións; é dicir, é unha mentira. E, ademais, é que non queren computar as máis de 300.000 persoas, galegos e galegas, que traballan fóra de Galiza, que cotizan fóra de Galiza, pero que logo, á hora de cobrar as pensións, só lle computan a Galiza, cando o ingreso para a caixa non llo queren computar a Galiza.

Podemos falar dos 90.000 millóns de fraude fiscal que a Asociación de Técnicos de Facenda ten calculado que é a fraude fiscal.

É dicir, trátase de modelo ideolóxico, trátase de non querer recadar, trátase de querer instaurar o mantra da imposibilidade de manter o sistema de pensións.

Por iso, o BNG, fronte a eses novos intentos de reforma do sistema de pensións que pretenden introducir, presentamos esta iniciativa, que vai na dirección contraria. Primeiro, é derrogar as reformas laborais que levaron a este mercado laboral infame e de miseria; logo é que se tomen todas as medidas normativas para a aprobación dunha nova lexislación laboral e social...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...que restitúa os dereitos perdidos como consecuencia destas sucesivas contrarreformas laborais, que favoreza dereitos e regulacións novas que melloren as condicións de vida e de traballo e fortalezan a clase traballadora diante do capital, o recoñecemento do dereito de xubilación de novo aos 65 anos...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...establecer un cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de dez anos, establecer o importe mínimo das pensións no salario mínimo interprofesional e eliminar as penalizacións de discriminación no acceso ás pensións da persoas empregadas a tempo parcial; é dicir, toda unha serie de medidas que cambien ese mercado laboral e que permitan que a situación... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señora Prado, grazas, grazas. Terminou o seu tempo. Señora Prado, terminou o seu tempo. Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señores e señoras deputadas.

«Se hai algo que non vou tocar, serán as pensións; voulle meter as tesoiras a todo menos ás pensións.» Isto era o que dicía o señor Rajoy antes de chegar ao Goberno. Claro, era a época en que estaba na oposición, era cando falaba de que os socialistas lles iamos a subir o IVE «aos chuches», e que nada tivo que ver co que pasou despois cando entrou a gobernar. ¿E que fixo? O primeiro que fixo foi introducir o copago dos medicamentos, unha medida que en tres anos, no 2014, no 2015 e no 2016, supuxo un custo de 800 millóns de euros ao ano para os pensionistas, mentres o que se revaluaban as pensións eran 200 millóns de euros, é dicir, un custo catro veces superior ao que se estaban incrementando as pensións; a suspensión da aplicación da recuperación do poder de compra; a introdución do factor de estabilidade, que introducía que os retallos se estenderan ata o final da vida das persoas; unha política en materia laboral para os maiores de 52 anos que provocaba que foran ao desemprego, que cotizaran menos e que acabaran con xubilacións anticipadas.

Ao mesmo tempo, un endurecemento da xubilación anticipada, e o máis importante e o máis grave, o que máis afectou o peto das pensións, que foi a redución dos ingresos na caixa da Seguridade Social. Uns ingresos reducidos por unha reforma que introduciu e que potenciou a precariedade, unha precariedade que houbo algún momento onde, cun incremento no número de afiliacións dun 3,18 %, os ingresos das cotizacións diminuían un 8 %; especialmente significativo en Galicia, na que, neste último trimestre —e son datos do INE, non do Partido Socialista—, o custo salarial está por debaixo do 10 % da media a nivel estatal.

Por iso, cando esta deputada hoxe pola mañá escoitaba o presidente Feijóo falar da súa política de maiores, da do Goberno do Partido Popular, pois tivo unha especie de problema de ubicación espacio-temporal e pensou por un momento estar en Copenhague, no palacio de Christiansborg, non dende logo aquí no Parlamento, posto que recordaba máis as políticas nórdicas que as que está poñendo en marcha o Partido Popular.

¿E como xestionou os gastos? Pois isto foi quizais o máis escandaloso de todo: está tiritando o fondo de reserva de pensións. Grazas —¡iso si!— a esa herdanza recibida, tantas veces maldita e mencionada polo Partido Popular, puideron gastar en cinco anos o que aforraramos en dez anos. Atopárono con 66.000 millóns de euros, supera en pouco os 10.000 millóns de euros, e imos camiño de que quede completamente baleiro.

Agora tócalles a vostedes xestionar a súa propia herdanza. A xestión política e o incremento no número de pensionistas —do que o Partido Socialista non lle vai botar a culpa, por suposto, ao Partido Popular—, froito do *baby boom* dos anos oitenta e dun incremento da esperanza de vida, está a provocar que estea fallando —e que vaia fallar— a peza máis importante do Estado de benestar, esa que funciona como acción solidaria e redistributiva, esa que é garante da cohesión social neste país e que é un dos alicerces —como dicía— do Estado de benestar. Son 880.000 persoas de entre 32 e 52 anos os galegos e as galegas que

van ver mermadas as súas pensións e ás que, seguramente, ninguén, a día de hoxe, lles pode asegurar que as vaian percibir.

Dende o Grupo Socialista consideramos e levamos defendendo dende hai tempo que hai compromisos que este goberno ten que poñer encima da mesa e comezar a cumprir. O primeiro, un compromiso político, claro no Pacto de Toledo, o punto de diálogo onde se debe establecer. Un compromiso social cos axentes sociais, que foron aos que se enmudeceu completamente, aos que non se escoitou nestes anos e aos que non se tivo en conta. Un compromiso xurídico-constitucional; hai que reforzar a Constitución tamén para que garanta a percepción das pensións para os nosos maiores, e hai que botar abaixo —como dicía a señora Prado Cores— esas leis do Partido Popular que o único que fixeron foi incrementar o risco onde está este sistema de pensións.

Nós hoxe presentamos unha emenda de substitución, onde incidimos nalgúns aspectos particulares a respecto das mulleres, das pensións mínimas. Por certo, a señora Prado Cores, nese percorrido que fixo por todo o sistema de pensións, a historia do sistema de pensións, esqueceu mencionar que o Goberno do señor Zapatero foi o que incrementou durante o seu mandato un 50 % as pensións mínimas para as persoas que teñen un fillo ou filla a cargo *(Aplausos.)*, e, por suposto, os socialistas sentímonos moi orgullosos de que fora o único presidente da democracia que así o fixo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Incrementar tamén a cotización dos contratos de formación, importantísimo tamén para encher de novo o peto das pensións.

En fin, señora Prado Cores, esperamos que hoxe poidamos —non a vexo moi convencida— ser capaces de chegar a un entendemento, a un acordo nesta materia, porque, aínda que —repito— o punto onde se debe de chegar aos compromisos políticos nesta materia é no Pacto de Toledo, que é o epicentro de todas as políticas de sostemento do sistema de pensións, é fundamental o debate tamén aquí en Galicia, e —como dicía vostede— estamos directamente afectados.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas.

Comezo tamén saudando as pensionistas que se manifestaron hoxe ás portas deste Parlamento. E quero dicir que imos votar a favor desta iniciativa. En principio, estamos de acordo coa iniciativa do Bloque Nacionalista Galego. A situación galega é especialmente preocupante, de sobra coñecida por todas nós. E simplemente poñendo enriba da mesa algúns dos datos que xa mencionaba a portavoz do Bloque Nacionalista, como que ao redor do 60 % das

pensións galegas están por baixo do limiar da pobreza ou a diferenza abismal que existe na media das pensións galegas fronte ás que atopamos no resto do Estado español, debería indicarnos a urxencia na que estamos para tomar medidas canto antes.

Unha das cuestións que queriamos salientar é a falsa neutralidade dos marcos nos que se está colocando este debate. Na actualidade está aparecendo con forza na axenda mediática este tema, pero o problema principal é que están saíndo un gran número de argumentos demagóxicos, un gran número de argumentos sesgados e, sobre todo, de parte. Preténdese reducir a cuestión coma se fora un debate simplemente técnico, de maneira que parece que as opinións que falan da inviabilidade do sistema público de pensións foran neutrais, cando en realidade estamos ante un tema atravesado por completo polo modelo político que queiramos instaurar. Non é unha cuestión técnica, é unha cuestión ideolóxica. E estamos nun tema onde non hai conciliación posible, ou polo menos nós así o entendemos.

Hai dous modelos enfrontados. Dun lado atópanse os que apostan por ir desmantelando o sistema público para favorecer os fondos privados, e, polo outro, atopámonos as que apostamos por un modelo de redistribución da riqueza e un modelo xusto. Realmente estanse aproveitando algúns temas, como o esgotamento do fondo de reserva da Seguridade Social, para tratar de consolidar este relato demagóxico de que non existe a posibilidade material de continuar co modelo de pensións público.

Partindo dun esquema excesivamente simplista, poderiamos resumilo con que hai unha desproporción de ratio xubiladas/activas que fai insostible que os traballadores sigan a sustentar as xubiladas. Para nós, este é un marco erróneo, falso, simplista e cuestionable, cando menos; pero non é nin casualidade nin tampouco é unha novidade. O réxime leva moito tempo tratando de colocar esta idea na opinión pública, e responde unicamente a dar novos pasos de cara á privatización e mercantilización de elementos da vida que ata determinado momento semellaban intocables, polo consenso político e social acadado, e que, cando se rompe este pacto, que xa era insuficiente, asistimos a un proceso continuo de destrución progresiva do común, destrución progresiva do social, en todos os ámbitos. E as pensións son un dos fundamentais. Cada vez semella máis evidente o curtocircuíto existente entre o exercicio ou a posibilidade do exercicio de certos dereitos das maiorías sociais en contra da rendibilidade de grandes grupos concentrados que avanzan sobre a mercantilización dos ditos dereitos.

E o debate das pensións, como dicía, hai que enmarcalo dentro dun debate moito máis xeral sobre a distribución da renda e sobre o traballo, porque non é certo que o problema principal sexa o envellecemento. O principal problema reside no conxunto das políticas de austeridade. Estas foron as que conlevaron taxas de desemprego altísimas, as que fomentaron o emprego a tempo parcial, as que fomentaron traballo precarizado e desmantelaron a rede de coidados. E, como é lóxico, a menor emprego e a peores salarios, obviamente menores cotizacións.

E as pensións non son un caso illado. O réxime ten un obxectivo estratéxico moi claro, que pasa polo espolio do público. E neste caso o Partido Socialista e o Partido Popular especialmente foron os que favoreceron esta acumulación por desposesión das clases traballadoras. E fomos asistindo a numerosas reformas que foron profundando nun modelo cada vez máis

inxusto, que cada vez prexudica a unhas minorías. Estas reformas do Partido Socialista e do Partido Popular viñan da man das propostas da Unión Europea, colaboraron decididamente no desenvolvemento de políticas neoliberais, que viñan a dedo mandado da Unión Europea, para diminuír a contía das pensións públicas.

Tamén, antes de rematar, quería facer unha pequena mención. A economía feminista ten aportacións imprescindibles neste debate. O desprazamento do traballo reprodutivo aos fogares, a subordinación constante do traballo reprodutivo á esfera produtiva e as desigualdades de xénero en canto ás condicións de traballo teñen consecuencias moi destacables no tema das pensións. De feito, a fenda de xénero nas pensións non diminúe, vai en aumento. O importe medio que cobramos as mulleres galegas en comparación cos homes é de case 300 euros de diferenza. Por iso é urxente visibilizar o traballo reprodutivo, e nomealo, visibilizalo e recoñecelo para que non recaia exclusivamente na metade da poboación.

E, como dicía, as solucións que temos que darlle a este problema pasan por solucións conxuntas, por rematar coas políticas de austeridade no seu conxunto, blindar o sistema público de pensións, garantir o seu poder adquisitivo máis alá dos cambios de conxuntura económica. E para iso poderiamos dicir que o que necesitamos é equilibrar a desigual distribución da renda entre traballo e capital.

E xa remato cunha frase que debería ser coñecida por todas, que deberiamos ter presente na nosa participación política, que é: «Para nós, nada; e para todas, todo.»

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, antes de nada quero manifestar a satisfacción, a miña persoal e a do Grupo Popular, por que a sesión fotográfica da señora Prado Cores no exterior cos manifestantes non lle impedira acudir a este debate. Estou seguro de que lle pode mandar copia da foto á alcaldesa de Moaña, que llo vai agradecer moito. *(Aplausos.)*

En fin, importan máis as manifestacións que o debate rigoroso. O debate rigoroso non importa, e é evidente escoitando a quen me antecedeu aquí nesta tribuna.

Miren, segundo os representantes da renovada e auténtica esquerda, os problemas da sostibilidade do noso sistema de pensións son unha invención da elite financeira para alarmar a poboación e así privatizar os seus aforros. Todo isto, por suposto, coa sempre necesaria complicidade do Partido Popular, traidor a ese pobo alienado e ignorante —que dirían algúns—que se empeña teimudamente en votalo, elección tras elección —tamén coa traizón do PSOE, pero iso só cando non gobernan con eles, ¡eh!—.

Como conto macabro non está mal. Pero, para falar de pensións, eu creo que, mellor, xéneros literarios máis realistas. Cando se trata dos problemas dos cidadáns é preferible o rigor do informe técnico á poética do conto tráxico. E un tratamento dos datos obxectivos amosa unha realidade ben distinta, señorías.

Miren, foi este Partido Popular o que no ano 1996, no seu primeiro consello de ministros, tivo que aprobar un crédito de 3.000 millóns de pesetas para pagar as pensións dunha Seguridade Social que deixaron os señores socialistas ao borde da quebra. E foi este Partido Popular o que despois creou o fondo de reserva da Seguridade Social para garantir o pago das pensións en caso de déficit da Seguridade Social *(Aplausos.)*, para pagar as pensións en caso de déficit da Seguridade Social, cuestión que os señores do Partido Socialista parecen non comprender.

Miren, cando nos deixaron vostedes a Seguridade Social cun déficit superior aos 7.700 millóns de euros, ¿que esperaban que fixésemos? ¿Conxelalas, como fixeron vostedes no ano 2011, ou dicirlles aos cidadáns que fosen contratando un plan de pensións privado, como fixo o seu ministro señor Solbes? Non, señoría, ese non é o noso modelo. Nós, coma sempre, apechugamos, cadramos as contas, tomamos as medidas responsables que vostedes foron incapaces de tomar e, unha vez máis, aseguramos o sistema de protección social que vostedes situaron novamente ao borde da quebra, ¡outra vez o mesmo ministro! *(Aplausos.)*

E agora, señora Blanco, reclámanos unha mellor xestión. A señora Blanco reclámanos unha mellor xestión do fondo de garantía das pensións, os mesmos socialistas que durante os anos 2008 e 2009 se negaron a ingresar no fondo os case 15.000 millóns de euros de superávit que tivo a Seguridade Social, eses mesmos socialistas. ¿Cales eran entonces as súas prioridades? Porque o sostemento das pensións, non.

Presume agora de deixar 66.000 millóns de euros na caixa do fondo. Moi ben, diga cando. Foi no ano 2011, no mesmo ano no que vostedes lles guindaron 2.000 millóns de euros aos pensionistas deste país, un 2,9 % de perda de poder adquisitivo dos pensionistas. *(Aplausos.)* Pregúntolle: ¿por que entonces non utilizaron o fondo de pensións para o que estaba previsto, que era para pagar as pensións. Explíquenllelo aos que lles guindaron o 2,9 % do seu poder adquisitivo no 2011, a eses. *(Murmurios.)* Miren, importáballes máis cadrar cifras macroeconómicas. Foi o maior retallo da historia das pensións públicas, a única conxelación en corenta anos de democracia, e pretenden dar agora lecciónns. ¡É incrible!

Miren, foi o PP o que garantiu que iso non volvese pasar, revalorizando obrigatoriamente un 0,25 % as pensións anualmente. Por certo, iso como mínimo, que o que non contan vostedes é que se poden revalorizar medio punto por enriba do IPC. Espero que nalgún caso poidamos facelo.

E dende que se aplica ese criterio, por certo, as pensións revalorizáronse. En Galicia hoxe páganse 1.148 millóns máis de euros en pensións que no ano 2011. *(Murmurios.)* E foi o PP o que evitou o rescate ao que nos abocou o Goberno Zapatero; un rescate, por certo —que non o contan—, que supuxo diminuír as pensións un 15 % en Irlanda, un 40 % na Grecia de «Alexis, Podemos está contigo» e un 40 % en Portugal.

Miren, señorías, nós sabemos que a Seguridade Social ten problemas. ¿Saben cal é o problema da Seguridade Social? ¡É este señorías, é este! ¿Recoñecen esta curviña roxa que se ve aquí? Son as 3.300.000 persoas que mandaron vostedes ao paro durante o seu goberno, ese é o problema. *(Aplausos.)* E ¿cal é a solución?, ¿cal é a solución que nos propón a esquerda? Derrogar as leis que reverteron esa situación e voltar ás leis que nos levaron a ela. ¡¿Como non se nos ocorrera antes?! ¡Que xenialidade! E non se lle ocorrera máis que á xente da esquerda. ¡Que ben!

Miren, inventen os contos que queiran, pero a realidade é que se retrasou a idade media da incorporación ao mercado laboral, diminuíu o número de anos cotizados durante a vida laboral e aumentou a esperanza media de vida, e iso obríganos a replantexar as cousas. E ignorar esas variables supón condenar ao fracaso un magnífico sistema de protección. Para iso se impulsou o Pacto de Toledo. Por certo, nese Pacto de Toledo fixéronse algunhas recomendacións; por exemplo, a dun índice de revalorización de pensións distinto ao IPC. ¿Por que agora non cumpren o acordo que tomamos no Pacto de Toledo? E foi a lei do señor Zapatero a que estableceu a necesidade dun factor de sostibilidade que teña en conta o aumento da esperanza de vida. ¿Tamén renegan do señor Zapatero?

Miren, señorías, se queren enterrar vostedes corenta anos de socialismo, están no seu dereito, poden facelo. Pero os españois tamén temos dereito a recordar, e recordaremos o sacrificio que nos custou pasar de que en España se destruíran 3 empregos por cada 9 pensionistas, como pasaba no 2011, a crear 7 empregos por cada 9 pensionistas, como pasa agora. Recordaremos o esforzo que nos supuxo pasar de destruír 3.300.000 empregos a crear máis de 500.000 traballos ao ano.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Recordaremos os galegos o que nos custou pasar dos 50.000 parados no último ano do Bipartito aos 22.000 novos empregos do pasado ano. E seguimos traballando, señoría. Aínda que 2 de cada 3 traballadores galegos teñan un contrato indefinido a tempo completo, nós queremos máis. E aínda que a contratación indefinida aumente en Galicia nun 14,92 %, queremos máis. E aínda que a contratación a tempo completo creza 5 puntos por riba da parcial, queremos máis. E por iso imos impulsar unha lei de emprego, por iso imos investir máis de 900 millóns de euros para crear máis de 80.000 postos de traballo, e por iso imos seguir poñendo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos, rematou o seu tempo. *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas, grazas, señor Pazos. Rematou o tempo. ¡Rematou o tempo! Grazas, grazas, xa terminou o tempo. *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Turno de réplica da señora Prado.

A señora PRADO CORES: Antes de máis, señor presidente, agardo que vostede lle aclare ao señor Pazos que ninguén advertiu ao Grupo do BNG de ningún cambio na orde do día. Dígoo para ser xustos. *(Murmurios.)* Ninguén advertiu ao BNG de ningún cambio na orde do día.

O señor PRESIDENTE: Non, non, perdón, señora Prado. Iso non é exacto. Eu advertín a portavoz do cambio, si, si,

A señora PRADO CORES: ¿A que portavoz?

O señor PRESIDENTE: Á portavoz súa.

A señora PRADO CORES: ¡Non!

O señor PRESIDENTE: Non, por favor, non imos discutir isto porque llo falei a todos os portavoces.

A señora PRADO CORES: ¡Home, home...!

O señor PRESIDENTE: Non, perdón. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Non, non... Bueno, si, pero sei perfectamente o que pasou.

Perdón... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Vamos ver! Perdón, eu creo que, cando falei con vostede, lle dixen... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Perdón!, todos somos razoables. Eu sei o que lle dixen, o que pasa é que, cando eu falei con vostede, posiblemente falamos máis doutra cousa, que vostede xa sabe cal é. E, ao mellor, ao mellor, puido despistarse da orde do día. *(Murmurios.)*

¡Perdón!, non imos entrar máis en diálogo nisto. Perdón, non me aturullen porque... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Perdón!, ¡perfecto!... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Pontón, xa está, xa está entendido. Non está no uso da palabra, señora Pontón. Terminou o seu tempo. Xa está, non está no uso da palabra. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Grazas. Xa está.

Non, non é falta de respecto, eu comuniquei... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Perdoe, xa está, xa está. Señora Pontón, non ten a palabra xa. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Pontón, non ten a palabra. Non me obrigue... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, perdoe, ¡xa está!

(Aplausos.)

Non sei como explicarlles o que sucedeu, pero eu son consciente de que informei. Ao señor Villares informeino, ao señor Leiceaga informeino dos cambios do día. Con vostede... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, se me deixa falar vostede, pódeme entender; se

non, é imposible que me entenda. *(Murmurios.)* Se non me deixa falar é imposible que me entenda. Non, non, non necesita falar, que estou falando eu. Necesita escoitar.

Eu o que lle quero dicir é que, cando eu falei con vostede, é ben certo que nos alongamos noutra cousa. Eu creo que lle comuniquei que estaba a señora Prado pendente dunha negociación para cambiar esta proposición non de lei tamén. ¿Díxenllo ou non? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Vale!, ¡perfecto! Pois eu creo que a informei de que había sucesivos cambios na orde do día.

En todo caso, é ben certo que agora a señora Prado a min me dixo que non tiña coñecemento de que se tiña... Pero ese é un problema que ao mellor eu non o propiciei. Entón... *(Murmurios.)*

En todo caso, está aclarado. Creo que está aclarado todo.

Señora Prado, o seu turno de réplica. *(Murmurios.)*

¡Silencio, silencio! Non, non, ¡silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, os deputados fan afirmacións... *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora Prado...

(O señor Puy Fraga pide a palabra.)

Perdón, ¿para que quere a palabra, señor Puy?¿Para que é? *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)*

Xa lle dixen eu que se podía tramitar noutro pleno. *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)* Xa llo dixen a ela... *(Murmurios.)*

Non, é que se empezamos a falar todos... É que é unha cousa que para min está clara. ¿Era para iso? *(Murmurios.)* ¡Claro, por iso! Xa llo dixen. Iso xa llo dixen eu tamén. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)*

¡Silencio, por favor!

A cousa é máis sinxela, a cousa é máis sinxela. *(Fortes murmurios.)*

Perdón, ¡silencio! Así entendémonos todos.

Esa oferta xa a formulei eu, a de que se podía formular esta pregunta noutro pleno. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, o señor Pazos, se non o entendeu, enténdeo agora. Hai tempo para todo. *(Fortes murmurios.)* Hai tempo para todo, e estouno explicando.

En todo caso, creo que está isto suficientemente debatido.

Señora Prado, a súa pregunta pode ser tramitada noutro pleno. E agora, se quere, pode facer vostede a súa réplica á proposición non de lei.

Grazas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, señor Vega, por favor. ¡Silencio, silencio, por favor!

A señora PRADO CORES: Un abuso continuado dos dereitos dos deputados e das deputadas e un uso tan discrecional dun lado e do outro que, vamos, a verdade é que mete bastante medo.

Eu entendo que o estilo de macarrismo do señor Pazos o leve a usar calquera cousa e o que fora... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Esa expresión tampouco é correcta. *(Protestas.)*

A señora PRADO CORES: Si, si.

O señor PRESIDENTE: Non, non é correcta. *(Fortes murmurios.)* Non é correcta. Entendo eu, señora Prado, que non é correcta, non é correcta.

A señora PRADO CORES: O que puido ser un erro da Presidencia... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio, por favor!

Sei que agora é complexo, agora é complexo, pero estamos rematando xa. Tranquilos. ¡Veña, adiante!

Siga, señora Prado, por favor.

A señora PRADO CORES: Estabamos falando de pensións, estabamos falando de miles de galegos e de galegas que se ven empobrecidos, que se viron empobrecidos con esas medidas fantásticas do Partido Popular. Eu supoño que votarán en contra desta iniciativa, porque o que pide é que se emende a plana ao PP e que se emende a plana o Partido Socialista, que levaron a esta situación actual. Entón, supoño que uns e outros votarán a favor desta iniciativa para cambiar de rumbo, para cambiar totalmente de rumbo e, en vez de seguir espoliando a clase traballadora —que traballadores pobres de hoxe dan, como consecuencia, pensionistas pobres de mañá—, que sexamos capaces de cambiar de rumbo. Entón, digo que, despois dese discurso, o que procederá será que voten a favor da iniciativa, que é derrogar todas as medidas postas en marcha polo Partido Socialista e polo Partido Popular. Será o mínimo, porque, se non, ese seu ton, señor Pazos, será que estaba moi mal, pero vostedes ségueno mantendo. Co cal non debe estar tan mal, cando non o derrogan é que non debe estar tan mal para vostedes; para o BNG, si.

E, mire, o problema das pensións non é un problema de cotizantes, é un problema de repartición, é un problema de repartición desigual. É un problema de repartición desigual da

riqueza. E con todas as medidas que puxeron en marcha coa escusa da crise, esa repartición é cada vez máis desigual.

Dato: 100 persoas do Estado español aglutinan arredor de 200.000 millóns de euros, o 19 % do PIB do Estado español. E no último ano, medrou un 4,5 %. Sen embargo, oito millóns e medio de pensionistas do Estado español representan o 12 % do PIB; é dicir, 8 millóns de persoas teñen bastantes menos ingresos que 100 persoas. Iso é do que estamos a falar. Estamos a falar de repartición tremendamente desigual da riqueza, de medidas que permiten esa repartición desigual e de que é necesario cambiar esas medidas para ir por un outro rumbo.

Dato: a pensión máxima do Estado español é das máis altas da Unión Europea, a segunda máis alta; e as pensións mínimas son das máis baixas da Unión Europea. É dicir, que estamos nun Estado español desigual nas rendas, desigual nas pensións, desigual no trato á poboación; co cal é evidente que se chegou aquí por medidas que foron poñendo en marcha e que, para cambiar, é necesario tomar medidas nunha ou noutra dirección. E algunhas son as que propón hoxe aquí o Bloque Nacionalista Galego.

Con respecto á emenda do Partido Socialista —que rectificar é de sabios, señora deputada do Partido Socialista, e é evidente que medidas que tomou o Partido Socialista son responsables desta situación; se vostedes están por rectificar, parabenízome—, facemos unha transacción, que sería de engádega de parte dos puntos que vostedes propoñen, coa excepción do 1, do 2, do 9 e do 11. É dicir, aceptariamos como engádega medidas para tomar coa excepción da 1, 2, 9 e 11, e quedaría a iniciativa coa parte resolutiva do BNG e con esa engádega deses puntos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.)

¿Outra cuestión de orde? ¿Cal é?

Déanlle voz ao escano do señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: En vista da sensibilidade que existe no presidente e no conxunto dos membros do Parlamento sobre algunhas expresións, eu pediríalle ao deputado do Partido Popular que retire a expresión «guindar», que ten sinónimos que poden ser ofensivos...

O señor PRESIDENTE: ¿Que expresión?

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: «Guindar».

Ten sinónimos que poden ser ofensivos para este grupo. Non lle pido que retire o conxunto da intervención, senón só esa palabra.

O señor PRESIDENTE: ¿Guindar?.

Vostede dirá, señor deputado. *(Murmurios.)*

O señor PAZOS COUÑAGO: Por non substituíla polo termo que se utiliza habitualmente desde a bancada, que sería o de «roubar», se lle parece, substitúoa por «detraer». *(Murmurios.) (Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Correcto, correcto. Está ben, si, enténdese ben.

Pasamos ás votacións. *(Murmurios.)*

¡Silencio! ¡Perfecto! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, ese é un cambio de expresión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perdón, perdón... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)*

Non, perdón, señor Leiceaga, eu creo que esa é outra expresión. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Imos votar.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Votamos as proposicións non de lei, e comezamos coa do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Noela Blanco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para cubrir a demanda existente de prazas públicas en escolas infantís.

Foron aceptadas as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para cubrir a demanda existente de prazas públicas en escolas infantís.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de dona Carmen Santos.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de Dª Carmen Santos Queiruga, sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Ministerio de Xustiza do aumento da planta do Ministerio Fiscal en Galicia e a súa dotación cun maior número de recursos, así como á Fiscalía Xeral do Estado da creación dunha fiscalía anticorrupción exclusiva para Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de don Antón Sánchez García.

Foron aceptadas as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre a elaboración polo Goberno galego dun estudo de viabilidade do rescate da autoestrada AP-9 para a súa xestión pública.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición que foi debatida en último lugar, que é a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores e cinco deputados máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para mellorar o sistema público de pensións.

Acéptase como engádega a emenda do Partido Socialista, excepto os puntos l, 2, 9 e 11. ¿É así? *(Afirmación.)*

Correcto.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para mellorar o sistema público de pensións.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Paula Prado del Río, sobre a mellora do marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles e do asinamento entrementres dun acordo bilateral ao respecto, e a actuación naquelas casos en que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social.

Non se aceptaba a emenda de En Marea, pero está pendente unha transacción co Grupo Parlamentario Socialista. ¿Haina? *(Afirmación.)*

Pois léaa, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

A transacción da emenda co Partido Socialista di o seguinte: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao Goberno de España para que inicie os trámites que permitan mellorar o marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles, sinaladamente, a), a modificación do artigo 245 do Código penal co fin de reorientar e adaptar o tipo penal de usurpación á situación actual; b), a potenciación lexislativa dos xa existentes procedementos por xuízo rápido como procedementos modelo para os delitos de ocupación de inmobles dentro da regulación do artigo 795 da Lei de axuizamento criminal; c), as modificacións lexislativas necesarias para posibilitar a adopción de medidas cautelares tendentes ao desaloxo de inmobles dende o comezo da instrución sumarial.

2. Instar para a elaboración dun protocolo entre a Delegación do Goberno en Galicia e a Fiscalía Superior co fin de que, no marco do xa vixente artigo 795 da Lei de axuizamento criminal, se promova que os delitos relacionados coa ocupación de inmobles sexan obxecto de xuízos rápidos.

3. Naqueles casos nos que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social, arbitrar en colaboración cos concellos as medidas necesarias para o seu realoxamento a través dos distintos programas postos en marcha pola Xunta de Galicia.»

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos esta transacción.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Paula Prado del Río e quince deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a mellora do marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles e a solicitude á Delegación do Goberno e á Fiscalía do asinamento entrementres dun acordo bilateral ao respecto, así como a actuación que debe levar a cabo naqueles casos en que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 20.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto transaccionado.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as proposicións non de lei números 6 e 8, que son do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular. Unha sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dunha estratexia global a favor do transporte ferroviario de mercadorías e as demandas que debe realizar ao Goberno central. E outra sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a conexión de Galicia, as comunidades do norte de España e a rexión norte de Portugal ao corredor atlántico na revisión do Regulamento do mecanismo «Conectar Europa» que se vai realizar no ano 2018.

Hai entrambas as dúas unha transacción que me fixeron chegar. É unha transacción longa, coñécena os grupos, e votámola, polo tanto.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a conexión de Galicia, as comunidades do norte de España e a rexión norte de Portugal co corredor atlántico na revisión do Regulamento do mecanismo «Conectar Europa» que se vai realizar no ano 2018 e mais da Proposición non de lei do G. P do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luis Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dunha estratexia global a favor do transporte ferroviario de mercadorías e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

En consecuencia, queda aprobado este texto transaccionado das dúas proposicións non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona María Dolores Toja.

¿Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario...? *(Murmurios.)* ¿Hai unha transacción? Se a quere ler, por favor.

A señora TOJA SUÁREZ: O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a realizar os estudos necesarios que determinen as accións a realizar para que os helicópteros adscritos ao Servizo de Gardacostas de Galicia sexan totalmente públicos, así como a súa operatividade e mantemento.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Votamos, polo tanto... Perdón. ¿Si? *(Risos.)*

Votamos, polo tanto, esta transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Dolores Toja Suárez e D. Julio Torrado Quintela, sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar a substitución dos helicópteros Sikorsky *S-76 C+, coñecidos como* Pesca I *e* Pesca II, *polos* Dauphin 365 *que pertencían á Xunta de Galicia no ano 2005.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

(O señor López Crespo pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: ¿Para que quere a palabra, señor López Crespo?

Perdón, déanlle voz ao escano... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* ¡Tranquilos! El empezou a súa intervención dicindo que ía votar afirmativamente esta proposición de lei e agora acaba de votar en contra. Ten dereito a explicación de voto.

Proceda, polo tanto. Ese é o Regulamento. Eu non trampeo o Regulamento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Proceda, señor Crespo. Explicación de voto.

O señor LÓPEZ CRESPO: Señorías, ¿por que se excitan? *(Risos.)* Eu comecei onte, señora Toja, animándoa á calma, dicíndolle que iamos votar que si. *(Murmurios.)* Dicíndolle que iamos votar que si empecei a miña intervención. Iso é o que me dá dereito a pedir explicar o voto.

O señor PRESIDENTE: Pois fágao.

O señor LÓPEZ CRESPO: Despois de terminar a intervención, falei con vostede, e díxenlle que iamos pedir a votación por puntos. E vostede díxome: si, non hai problema, estes dous

puntos que presentamos nós da nosa emenda e o terceiro da emenda do BNG, onde pide a compra por parte da Xunta dos helicópteros para que sexan públicos. Agora chego aquí e atópome a miña palabra contra a súa, que vostedes fan unha modificación da que eu non teño coñecemento e onde se mete de rondón o carácter público deses helicópteros.

Polo tanto, o Grupo Popular non quere ser incoherente, segue mantendo o compromiso de que vai haber helicópteros, de que van funcionar 365 días ao ano, 24 horas ao día, e por iso agora vota que non, porque a nós non se nos mete de rondón un carácter público onde se dicía que ía ser o terceiro punto.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor López Crespo.

(A señora Toja Suárez pide a palabra.)

¿Si, señora Toja? ¿Para que quere a palabra?

A señora TOJA SUÁREZ: Para dicir que o de «servizo público» estaba onte xa na emenda que presentou o Bloque e que só se engadiu «realizar estudos...» ...

O señor PRESIDENTE: Non, non...

A señora TOJA SUÁREZ: É que está faltando á verdade...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Xa está. Terminou o debate.

Interpelacións.

Abran as portas. Terminou a votación, por favor.

Pasamos ao punto quinto, que é o de interpelacións, e, tal e como se comentou, foi aprazada a que figuraba en primeiro lugar.

Interpelación de D. José Manuel Lago Peñas e D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en materia de emprego

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Bo día.

Espero que a desbandada e o balbordo sexa só un desprezo a este deputado e non darlle as costas á sociedade galega, que considera que isto do que imos falar é o principal problema que ten o país. *(Aplausos.)* Dío a cidadanía un día e outro día cada vez que se lle pregunta.

Pero traemos o tema do emprego a esta sala e desbandada, balbordo, desinterese. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Bueno, ¿que quere que lle faga? Non escoitei o que pasou porque me estaba falando a señora vicesecretaria neste momento. Pido desculpas. En todo caso, supoño que o poderán arranxar entre vostedes; non creo que sexa un tema tan grave.

Prosiga, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Os debates sobre o desemprego, a devaluación salarial, a fenda salarial feminina, a pobreza laboral, as desigualdades, os accidentes de traballo teñen que ter presenza nesta Cámara e contar co interese dos deputados e das deputadas cando se fala deste tipo de cuestións.

Ben sei que a evolución do mercado de traballo vai máis alá das responsabilidades dun goberno. O goberno non ten todo o mérito do emprego que se destrúe nin do emprego que se crea porque a sociedade, a economía é máis complexa. Por iso, para valorar a acción dun goberno, os resultados da súa política económica e laboral, o mellor instrumento é facer unha análise comparada co que ocorre noutros territorios, neste caso o noso país co resto das comunidades autónomas que conforman o Estado.

Vou dicir un dato que me gustaría que os deputados e as deputadas escoitaran con atención: a comunidade autónoma que ten a peor evolución laboral dende o ano 2007 en todo o Estado español é Galicia. Son datos do Instituto Nacional de Estadística, da EPA, comparando o primeiro trimestre do ano 2009, cando o PP comezou a gobernar, co primeiro trimestre do ano 2017. E a comparación desas datas demostra que a evolución das variables do mercado de traballo foi a peor en todos os casos: menos emprego, máis desemprego, máis precariedade laboral e menos poboación activa.

Ben, isto é unha interpelación. Eu son respectuoso coas fórmulas do Parlamento, incluso teño esa pretensión de que cando fago unha pregunta na Comisión de Economía se me responda. Como isto é unha interpelación, vou interpelar; deixo a análise, vou interpelar.

Señor conselleiro de Emprego, ¿como pode explicar que en Galicia haxa 136.700 empregos menos que cando empezou a gobernar hai oito anos? ¿Como é posible que despois de tres anos de crecemento do PIB teñamos un nivel de emprego moi inferior ao que tiñamos no ano 2009, no momento máis duro da gran recesión? ¿Como pode explicar que nas dúas últimas lexislaturas a destrución de emprego en Galicia fora do 12 %, mentres que na media do Estado foi do 4 %? Isto é, a destrución de postos de traballo no noso país multiplícase, é o 275 % máis alta que a media do Estado. Señor conselleiro, ¿como pode explicar que Galicia sexa a comunidade autónoma que máis emprego perdeu entre as dezasete que conforman o Estado español entre o ano 2009 e o ano 2017?

Cambio de ramo, señor conselleiro de Industria, ¿como se pode explicar que dende o ano 2009 perderamos 46.000 postos de traballo na industria, un de cada catro dos que había cando vostede empezou a gobernar? E iso fai que Galicia —escóiteo ben— sexa a comunidade autónoma do Estado que máis emprego industrial perdeu.

Señora conselleira do Medio Rural, ¿como pode explicar que, a pesar da nosa especialización produtiva, das nosas vantaxes competitivas na agricultura, na gandería, na pesca, perderamos 20.000 postos de traballo, un de cada cinco dos que había? E iso fai que Galicia sexa a a comunidade autónoma que máis emprego no sector primario perdeu dende o ano 2009.

¿Como pode explicar, señor conselleiro de desemprego, que despois de tres anos diso que o discurso do poder chama «recuperación» siga habendo en Galicia 217.100 persoas en paro, 57.000 máis que cando empezaron a gobernar?

Señor conselleiro de Política Social —creo que senta por aí—, ¿como pode explicar que o número de fogares en Galicia que teñen todos os membros en paro aumentara o 65 % desde que ocupou o Consello da Xunta? Xa son 75.000 os fogares que non teñen ningún ingreso, nin salario, nin pensión, nin prestación por desemprego; incrementáronse o cen por cento. ¿Como pode explicar —pregunta fundamental— a Xunta de Galicia que dende o ano 2009 o desemprego medrara en Galicia —¡atentos!— seis veces máis que a media de España; seis veces máis a taxa de variación da poboación parada, desempregada, que na media de España?

¿Que explicación ten que dende o ano 2009 Galicia sexa a comunidade autónoma na que máis medrou o desemprego entre as dezasete comunidades autónomas do Estado, Andalucía incluída? ¿Que explicación ten que o diferencial positivo que ten e tiña o noso país na taxa de paro, que era do 5,2 —a nosa taxa de paro estaba 5,2 puntos por debaixo da media do Estado— agora só sexa de 1,4 puntos e se reducira ese diferencial positivo para o noso país no 73 %?

¿Como pode explicar que haxa máis de 90.000 persoas que levan en desemprego máis de dous anos, mentres que no ano 2009, no momento da gran recesión, eran 22.000? Isto é, os parados de moi longa duración, os excluídos do mercado de traballo nesta fase que se chama recuperación, son catro veces máis que os que había no momento da gran recesión.

Remato.

Señor Feijóo, ¿como pode explicar que Galicia sexa a comunidade autónoma do Estado coa peor evolución laboral das dezasete comunidades que conforman o Estado español? Non é que esteamos entre as peores, é que somos a peor, a que máis emprego destrúe, na que máis medra o desemprego, a que perde máis emprego na industria ou no sector primario.

Señor conselleiro, ¿cal é a explicación desta anomalía galega? ¿Que sentido ten que sexamos a peor comunidade autónoma da evolución do mercado de traballo dende o ano 2009 ata o ano 2017, no tempo que vostedes levan gobernando? ¿Hai algunha explicación desta anomalía do noso mercado de traballo que tanto sufrimento produce á nosa poboación que non sexa a política económica do seu goberno?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Lago, agradézolle que, efectivamente, traia a esta Cámara a situación do mercado laboral e, polo tanto, o principal obxectivo, o principal reto que temos dende o Goberno, dende as diferentes consellerías, para loitar, efectivamente, contra o paro e sobre todo para crear emprego e crear emprego de calidade, que ese é o verdadeiro obxectivo.

O único que me chama a atención é que vostede o traia aquí, a este debate, e unha vez máis se sitúe e intente sesgar e intente esaxerar a súa análise estatística, facendo referencia á situación e á comparativa dende o ano 2009, e chámame a atención porque iso vostede sabe perfectamente que non é realista.

Vostede di que no primeiro trimestre de 2009 Galicia estaba no máis duro da gran recesión. Iso dio o seu texto e díxoo na súa intervención, pero dio a sabendas de que ese primeiro trimestre foi o primeiro trimestre no que o produto interior bruto galego caeu en termos interanuais; sábeo perfectamente. O primeiro trimestre do ano 2009 foi o primeiro trimestre no que o PIB galego se reduciu en termos interanuais. E sabe que eses valores en negativo seguiron caendo permanentemente ata o segundo trimestre do ano 2013, e moitas veces con caídas superiores ao primeiro trimestre do 2009, que foi do 1,4. Incluso sabe que se rexistrou unha dobre recesión no ano 2012 e no ano 2013. O curioso é que sabendo todo isto, que o sabe, vostede veña aquí facer unha comparativa dende o ano 2009.

Mire, señoría, dende xaneiro do ano 2014 xa temos recuperados 70.000 empregos, temos un 11 % máis de activos entre as persoas maiores de 35 anos do que tiñamos no primeiro trimestre do ano 2009, sabe que a ocupación neste colectivo tamén creceu nun 4,5 % e sabe que a taxa de emprego entre os de 25 e máis anos volveu superar en Galicia o 71 %. E todos estes datos en positivo, señor Lago, son tamén datos de afiliacións e da enquisa de poboación activa; polo tanto, non son datos deste goberno.

O que resulta difícil de entender é por que fai esta exaxeración dende o punto de vista estatístico e intenta mudar unha realidade que é totalmente distinta no ano 2017 da que vostede quere trasladar aquí. Incluso se quere falamos da EPA do ano 2017, que sería bo que se centrara nela, porque se colle ese dato no primeiro trimestre do ano 2017 temos un bo escenario, porque sabe —e sería bo traelo aquí tamén ao debate— que por primeira vez en cinco anos se rexistra un incremento da poboación que quere incorporarse ao mercado de traballo. Situación totalmente distinta á que ocorre en España, que sabe que no conxunto do Estado a poboación activa diminuíu nun 0,6 %. Por iso, sinxelamente, señor Lago, non lles interesa facer unha análise e unha diagnose da situación do mercado laboral, ¡non lles interesa!

Eu lamento que iso sexa así, pero en calquera caso vostede interpélame e eu vou darlle loxicamente a resposta a todos os plantexamentos que vostede me trasladou. E sabe que o obxectivo do Goberno é crear 20.000 postos de traballo este ano, ese é o obxectivo que temos no Goberno. E todos os indicadores económicos están marcando que hai unha previsión de

crecemento positivo, e estanse revisando á alza todos os prognósticos; alza na que, por certo, a evolución de Galicia se está a marcar por enriba da Unión Europea. Polo tanto, eu non pretendo vir aquí e caer na autocompracencia, en absoluto, pero si creo que estamos nunha boa situación, creo que estamos na obriga de mandar unha mensaxe de optimismo, pois os datos así o corroboran, e sabe perfectamente a importancia que tamén ten trasladar a confianza aos mercados.

Polo tanto, imos seguir traballando para que eses datos macroeconómicos, que é o obxectivo do Goberno, sigan sendo datos macroeconómicos en positivo. Vostede trae aquí unha Galicia en negro, eu tráiolle aquí unha Galicia en verde. E esa Galicia en verde está demostrando que os datos macroeconómicos de Galicia son en positivo. O reto é, loxicamente, que eses datos en positivo se poidan trasladar definitivamente ás familias e que, polo tanto, as familias sexan as protagonistas da recuperación.

Cando vostede me fala de política social, eu creo que tamén debería dicir aquí que hoxe temos 27.600 fogares menos con todos os seus activos en paro que no peor momento da crise. Esa é a realidade. E tamén é realidade que hoxe temos 57.000 fogares máis con todos os seus activos ocupados. Esa é a realidade. Polo tanto, creo que sinceramente é onde hai que centrar o debate.

Señorías, eu creo que parece que aquí todos, menos En Marea, confiamos en Galicia, confiamos nas nosas capacidades, confiamos na ambición por saír adiante e, sobre todo, confiamos en que precisamos traballar por un modelo produtivo moito máis sólido e que xere valor engadido. Por iso o que me sorprende é que aquí non queira falar de políticas de emprego e de política industrial, sorpréndeme enormemente. Quere vir falar de emprego, e nin me fala nin de políticas de emprego nin me fala de política industrial. E o Goberno ten política de emprego e ten política industrial. Creo que aí é onde hai que centrar o debate.

Sabe que aumentamos os orzamentos un 16,4 %. Sabe que temos unha Axenda para o emprego, onde estamos revisando todas as medidas para fomentar unha maior inserción laboral, unha inserción laboral para as familias que peor o están pasando con parados de longa duración, e intentando fomentar a contratación en definitiva. E sabe tamén que esa Axenda 20 para o emprego, nese obxectivo de inserción laboral, se está ocupando dos máis xoves, porque os máis xoves é un dos obxectivos prioritarios. Por iso xa lle podo adiantar que mañá no Consello da Xunta aprobaremos un novo programa de emprego xuvenil, dotado con 9 millóns de euros, para incentivar a contratación, non só por conta allea indefinida nos traballadores máis xoves, senón tamén a contratación por entidades sen ánimo de lucro, e tamén favorecer o emprego autónomo. *(Aplausos.)* Un programa de emprego xuvenil onde ademais apoiaremos a contratación indefinida con ata 14.000 euros no caso dos menores de 30 anos.

Temos nesa política de emprego tamén actuacións específicas para favorecer o papel da muller no mercado laboral, para favorecer a contratación laboral dos mozos e mozas e tamén para achegar esa formación e emprendemento ao rural.

En definitiva, unha política de emprego concreta, que intenta favorecer a inserción laboral e que intenta favorecer a contratación.

Pero gustaríame que falaramos da principal política de emprego que ten que ter unha economía, señor Lago: a política industrial. ¿Por que non quere falar de política industrial cando falamos de emprego? ¿Por que non quere falar de innovación, de talento e de aposta pola industria? Señor Lago, En Marea só coñece unha política industrial, que é a política industrial do veto. Vostedes vetan a automoción, como fixeron con Citroën. Vostedes vetan o naval, porque non queren que en Navantia se constrúan barcos para Arabia Saudita. Vostedes vetan o forestal, porque queren desmantelar Ence. Vostedes vetan o aeronáutico, porque non queren que se desenvolva o polo aeronáutico de Rozas. Vostedes vetan o *hub* de GNL loxístico de Ferrol, porque acaban de votar en Ferrol o desmantelamento de Reganosa. Vostedes vetan, señor Lago, a minería sostible; ¡sorprendente, vetar en Galicia a minería! Señor Lago, son o partido do veto, e así non se pode crear emprego.

Este goberno é un goberno que sabe que a política de emprego ten que ter como fundamento unha política industrial que aposte pola industria e pola creación de emprego. Nese contexto creo que é onde hai que situar o debate. E eu lamento esa obsesión súa de facer unha comparativa dende o ano 2009, cando sabe perfectamente que non foi a peor situación que tivo Galicia dende o punto de vista do mercado laboral.

Creo sinceramente, señor Lago, que se quere falar en serio de emprego ten que falar das políticas de emprego e das políticas industriais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Conde.

Réplica, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Señor Conde, eu creo que hoxe quedou en evidencia cal é o problema coa política de emprego neste país, e é que eu lle preguntei ao conselleiro de Emprego, ¿e sabe quen me contestou? O conselleiro de Industria. Ese é o problema deste país, *(Aplausos.)* que eu lle preguntei ao conselleiro de Emprego e me contestou que por que non temos un debate de política industrial. E é aí, e verémolo cando presentemos a moción que substanciará esta interpelación, onde hai un dos problemas que hai. Porque, efectivamente, non hai ninguén neste país que teña responsabilidade exclusiva sobre as áreas de emprego. Non hai unha estrutura dentro da Xunta de Galicia que actúe de forma profesional sobre os temas de emprego. E cando se lle pregunta ao conselleiro de Emprego, responde o conselleiro de Industria. E iso é algo que ocorreu, e o Partido Popular rectificou, cando estaban fusionadas as consellerías de Medio Rural e de Pesca, porque, efectivamente, cando se lle preguntaba á conselleira de Medio Rural contestaba a conselleira de Pesca, porque non era o seu tema de actuación.

Segunda idea, sorpréndeme, señor conselleiro, que negue o da crise no ano 2009. Eu sempre entendín o discurso aquel do Partido Popular de que Zapatero, aquel perverso presidente, negaba a crise. O ano 2009 é o ano da gran recesión, con caída do PIB do 3,6 %, destrución de centos de miles de postos de traballo. Pero, ben, é un tema de debate académico. ¿Por que falo do ano 2009 e 2017? Porque é o balance do que pasou, e é o balance do seu goberno,

porque vostedes gobernan non dende o ano 2014, gobernan dende o ano 2009, e o balance é o conxunto dese período.

Señor conselleiro, vou agradecerlle unha cuestión, e gustaríame que os deputados e as deputadas do Partido Popular o oíran ben: non negou nin un só dato dos que eu dixen nesta Cámara, ¡nin un! Polo tanto, todo iso que dixen do emprego industrial, do emprego agrario, do desemprego, etc., non está negado pola Xunta de Galicia e, polo tanto, é o que é, é a realidade.

Claro, vostede fala —e é un debate máis longo— de que había que dividir o ciclo económico en dous elementos: a parte da recesión e a parte do crecemento do PIB. Totalmente de acordo. Pero ¿sabe que sucede cando se fai isto? Pois que Galicia é a comunidade autónoma que menos emprego xera a partir do ano 2014, que Galicia é a comunidade autónoma na que menos se reduce o desemprego dende o ano 2014. Porque para desgraza do noso país destruímos máis emprego na fase recesiva e estamos creando menos emprego na fase expansiva. E iso é o que eu cualifico de anomalía. Non hai ningunha razón para que o noso país teña peores datos do mercado de traballo que Andalucía, que Estremadura, que Cataluña ou que todos eses países de comunidades autónomas territorios mal gobernados.

Nese sentido, —eu, en fin, claro que o acepto— a economía galega ten unha sincronía case total coa economía española, e temos unha sincronía moi elevada coa Unión Europea, porque cando se comparten uns instrumentos de política económica, política monetaria por poñer un exemplo, é moi difícil. Non é posible que Galicia creza e o conxunto do Estado estea en recesión, e non é posible que nós esteamos en recesión se a economía do Estado está en expansión. Polo tanto, o instrumento para medir é o diferencial, a diferenza. E eu o que lle estou dicindo é que no noso país na recesión caemos máis e na recuperación crecemos menos.

E remato coa última idea, que eu lle dixen antes e vou volver dicilo, porque me apetece dicilo aquí: eu son moi respectuoso co Parlamento e gústanme as diferentes figuras parlamentarias. Cando hai unha pregunta, un espera que o que está enfronte lle responda. E cando un fai unha interpelación, interpela, non fai discursos. Vouno dicir nun segundo: na Comisión 3ª temos dez minutos para formular unha pregunta, eu digo: pero ¿que parvada é esta?, unha pregunta formúlase en trinta segundos ou nun minuto. Ben, isto é unha interpelación, eu interpéloo, e se o que me plantexa é que falemos de que cousas nós propoñemos, será o 12 de xullo cando esta interpelación se substancie nunha moción.

Remato con esta idea: existe unha anomalía no mercado de traballo en Galicia con respecto ao Estado, porque destruímos máis emprego na recesión e creamos menos emprego na fase da expansión económica. E a iso eu —agás que me convenza vostede— só lle atopo unha explicación, e é a política económica e non laboral dun Goberno que non considera que para enfrontarse ao principal problema que ten o país non fai falla unha Consellería de Traballo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Rolda de peche desta interpelación, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Lago, efectivamente, vostede trae aquí unha serie de datos que son datos que están recollidos nas estatísticas. A única anomalía desta interpelación é que vostede pretenda traer aquí un debate sobre a situación do mercado laboral en Galicia intentando facer esa comparativa dende o ano 2009. Sabe que iso non é realista e vostede insiste nese plantexamento.

Eu tamén lle dou datos, que vostede tampouco negou, e eu doulle datos para demostrarlle que Galicia está moito mellor hoxe que no ano 2009. Por exemplo, no ano 2009, no primeiro trimestre, o paro aumentaba a un ritmo de 52.000 persoas/ano; iso tamén é un dato concreto. E sabe que estamos mellor que no primeiro trimestre do ano 2014, cando a taxa de Galicia superou o 23 % e hoxe está no 17 %. E estamos mellor tamén que o conxunto de España e con comunidades autónomas que hoxe teñen unha taxa de paro moi superior, como poden ser Estremadura ou Andalucía. E vostede sabe, señor Lago —dando datos—, que a recuperación continuada do produto interior bruto en Galicia se iniciou no terceiro trimestre do ano 2013 e que esa recuperación do emprego empezou a principios do ano 2014.

E sabe —vou seguir dando datos tamén obxectivos e concretos— que levamos corenta e tres meses consecutivos de descenso do paro, que en Galicia xa temos menos de duascentas mil persoas desempregadas, que temos unha taxa de redución interanual do 9,5 %, que Galicia tivo a segunda maior baixada dende o inicio da crise económica nun mes de maio. E sabe tamén que temos un nivel de paro inferior a marzo do ano 2009.

E se falamos de afiliacións tamén sabe que están aumentando con respecto a hai un ano en 22.125 afiliacións. Sabe que incluso en termos de calidade de emprego a contratación indefinida está aumentando, igual que a contratación a tempo completo. Son datos que marcan claramente, señor Lago, dende o punto de vista do Instituto Nacional de Estatística, tamén unha evolución en positivo que vostede non quere traer aquí.

Pero, señor Lago —eu vou insistir—, ¿por que non falamos da realidade? ¿Por que vostedes non queren falar da política industrial cando falamos de emprego?, ¿por que? Sorpréndeme. ¿Por que vostedes cando queren facer unha evolución ou unha análise da evolución da poboación activa —que a fixo de forma implícita— non queren falar de demografía?, ¿por que non queren falar de demografía? ¿E por que non queren recoñecer que en Galicia a poboación activa está crecendo nos grupos de idade a partir dos 35 anos, e saben que a taxa de actividade das persoas de 25 a 54 anos está rozando o 86 %, case 1,5 puntos máis que no primeiro trimestre do ano 2009? ¿Por que non queren falar de que os mozos e mozas cada vez están estudando máis e, polo tanto, non se están incorporando ao mercado de traballo e temos en Galicia unha taxa de abandono que pasou do 25 % ao 13 %? ¿Por que non queren encontrar a caída da poboación activa en que hai que buscala máis na demografía que na economía? ¿Por que non queren falar de que somos a segunda comunidade autónoma con maior índice de envellecemento? ¿Por que non queren falar de que Galicia é a primeira comunidade autónoma que ten unha taxa de poboación por riba dos 65 anos e que é a máis alta? ¿Por que non queren falar destas cuestións? ¿Por que non queren falar e recoñecer que o saldo migratorio de Galicia co estranxeiro entre as persoas de entre 16 e 29 anos é positivo?

Señor Lago, isto é facer unha análise e traer a este Parlamento un debate que entendo que é onde hai que situalo. E eu o que lamento é sinxelamente que vostede tampouco recoñeza esa vinculación entre unha política industrial que crea emprego e a propia situación do mercado laboral. E lamento e non sei cal é a súa posición porque non o quixo... seguramente non quere recoñecer cal é a súa posición sobre Rozas, e non quere recoñecer aquí cal é a súa posición sobre Navantia nin sobre Citroën. A do seu grupo é clara: unha política industrial de veto, veto a todo o que significa a creación de emprego, na automoción, no naval, no aeronáutico, na minería, no loxístico. É o partido do veto en materia de política industrial. Están nese sentido, dende un punto de vista conceptual, inhabilitados tamén para falar tamén de política de emprego.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pasamos ao punto da orde do día de preguntas.

(O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.)

Si, señor Fernández Leiceaga, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano do señor Leiceaga, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Só quince segundos para pedir desculpas ao Pleno do Parlamento e, especificamente, ao Grupo Popular en relación coa última proposición non de lei do noso grupo, na que por erro se leu a transacción como se fora o conxunto da parte propositiva da iniciativa cando faltaban os dous puntos nosos. Nós somos os primeiros en lamentalo porque non foron sometidos a votación eses puntos.

Máis nada, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Señor López Crespo, ¿acepta polo que vexo as desculpas? *(O señor López Crespo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Bueno, si, está desculpado, é unha desculpa. Bueno, mala sorte, é unha desculpa e acéptaa. E está ben que se hai un erro que se pida unha desculpa. É de agradecer. Eu agradézollo.

Pasamos ao punto 7 da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego da recente viaxe a China do presidente da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Pregunta do señor Pazos Couñago, do Grupo Parlamentario Popular.

Cando queira.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Calquera Goberno responsable, conselleiro —e sen dúbida o galego, presidido por Alberto Núñez Feijóo, o é—, ten a obriga de permanecer vixiante ante os movementos e reposicionamentos que se están a producir no conxunto da economía mundial. Nun contexto dunha economía globalizada resulta evidente que as distintas iniciativas impulsadas polos principais axentes económicos mundiais condicionan de maneira importante as estratexias de futuro de calquera que aspire a desenvolver un papel destacado no conxunto da economía mundial.

O Grupo Popular ten amosado a súa confianza nas bondades do comercio internacional. E froito desa confianza sempre respaldou as distintas iniciativas desenvolvidas polo Goberno galego para impulsar acordos e crear marcos de confianza con distintos países que posibiliten intercambios comerciais que redundan —así o cremos— en mutuos beneficios económicos. Estes acordos permitiron un desenvolvemento positivo da economía galega, unha de cuxas grandes apostas foi a súa internacionalización, froito da cal as exportacións do noso país medraron exponencialmente nos últimos anos. O último dato coñeciámolo hoxe: 10,8 de aumento das exportacións no último trimestre, un novo récord histórico de exportacións.

En consecuencia, o Goberno galego non podía permanecer impasible ante o anuncio realizado en outubro de 2014 polo presidente chinés Xi Jinping, de impulso da estratexia denominada «Nova ruta da seda». Sen dúbida, que China abandone o aislacionismo e se incorpore de maneira decidida ao comercio internacional é unha boa nova para os chineses e para o conxunto da comunidade internacional. Para Galicia a apertura de China supón unha oportunidade de internacionalizar a nosa economía dende unha dobre óptica:

Por unha banda, e ante o anuncio de importantes investimentos realizados polo Goberno chinés, supón a posibilidade de presentar a candidatura galega para converterse en receptor privilexiado dunha parte importante deses investimentos. E por iso é fundamental dar a coñecer as vantaxes competitivas da nosa comunidade: líder en ámbitos tan importantes como o portuario, co primeiro porto pesqueiro de Europa como é Vigo ou os portos exteriores de Ferrol e A Coruña, as terminais de Vilagarcía e Marín, e así ata os 129 portos de Galicia, o que converte Galicia ademais en porto de referencia na autoestrada do mar. E que, xunto coa nosa rede viaria, os tres aeroportos galegos e a próxima chegada do AVE nos permiten aspirar a converternos na plataforma loxística do comercio chinés no sur de Europa.

Por outra parte, resulta evidente o interese das industrias galegas por acceder a un mercado potencial de máis de mil millóns de consumidores. Un mercado que, ademais, xa vén amosando o seu interese en sectores nos que Galicia ten acreditada unha enorme capacidade competitiva. A automoción, o naval, o sector agroalimentario, as industrias renovables ou o sector turístico poden, sen dúbida, competir no mercado chinés con toda garantía. E precisan do apoio do Goberno galego para situar a Marca Galicia como sinónimo de innovación, calidade e fiabilidade.

Por todo isto, o anuncio do Goberno galego de levar a cabo a primeira viaxe dun presidente galego a China espertou grandes expectativas no conxunto da sociedade e nos sectores produtivos galegos. E por iso, señor conselleiro, hoxe solicitamos que nos informe sobre cales foron os motivos que impulsaron esta visita, cales eran as expectativas con que a afrontaban e, en definitiva, cal é a avaliación que realiza o Goberno galego...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...da recente viaxe a China do presidente da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Pazos, acabamos de ter unha interpelación en materia de emprego e loxicamente, vinculado a esa política de emprego, trasladaba a esta Cámara a importancia da política industrial. E dentro desa política industrial, a capacidade que teña a nosa economía de abrir novos mercados é un dos obxectivos estratéxicos que ten este goberno, porque entendemos que a través da internacionalización é como o noso tecido produtivo pode seguir crecendo e, polo tanto, pode seguir non só consolidando o seu emprego senón tamén incrementando a capacidade de emprego. E nese contexto o noso tecido empresarial está respondendo a través das súas políticas de innovación e de talento, e sobre todo está respondendo e incrementando as súas exportacións e, polo tanto, incrementando a súa cota de mercado nos mercados internacionais.

Dende o ano 2009 incrementáronse as exportacións en Galicia un 43 %, pero o ano 2016 foi un ano de récord, onde por primeira vez se superou a barreira dos 20.000 millóns de euros de exportación. E acabamos de coñecer onte mesmo que esta tendencia segue, e xa pechamos o mellor primeiro cuadrimestre dun ano, cun incremento do 10,8 % nas vendas ao exterior rexistradas entre xaneiro e abril deste ano 2017. En definitiva, un incremento interanual que se sitúa nestes momentos en Galicia no 4,3 %, cando en España está baixando un 2 %.

E nese contexto é onde o Goberno quere abrir novas oportunidades para o noso tecido empresarial. E nese ámbito é no que se enmarca a acción diplomática que vén de liderar o presidente da Xunta de Galicia en China na súa primeira viaxe institucional e na primeira viaxe institucional dun presidente galego a este país. Estamos falando da segunda economía do mundo, estamos falando da segunda economía exportadora, só superada polo conxunto da Unión Europea, e estamos falando tamén da terceira economía importadora no mundo. Coincidirán comigo na importancia, polo tanto, desta viaxe, onde se explorou abrir novas vías de negocio, aumentar a capacidade exportadora do noso tecido produtivo e tamén atraer novos investimentos. Porque esa política internacional ten que ser de dobre vía, non só para incrementar as exportacións, senón tamén para poder atraer novos investimentos que ofrezan novas oportunidades.

A viaxe a China supuxo unha oportunidade para presentar a Marca Galicia, para seguir mellorando as nosas relacións con China, para amosar —como ben dicía vostede— que Galicia

é un lugar estratéxico para conectar América, Europa e Asia a través da Nova ruta da seda, e tamén presentar Galicia como un país onde paga a pena investir.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, eu quero comezar esta intervención agradecéndolle a información facilitada. Quero agradecerlle tamén ao Goberno galego que tomase a iniciativa de impulsar esta primeira viaxe institucional dun presidente galego a China. Quero agradecerlle que ademais esta viaxe se adentrase naqueles temas que son de interese para o conxunto dos galegos. E aínda que pareza unha obviedade tamén o felicito por ter cumprido co seu deber de maneira tan satisfactoria.

Porque o importante dunha viaxe institucional non é a viaxe en si mesma senón os obxectivos que se perseguen con esta viaxe. A determinación clara deses obxectivos e o establecemento dunha axenda institucional encamiñada a intentar acadalos establece con claridade a diferenza entre o que é simple turismo institucional —entendido como a toma de vacacións á conta do contribuínte— ou unha viaxe institucional entendida como un imprescindible labor do Goberno en prol da promoción económica e a apertura de novos mercados para o conxunto da sociedade galega.

Porque o certo é que nos últimos meses outras delegacións galegas xa chegaron tamén a China. Hai ben pouco tempo recordamos e tivemos a oportunidade de comprobar como tras recibir o alcalde Lores unha invitación persoal —por certo, unipersoal— para recoller un premio en China organizábase unha viaxe de cinco días para unha comitiva de catro persoas con cargo ao erario público. Iso si, a axenda ben pagaba a pena: unha mesa redonda, recoller un premio e unha conferencia. O obxectivo orixinario era promocionar o modelo de cidade, pero unicamente o único que se promocionou foi a un novo valor, un aspirante a modelo da industria erótica galega.

Tampouco podemos esquecer o desprazamento do Phileas Fogg das mareas municipais, o señor Ferreiro, na súa viaxe a China para colocar a primeira pedra dunha réplica da torre de Hércules e o máis importante de todo: para visitar o porto exterior de Shenzhen. Debe ser que quería coñecer un porto exterior e pareceulle máis adecuado facelo cun chinés que non co da Coruña, onde aínda seguen a esperar a súa visita.

Observando os antecedentes comprenderán as súas señorías que aos membros deste grupo parlamentario lles invada unha certa sensación de orgullo ao comprobar a normalidade coa que se desenvolveu a visita institucional da delegación galega encabezada polo presidente Feijóo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Eu queríalle formular unha pregunta para este segundo turno e que nos contase polo miúdo cales foron os obxectivos da viaxe, os resultados obtidos e as previsións...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pazos. *(Aplausos.)*

Ten a palabra para o turno de réplica o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Pazos, como lle comentei anteriormente, esta viaxe a China tiña obxectivos moi concretos, centrados tanto no eido institucional como no eido económico, no eido empresarial e no eido turístico. Estes foron os elementos que marcaron a viaxe.

Se me pregunta por un elemento diferencial e importante, diríalle que o presidente da Xunta de Galicia acudiu con preto de trinta empresas galegas; trinta empresas galegas nunha misión comercial, que mostraron a capacidade, a calidade, as vantaxes competitivas do noso país ante grandes multinacionais do sector da agroalimentación, do biotecnolóxico e tamén do sector industrial.

Tivemos a oportunidade con esta misión comercial de estreitar as relacións con tres das empresas máis importantes do país e, polo tanto, señorías, con tres das empresas máis importantes do mundo. Con COFCO, o maior provedor de produtos agrícolas chinés, presente en cento corenta países, e que se comprometeu a visitar Galicia para coñecer de primeira man a calidade e a excelencia do sector agroalimentario galego. Estivemos reunidos co Grupo JD.com, a maior plataforma de venda online; estamos falando dunha plataforma que ten 169 millóns de clientes ao día e que ofrece alimentos procedentes de trinta países, unha empresa que vai avaliar a posibilidade de incluír os produtos galegos grazas á súa calidade. E estivemos tamén co Grupo Shangai Fisheries, que non só comunicou a súa decisión de consolidar e ampliar a produción e exportación da conserveira Albo, senón tamén a súa disposición a colaborar e cooperar con Galicia noutros ámbitos do sector agroalimentario, neste caso a través do fondo Bright Foods, que é o fondo máis importante do sector agroalimentario no país de China.

Polo tanto, reunións concretas, resultados concretos, que tamén se trasladaron ao sector industrial. Tivemos ocasión de estar reunidos con Citic, que non só confirmou a consolidación do investimento de Citic Censa no Porriño, senón que tamén trasladou a intención que ten de desenvolver un novo investimento en Europa. E ante ese investimento Galicia ten presentada a súa candidatura. Nos próximos meses trasladaremos esa proposta e intentaremos, efectivamente, que o Grupo Citic poida seguir crecendo dende o punto de vista de investimentos industriais aquí en Galicia.

En definitiva, señoría, unha viaxe cun compromiso claro de seguir facendo de Galicia un territorio máis competitivo, seguir facendo de Galicia un territorio que poida atraer novos investimentos. En definitiva, unha viaxe a China que non é un punto final, que é un punto e seguido, e que agora o obxectivo é consolidar e darlles seguimento a eses lazos comerciais e, sobre todo, traballando coa confianza que Galicia pode aportar ao mercado chinés a través de produtos e servizos da máxima calidade e a capacidade para atraer...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...novos investimentos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a ausencia de representantes da Xunta de Galicia no congreso organizado polo Eixo Atlántico en Braga os pasados días 8 e 9 de xuño

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Pazos, como isto vai de viaxes internacionais, claro, preguntábase que facía o alcalde da Coruña vendo un porto exterior en China. Gustaríanos ir ver a conexión ferroviaria co porto exterior da Coruña, pero ata o 2021 non vai chegar. Polo tanto, o que non existe non se pode ver. *(Aplausos.)* Doutra banda, o único que podemos ver todos os galegos e galegas é un sobrecusto do 27 % das obras. Iso si, dixo o Consello de Contas que a ver se as xustifican.

Con relación á intervención, os pasados días 8 e 9 de xuño tivo lugar na localidade portuguesa de Braga o Congreso do Eixo Atlántico, que tiña como tema a debater a axenda urbana para a eurorrexión, ¿qué tipo de cidades queremos para Galicia e o norte de Portugal?, ¿como ordenar o territorio?, o modelo territorial de infraestruturas... En definitiva, un modelo colaborativo entre particulares, institucións e colectivos arredor do que constitúe a terceira macrorrexión a nivel peninsular por poboación e PIB, cuxa importancia radica para nós en que constitúe o espazo natural da relación social e económica nunha Europa sen fronteiras e en que non podemos entender seriamente unha estratexia real de infraestruturas e de vertebración industrial sen contar co norte de Portugal; tampouco para recibir a Nova ruta da seda.

Contámoslle todo isto, señor vicepresidente, para que saiba do que se falou alí, debido á súa clamorosa ausencia. Ausencia da Xunta de Galicia no congreso dunha institución que celebraba o seu 25 aniversario.

É evidente que o Goberno de Feijóo está desmontando a eurorrexión, que foi unha estratexia central da política exterior dos gobernos galegos ata a súa chegada. A ausencia da Xunta só se explica dende o desprezo do noso goberno polo país veciño, que levou a Feijóo a abandonar a súa relación institucional co Eixo Atlántico.

Os galegos sempre dixemos: «¡Menos mal que nos queda Portugal!». A diferenza do resto dos galegos, a Feijóo non lle queda nin Portugal. Hai un cambio evidente de estratexia exterior da Xunta cara á Meseta, o que implica unha recentralización das relacións exteriores dentro das directrices marcadas polo Goberno do Partido Popular no Estado, que non quere saber nada de que as comunidades autónomas fagan política exterior. Aínda que habería que preguntarse, como facía Castelao naquela viñeta, se eran máis estranxeiros os do outro lado da banda do Miño que os de Madrid. Pero, en todo caso, non se alarmen que non desvelaremos a resposta.

Ademais, Feijóo debeu de facer o curso CCC de carreira diplomática. ¿Como é posible que nunha xuntanza do Eixo Atlántico na que está representado Portugal polo seu primeiro ministro non haxa ninguén da Xunta de Galicia, ninguén? En termos de diplomacia e decoro institucional, o desplante que a Xunta lle fai ao Eixo Atlántico é antolóxico. Para vostedes non merece a pena e non merece a ocasión o envío de ningún representante, mentres que para o Goberno portugués a representación foi nada menos que do seu primeiro ministro, que se interesou pola marcha da eurorrexión; algo que parece non preocupar ao Goberno galego.

Dende En Marea tivemos a oportunidade de participar e compartir estas inquedanzas, aclarando que o compromiso político galego da eurorrexión estaba garantido, polo menos, pola nosa posición política nesta Cámara, sinalando esta como unha prioridade de acción exterior de Galicia. Prioridade, por certo, que a cidadanía galega comparte, como se viu na onda de solidariedade que esta semana coa traxedia do incendio de Pedrógão tivo lugar cos nosos irmáns portugueses.

A pregunta, polo tanto, é clara: ¿que lles pasa a vostedes coa eurorrexión?, ¿por que non recuperan o norte de Portugal e a eurorrexión...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...e o Eixo Atlántico dentro da política exterior galega? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villares.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Señor presidente.

Señor Villares, ben se ve o que lle importa a vostede todo isto, que é a primeira pregunta que fai sobre Portugal no que vai de lexislatura e empeza falando da viaxe do alcalde da Coruña a China. Así empezou vostede falando de Portugal e consumindo o seu tempo.

Non me vou dedicar a..., vou falar do que me pregunta todo o rato, e é moi sinxelo, non me facía falta moito tempo. Non fomos porque non fomos invitados. Non se invitou a Xunta de Galicia, señor Villares. Un pouco... Vostede entenderá do que estou falando, o que lle pasou a vostede a fin de semana pasada: o que estaba invitado e optou pola ausencia. Nós non puidemos optar pola ausencia porque non fomos invitados. Aí saía vostede gañando, non foi á festa das mareas porque optou pola ausencia. *(Aplausos.)* Nós non puidemos facelo.

E que fale de desprezo a Portugal cando acabamos de ter un exemplo do pobo galego —é certo—, dos voluntarios que alí están hoxe apagando, pero impulsando a Xunta de Galicia, que é o noso deber e a nosa convicción; que fale de desprezo a Portugal nestes momentos de solidariedade, paréceme especialmente grave e especialmente descoñecedor. De verdade, vostede é un recentemente chegado. Vostede tráeme un recado aquí ao facer esta pregunta —teño perfectamente claro que estivo vostede alí, intentou facerse notar— e agora tráeme un recado que lle dixeron que nos trouxera á Xunta de Galicia, de por que non fomos alí. Oia, pois devolución de recado: non fomos invitados.

Non lle preocuparon ata agora demasiado as relacións de Galicia con Portugal. E dígoo porque ou o estabamos facendo moi ben ou porque non lle importaban. E agora teño que dicir sinceramente que creo que seguen sen importarlle moito, porque se esta é a pregunta que me ten que facer, ten unha resposta moi sinxela. ¡Mire que hai cousas das que podiamos falar e ser interpelados!

O presidente da Xunta de Galicia, o presidente da eurorrexión e do grupo de traballo non están invitados á reunión. É o presidente da Xunta de Galicia, entendemos que é o que representa a Xunta de Galicia. Polo tanto, se non se invita o presidente da Xunta de Galicia, é moi difícil soster que a Xunta estaba invitada. É dicir, se non se quere invitar o presidente da Xunta de Galicia, habería que explicar por que. Pero entón que se invite o vicepresidente, —e permítame que fale un momento de min mesmo— responsable político das relacións exteriores e, polo tanto, tamén das relacións de cooperación con Portugal; tampouco fun invitado. Tampouco se quere invitar o vicepresidente, bueno, pois entón invitemos o director xeral de Relacións Exteriores e de Cooperación con Portugal, que leva os temas executivos do día a día da cooperación transfronteiriza e da cooperación con Portugal, especialmente co Norte de Portugal; tampouco foi invitado. Oia, invitemos entón o director da Asociación de Cooperación Transfronteiriza, con sede en Vigo, Goberno portugués-Goberno galego, que é o que leva xa aínda máis o día a día das relacións, máis incluso que o director xeral, e, por suposto, máis que o vicepresidente e o presidente; tampouco foi invitado.

En conclusión, por moito que se empeñe, a Xunta non foi porque non foi invitada. E tampouco estaba ningún representante do organismo portugués, do máximo organismo portugués, estaba o primeiro ministro de Portugal, pero, ¡oh casualidade!, o máximo organismo do Goberno portugués que leva as relacións entre Galicia e o Norte de Portugal tampouco

estaba alí; habería que preguntar por que. Tampouco estaba o Goberno de España; habería que preguntar por que.

Entón, se vostede foi alí e o pasou moi ben celébroo. Agora, non nos traia recados porque son....

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rueda.

Ten o turno de réplica o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Señor vicepresidente, fala vostede de festas e de invitacións ás festas e de que xente está invitada ou non está invitada ás festas. Pois, mire, no programa do Eixo Atlántico aparecen vostedes na lista de invitados; concretamente na clausura estaba confirmada a intervención de José Manuel Rey Varela, conselleiro da Xunta de Galicia. ¿Que pasa?, ¿xa o repudiaron como conselleiro da Xunta?, ¿non o queren no Goberno galego? *(Aplausos.)* Non é un documento de En Marea, é un documento do Eixo Atlántico, co cal vostedes saberán se si ou se non. Será un erro, será un erro. *(Risos.)* Pois faga unha protesta diplomática polo erro, xa que iso é así.

Mire, o recado non llo manda ninguén de alí nin ninguén de aquí, o recado mándallo a cidadanía de Galicia. Compórtense seriamente en relación ás institucións e en relación cos marcos de relación internacional, porque iso non lles afecta soamente a vostedes. E se vostedes teñen algunha cuita persoal ou algunha cousa institucional con alguén, soluciónenas en privado, porque nós queremos seriedade; seriedade nas relacións exteriores da Xunta de Galicia, seriedade no establecemento dun marco eurorrexional onde poidamos competir, onde poidamos colaborar, onde poidamos establecer realmente unha área social e económica, que sexa a terceira da península Ibérica, aínda que vostedes parecen ignoralo.

Un organismo non sospeitoso de estar aliñado con ningunha organización política, como é o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, o IGADI, facía unha serie de recomendacións con ocasión da elaboración da estratexia exterior de Galicia. Rescato isto que fago como propio do grupo parlamentario, tampouco nada de radicalismo por parte da nosa organización. Catro conselliños, catro conselliños de política exterior:

—Revitalizar a axenda de traballo de cooperación existente dentro da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, ante a visible parálise institucional existente nos derradeiros tempos en materia de cooperación transfronteiriza.

—Esta revitalización institucional debe necesariamente ampliarse no marco do eido europeo e hai que visibilizar o exemplo da cooperación transfronteiriza, que foi unha das pioneiras a nivel de Europa, e que vostedes abandonaron.

—A necesidade de reforzar o peso do Eixo Atlántico no noroeste peninsular como actor chave na formulación dunha axenda de traballo específica.

—Unha axenda de traballo específica que ademais...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...debía de incrementarse como consecuencia —vou rematando— da recente crise forestal e de incendios en Portugal, que pode tamén ter repercusións en Galicia.

Señor conselleiro, señor vicepresidente, sexa serio, manteña unha relación exterior seria coa que foi a primeira Comunidade de Traballo Transfronteiriza existente no marco da Unión Europea. Dean exemplo desa cooperación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...porque se non será imposible entender unha estratexia nin de infraestruturas nin de desenvolvemento industrial para o noso país. E, por suposto, non poderán recibir esas mercancías de China... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villares.

Ten o turno de réplica por parte do Goberno o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señor Villares, non se poña así porque lle recorde o que pasou a fin de semana. Eu era para poñelo en situación, ¡eh! Invitación e optar pola ausencia non nos pasou a nós, a vostede si. *(Murmurios.)* Era para poñelo en situación, para que vexa a diferenza en que cando un pode ir a un sitio e decide non ir, outra cousa son as súas razóns, e cando non hai invitación. Efectivamente, son relacións serias entre administracións.

Cando o máximo responsable, segundo máximo responsable, terceiro ou cuarto das relacións de cooperación con Portugal non son invitados a participar nun foro de cooperación con Portugal, o lóxico é que entendamos que a Xunta de Galicia non foi invitada. Estoulle dicindo que non. Claro, se vostede ao mellor cre que non coñece ese papel que lle teño ensinado. Por suposto que o coñece, con máis razón aínda para dicir que as relacións nesta administración son relacións serias. Por iso, por exemplo, na Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, que tivo lugar hai un mes en Braga, por certo, estaba invitado e acudiu, porque as relacións son absolutamente institucionais e normais entre administracións; perda coidado por iso. Outra cousa é que vostede fale de desprezos e diga as cousas que di supoño —supoño non, estou seguro— sen coñecer en profundidade o tema. Estaba o presidente do Eixo Atlán-

tico, o alcalde de Braga, o señor Ricardo Río, que asistiu e fixo de anfitrión. Polo tanto, relacións entre Galicia e as diferentes institucións, sen ningún problema, por suposto. Outro tipo de cousas persoais é cando me refiro a que vostede trae aquí recados, vostede saberá por que; nós falamos entre administracións.

Entón, eu téñolle que dicir: mire, imos falar en serio. Aproveito de verdade esta ocasión, aínda que sexa por este tema que vostede plantexa, para que se animara por fin a falar das relacións entre Galicia-Norte de Portugal, que son tan importantes. Que se interese, aínda que sexa por un tema destes que xa quedou perfectamente explicado. E que se interese de verdade pola política exterior da Xunta de Galicia, ¡claro que si! Digo que se interese de verdade.

Vostede sabe que hai uns meses o director xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia lle foi explicar a vostede e ao seu grupo —nomeadamente a vostede, que dixo que tiña moito interese— a estratexia de acción exterior da Xunta de Galicia e vostede dixo que por suposto ía facer alegacións porque había cousas que non lle parecían ben. ¿Sabe cantas alegacións fixo?, ¿sabe cantas? ¡Cero! Co cal quero supoñer que está vostede absolutamente de acordo con todo ou que non tiña tempo porque considera que isto non é un tema fundamental.

Polo tanto, eu anímoo a que de verdade pense que as relacións de Galicia en política exterior, por suposto dentro do marco do Estado ao que pertencemos, son moi importantes. ¡Benvido a esta importancia!, de verdade. E se quere falar das cousas que de verdade nos xogamos con Portugal, que son moi importantes, témolo clarísimo: falar dunha comisión ferroviaria como ten que ser e non como a que hai; falar de competitividade de empresas, de deslocalización de empresas; falar de cooperación sanitaria e falar en serio; falar de mobilidade profesional e de convalidación de títulos; falar de mobilidade estudantil; falar de todo o que sexa cooperación institucional; falar de cooperación transfronteiriza, de proxectos POCTEP... Diso levamos falando moito tempo no marco da eurorrexión, señor Villares. Vostede probablemente non o sabe, ou porque non lle interesa, como pasou coa estratexia de acción exterior, ou porque non llo contan, o caso é que non o sabe. Polo tanto, benvido a este interese. Se quere falar hoxe de Portugal, aquí nos vemos. Se quere seguir transmitindo recados, contéstollos, son moi fáciles.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de Dª Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da modificación da súa política fiscal en relación coa produción de enerxía eléctrica

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Noa Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, a diferenza do Partido Popular, o BNG entendemos a electricidade como un servizo básico, como un dereito, e non como un mero elemento de interese económico. Polo tanto, entendemos que os poderes públicos deben actuar para garantilo e para impedir os abusos das grandes eléctricas en xeral e a exclusión enerxética en particular.

Pola contra, o marco legal ampara o grande oligopolio eléctrico, controlado por unhas poucas empresas que se aproveitan deses beneficios chovidos do ceo e que manipulan e pactan os prezos ante a total indiferenza das sentenzas que lles caen, pois ata lles compensa pagar esas multas.

Sen entrarmos no disparate que supón o procedemento de fixación de prezo sen atender os custos de xeración. Se pensamos simplemente na fiscalidade que calquera de nós paga na súa factura eléctrica, é a todas luces evidente que é absolutamente abusiva. Por exemplo, pagamos un dos IVE máis altos de toda Europa, ou, por exemplo, pagamos en Galiza impostos dos que despois non nos beneficiamos, como é o caso do imposto especial destinado ao Plan carbón, do que Galiza está excluída. Por se todo isto fose pouco, agora estas multimillonarias eléctricas demandan que se repercuta nas persoas consumidoras impostos como, por exemplo, o canon eólico, unha situación da que xa no seu día, cando se debateu este marco legal, alertaba o Bloque Nacionalista Galego. Como digo, é unha opción que se contemplaba na lei de 1997 e do 2013 e que o Partido Popular, unilateralmente, converteu en obrigatoridade cun real decreto no 2012.

Desde o BNG pensamos que, de consumarse esta cuestión, estariamos diante dun novo agravio do Estado español contra Galiza, porque xa non é que non nos beneficiemos de ser produtores excedentarios de enerxía eléctrica, senón que, aínda por riba de ter o impacto ambiental e social, agora vemos como corremos o risco de que nós paguemos aínda máis por ser produtores, en lugar de beneficiarnos desa situación. Desde a nosa óptica sería unha inxustiza intolerable.

Recentemente, ao fío de varias sentenzas xudiciais por parte do Tribunal Supremo, que fallou favorablemente a estas empresas, coñecemos un complexo proceso legal e político e recentemente sabemos que o Goberno ultima unha orde para que as comunidades que aínda non o fixeron arbitren a información de que contía debe ser repercutida nos consumidores, entre elas Galiza.

Señor conselleiro, diante deste novo agravio, nós entendemos que é un pouco alarmante a pasividade da Xunta de Galiza, que non abonda simplemente con que vostedes non remitan ao Estado os datos galegos nin con encomendarse a ese criterio que teñen vostedes de que este é un imposto estritamente medioambiental, algo tamén moi cuestionable. Por iso, señor conselleiro, hoxe queremos saber cal é a súa folla de ruta a respecto deste risco. Pedímoslle...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...desde o BNG —remato xa, señor presidente— unha actitude proactiva, que non espere como o señor Rajoy a que chova máis para pagarmos menos na factura, senón que pete na mesa en Madrid, onde teña que petar, e diga que Galiza nin

paga nin pasa por menos de que se modifique esa lei para eliminar o risco de que o canon eólico e as taxas locais poidan repercutir e encarecer aínda máis unha factura de por si abusiva. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, é sorprendente. É sorprendente que vostede veña aquí intentar entrever unha conivencia deste goberno coas eléctricas, ¡sorprendente! Eu diríalle que é simplemente unha posición ideolóxica. Vostedes teñen pasado e deberían explicar na Cámara por que estiveron a favor de condonar 3.000 millóns de euros ás eléctricas ao non reclamar o cobrado de máis polos custos de transición á competencia; deberían de explicalo. Deberían de explicar por que vostede omite a responsabilidade do BNG cando apoiou o pago das primas ás renovables en 2008, 2009 e 2010, cando eran dez veces máis caras que agora; debería de explicalo. E a súa conivencia co Partido Socialista para diferir o pago deses outros custos do sistema —ata acumular unha débeda de 26.000 millóns de euros— que agora temos que pagar todos os españois; debería de explicalo. Igual que debería explicar o seu modelo eólico, xa que quere falar da relación das grandes eléctricas. E debería recordar —sei que non lle gusta— que dous concursos do Bipartito foron declarados ilegais, sábeno perfectamente; e saben que outro foi anulado.

En definitiva, falar de conivencia, intentar aquí vincular este goberno coas grandes eléctricas, señoría... O Goberno preocúpase por ser útil aos galegos e darlles unha resposta desde o punto de vista de investimentos de calidade no servizo e tamén do prezo da factura que teñen que asumir. Por iso, señoría, sobre o tema que vostede trae aquí a Xunta mantén unha posición moi clara e moi rotunda. Sabe perfectamente que o canon eólico é un imposto medioambiental —así está definido— e que non grava as actividades ou instalacións destinadas a subministración eléctrica. Polo tanto, señoría, en ningún caso entende o Goberno que debe incluírse nas facturas eléctricas que pagan os consumidores galegos. De feito, a Xunta xa ten trasladado de forma expresa a súa oposición ao Goberno de España para que estes impostos poidan ser incluídos nos suplementos territoriais.

Así pois, señoría, a discrepancia co Goberno do Estado está motivada. Está motivada pola base impoñible e non pola natureza do suplemento. E dende a Xunta de Galicia entendemos e imos defender que os tributos medioambientais galegos non graven nin directa nin indirectamente as actividades de transporte nin de distribución. Polo tanto, entendemos que esa orde á que vostede fai referencia, e que só obrigaba no suplemento do ano 2013, que loxicamente non se aplique en Galicia nin aos galegos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten turno para a réplica a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Eu suxírolle, señor Conde, que xa que quere vostede moitas explicacións, veña aquí vostede comparecer e explicar a súa inexistente política eólica.

Explíquenos, por exemplo —xa non lle vou dicir que nolo xustifique—, a cantidade de diñeiro público que só no último ano e medio vai en sentenzas desfavorables ao seu modelo eólico. Explíquenos, por exemplo, a súa renuncia ao ITP precisamente por ilegal. Compareza, e nós explicarémoslle o noso modelo de xestión eólica, do que estamos absolutamente orgullosos no nacionalismo galego porque é unha política non de recadar, senón de apostar pola xestión pública, pola participación pública non só dos beneficios, senón tamén das decisións estratéxicas, señor Conde.

Para continuar, a min paréceme moi ben que vostedes coa boca pequena lle digan ao Estado que non van aceptar este suplemento. De feito, cando o fagan coa boca grande, contarán co noso apoio. Agora ben, explíqueme entón a incoherencia das votacións nesta Cámara do Partido Popular que non lle pide ao Estado que se modifiquen eses puntos que traen claramente dubidosa legalidade e que nos seguen situando no punto de mira. A min explíqueme por que o noso imposto é medioambiental e o de Castela-A Mancha, que é absolutamente idéntico, non. Por que Castela-A Mancha xa tivo que dar os datos para pagar, e vai recibir ese cargo a maiores, e Galiza non. Igual é que o Estado é un pouco máis paciente con Galiza porque gobernan vostedes, igual é iso. Pero explíqueme a min por que non é igual que o caso de Castela.

En todo caso, para rematar, revisen un pouco para que empregan esa recadación por parte dese imposto teoricamente medioambiental, porque unha cuestión sería apostar pola rexeneración como se debería, e outra cuestión é o que fan vostedes, que é desviar diñeiro para cubrir as chapuzas da súa planificación orzamentaria, por exemplo, e alugar helicópteros antiincendios. Así que...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...señor Conde, sexan un pouco valentes e fagan algo máis que esperar sentados. Planten cara a Madrid, e, de paso, se quere debater sobre política eólica, compareza e farémolo encantadas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra, para a réplica do Goberno, o señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitísimas grazas, señoría.

Mire, o seu modelo eólico está perfectamente avaliado: dous concursos ilegais *(Interrupcións.) (Murmurios.)* e outro que tivo que ser anulado. Ilegalidade e anulación, ese é o resumo, se-

ñoría, da súa política eólica. Eu lamento que non o queiran recoñecer, pero como son os tribunais os que estableceron estas sentenzas, loxicamente ese é o seu balance.

Galicia non ten tributos autonómicos que graven directa ou indirectamente as actividades ou instalacións destinadas a subministración eléctrica, esa é a realidade. Nós non lle dicimos nada ao Goberno nin coa boca grande nin coa boca chica, non, facémolo por escrito. Por escrito, señoría, por escrito, así xa llo temos trasladado ao Goberno. Polo tanto, nós trasladámoslle ao Goberno que xa sabe que, se pretende aplicar ese suplemento, nós recorreremos ante a Xustiza con todas as actuacións que contradigan esta posición, porque nós imos defender as nosas competencias tributarias dende o punto de vista medioambiental e tamén as nosas competencias para protexer os consumidores galegos.

Señoría, vostede seguramente non é consciente do que supón o canon eólico para Galicia, porque fala con moita simplicidade. Son 160 millóns de euros os recadados que están repercutindo no benestar de todos os galegos *(Interrupcións.) (Murmurios.)* e todas as galegas. Co modelo do BNG non habería nin un só euro; cero, cero.

Recórdolle, ademais, que o canon eólico está ratificado e blindado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e polo Tribunal Supremo. Esa é a realidade, pode ver cando queira a xurisprudencia. Polo tanto, estaría ben que o seu grupo deixase de compartir —eu non sei se consciente ou inconscientemente— a posición de determinadas empresas eléctricas ás que lles interesa moito que desapareza. Deberían de explicar por que o BNG está tan interesado en que desapareza o canon eólico. Deberían de explicalo, porque iso é precisamente o que pretenden as grandes eléctricas.

Polo tanto, señoría, o Goberno vai seguir defendendo os intereses dos galegos. Imos respectar, loxicamente, a legalidade, imos respectar as institucións —cousa que o BNG nunca plantexa—, imos seguir apostando pola igualdade de trato de todos os que vivimos en España, tamén dos galegos e das galegas. Dende a nosa responsabilidade imos seguir defendendo as competencias do noso país ante as instancias adecuadas e a necesidade de que os suplementos territoriais se apliquen correctamente. Iso é o que vai facer o Goberno, que esa aplicación dos suplementos territoriais sexa a correcta.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Entendemos que o canon eólico non será ningún tipo de sobrecusto no sistema.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. David Rodríguez Estévez e catro deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación co estado de contaminación que presenta o río Pesqueiras, ao seu paso polo concello do Saviñao, como consecuencia das verteduras dunha central láctea nas súas augas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Moitas grazas, presidente.

O río Pesqueiras é un afluente do río Miño que pasa pegado á central láctea de Celega, para continuar uns cinco quilómetros despois ata o lugar de Pesqueiras e dende alí iniciar o pronunciado descenso ata a desembocadura no Miño, xusto na base da presa de Belesar.

En febreiro do ano 2016 recibíronse multitude de queixas polo alarmante estado das augas, que baixan espumosas e malolentes, pese á gran cantidade de choiva caída naquela época. Dende esa data, os vertidos son diarios e continuados no tempo, sen período de descanso. Tamén se comprobou o fedorento olor das augas ao paso do río baixo a estrada e o corredor rápido, á altura do desvío ao lugar de Vilamor e da confluencia do rego Saviñao, uns dous quilómetros e medio máis abaixo da central.

Esta central láctea —Celega— xa recibiu varias denuncias medioambientais, pero parece que é máis rendible o pago das multas administrativas que a solución definitiva do problema. De feito, no ano 2016 foi denunciada por tres entidades diferentes: a asociación veciñal do Saviñao, denuncias dun particular e da asociación ecoloxista Adega, e a día de hoxe aínda non se tomou ningunha medida correctora nin sancionadora por parte das distintas administracións.

Unha das denuncias di explicitamente que dende hai tempo se están producindo vertidos presumiblemente procedentes da limpeza dos tanques de camións de lácteos que frecuentan a fábrica de Celega, sita nas orillas do río Pesqueiras, un afluente directo ao Miño. Tal situación produce, sen dúbida, aparte do dano estético derivado do acceso ao río da espuma e dos vertidos, un descenso do ph das súas augas por causa dos ácidos lácticos que. ao mesmo tempo, se verten de modo constante.

Aquí nomea a competencia da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, de titularidade de todas as concas hidrográficas da comunidade autónoma, incluída a do Miño-Sil na súa vertente española, no marco do artigo 26 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e leis autonómicas e estatais vinculadas.

Dende En Marea só pretendemos que a empresa invista a porcentaxe que lle corresponda dos seus beneficios para a reposición das condicións naturais do río Pesqueiras. A empresa Celega, orixinalmente, adicábase á produción de queixo, e xa daquela fora sancionada pola Consellería de Medio Ambiente. Actualmente, despois da súa venda, é unha planta de almacenamento de leite onde conflúen gran cantidade de camións-cisterna antes de ser transportado ata Toledo.

Considérase que é a causa fundamental da contaminación sostida toda esta gran cantidade de cisternas de camións que son lavados con produtos químicos, ácidos e cáusticos, que logo son vertidos ao río sen a corrección necesaria.

A realidade é que hoxe existe un tramo de río claramente morto, pode verse e pode ulirse.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Remato.

A realidade do río Pesqueiras hoxe non é só nese tramo, pódese estender ao resto de toda a comarca de Lemos, posto que non existe plan de saneamento dos ríos das comarcas de Monforte, do polígono de Reboredo, da zona de Piñeira, etc.

Formulo a pregunta e pregúntolle que actuacións ten levado a cabo a Xunta de Galicia, coñecedora do estado da contaminación do río Pesqueiras por mor dos vertidos que a empresa Celega está a tirar no cauce deste.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a señora Mato Otero.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Dou por sentado, señor Rodríguez, que vostede coñece exactamente igual ca min que as competencias en materia de vixilancia e de sanción de vertidos realizados no río Pesqueiras lle corresponden a outra Administración, neste caso correspóndenlle á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. A competencia —volvo dicir— de vertidos sobre este río non é, polo tanto, da Xunta de Galicia, non é, polo tanto, de Augas de Galicia. Nós temos competencia en concreto nesta materia, en materia de vertidos, sobre a demarcación Galicia-Costa. No que corresponde estritamente ás nosas atribucións, cómpre sinalar que Celega —a empresa á que fai referencia na súa iniciativa— está afectada por unha lei, que é a Lei de prevención e control integrado da contaminación, e que polo tanto ten que dispoñer —e así o fai— dunha autorización ambiental integrada; autorización ambiental integrada que foi concedida no ano 2014.

Podo confirmarlle que constan —como dicía vostede— nesta consellería diversas denuncias por vertidos no río Pesqueiras procedentes supostamente desta empresa. A estas denuncias, como non podía ser doutro xeito, démoslle traslado a quen é competente en materia de vertidos, que é a Confederación Hidrográfica. Así mesmo, no mes de outubro do ano 2016, por se acaso, fixemos unha inspección ambiental sobre o contido desta autorización ambiental e visitaron os nosos técnicos esta empresa, para decatarse de que efectivamente podería haber incumprimentos en materia de vertidos, e, como digo, volvemos trasladarllos á Administración competente. Sen embargo, no que é o cumprimento do resto dos parámetros da autorización ambiental integrada, non tiña ningunha outra eiva.

Os propietarios da empresa daquela, despois desta inspección, avanzaron aos técnicos a súa previsión de realizar melloras na depuradora, melloras nesa infraestrutura que implican di-

rectamente unha modificación da autorización ambiental. O obxectivo destas melloras é dar estrito cumprimento aos parámetros de vertido que lle foron marcados na autorización ambiental integrada.

En marzo deste ano a empresa solicita a esta consellería modificar a instalación. Non é unha modificación só dunha instalación, senón que é unha modificación da autorización ambiental que xa lle foi autorizada recentemente dende a consellería á empresa, e, polo tanto, a empresa xa pode comezar co investimento. Polo tanto, a previsión é que nun breve prazo de tempo a empresa mellore substancialmente o seu proceso de depuración e que se reduzan os posibles vertidos.

Pregúntame que estamos facendo. A resposta é clara no senso da competencia que ten a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, que é o estrito cumprimento da autorización ambiental, e por suposto darlle traslado do incumprimento en materia de vertidos a quen ten competencia, que é o organismo da Confederación...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ...que, como sabe vostede moi ben, xa ten unha sanción sobre a empresa. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Mato.

Para o turno de réplica ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas.

Con data do 31 deste mes pasado, de maio, a empresa Celega saíu ao paso das críticas que fixemos dende En Marea. A empresa, dende que recibiu as nosas queixas, anunciou que están levando a cabo investimentos no sistema de depuración de vertidos, como vostede ben afirma.

Os representantes de Celega aseguran que está realizando e ségueno facendo da man da Consellería de Medio Ambiente, ou sexa, que vostedes eran coñecedores, e segundo acabo de ler na intervención anterior, si que ten competencias a Consellería de Medio Ambiente para dar estas autorizacións. E o que non é de recibo é que o responsable da empresa ameace directamente con pechar se os grupos de oposición denunciamos que están contaminando un río.

A asociación veciñal leva transmitido as queixas á súa consellería, no tema dos vertidos contaminantes de Celega ao río Pesqueiras, dende febreiro do ano 2016, xa pasou máis dun ano, xa que foron moitas as queixas recibidas e moitos os veciños e veciñas incomodadas que viven ou posúen predios e lameiros nas proximidades do cauce.

Dende esta data, os vertidos foron case diarios, o que trouxo como consecuencia a morte de todo tipo de vida biolóxica no río, mostrándose na actualidade como un leito queimado. En

calquera punto do seu traxecto, baixo a planta láctea existe vida. Polo tanto, o aspecto do río e o cheiro diario non menten e son facilmente comprobables.

Dende En Marea aplaudimos a noticia de que van iniciar as obras dunha nova depuradora. Tamén nos damos conta de que xa non era sen hora, e esperamos que esta nova sexa verdade e se cumpra pronto. Pero o dano está feito, esa depuradora tiña que estar en funcionamento dende que a empresa accedeu á planta, dado o incremento do volume a depurar dende o cambio de titular. Iso sabíano perfectamente dende o inicio da actividade tanto vostedes como a empresa.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Remato,

A empresa ten a obriga de respectar as normativas legais en medio ambiente, e o número de traballadores non xustifica que se teña incomodado permanentemente ás veciñas nin que se utilice un río como unha cloaca de residuos.

Así que esíxanlle á empresa Celega que executen as medidas correctoras necesarias para manter este río con vida.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Ten a palabra para a réplica do Goberno a señora Mato Otero.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Comparto con vostede a denuncia de que, efectivamente, as ameazas non serven para nada, e a obriga desa empresa e de todas as empresas é cumprir a autorización ambiental integrada. De feito, grazas a esas denuncias e ao coñecemento que temos de que non está a cumprir en materia de vertidos, demos traslado —como lle dicía— a quen é competente para que, máis alá do procedemento sancionador, a empresa tomara boa nota e fixera o que ten que facer.

Foi en marzo —dicíalle antes— cando fixo a solicitude nesta consellería, da man da consellería, no senso de que nós teñamos a competencia para facer esa tramitación. Fixemos esa tramitación e recentemente xa lle demos a autorización para que faga as modificacións na depuradora, pois estamos convencidos de que esa modificación na depuradora vai reverter directamente en que non haxa vertidos e de que esa modificación vai garantir que os parámetros en materia de vertidos que están anotados na autorización ambiental se cumpran.

Por outra banda, é verdade tamén que hai outra serie de infraccións nas que dende esta consellería si que somos competentes, e de feito estivemos vixiantes non só en materia de calidade ambiental, senón da protección da natureza a través dos axentes medioambientais, onde tamén tiñamos que facer cumprir a lei, neste caso a Lei de pesca, sobre todo pola mor-

taldade de peixes, da que vostede facía especial mención. Efectivamente, puxémoslle distintas sancións polos vertidos que causaron esa mortaldade polo incumprimento da Lei de pesca no ano 2011, no ano 2012, no ano 2015, mesmo este ano, no ano 2017, e de feito agora mesmo ten tres expedientes sancionadores vencellados non a vertidos —porque como lle digo non é competencia desta consellería—, pero si á protección do medio e da natureza en cumprimento da Lei de pesca.

En definitiva, señoría, eu o que lle podo garantir é que o compromiso desta consellería, como non pode ser doutro xeito, é facer cumprir a lei, facer cumprir as autorizacións ambientais a esta empresa e a calquera outra, e agora o que espero e desexo é que esta empresa acelere o máximo posible ese proceso de construción para que a depuradora sexa unha realidade o máis rápido. Estaremos vixiantes de que así sexa.

Pola nosa banda, onde si que somos competentes, que é na zona de demarcación de Galicia-Costa, o que fixemos foi un plan de inventariado dos puntos de vertidos —que aí si que somos competentes—. Fixemos máis de vinte mil inspeccións entre o ano 2007 e 2016, e en concreto este ano pasado fixéronse 2.500 inspeccións, e dalgún xeito temos un inventariado de 7.700 puntos de vertido en Galicia-Costa, dos cales, por poñer en coñecemento da Cámara, preto do 16 % son contaminantes. Non é que sexa unha cifra para esquecer, porque efectivamente ese 16 % non é alto pero é importante, e en relación con eses vertidos contaminantes nós obrigamos a quen é competente a que os resolva, ou, se non, resolvémolos nós. Quedaron resoltos preto de 2.300, que dalgún xeito foron emendados.

En definitiva, a obriga é cumprir e facer cumprir a lei.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de Dª Eva Solla Fernández e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre as medidas desenvolvidas polo Goberno galego en relación coa problemática referida á cementeira de Narón e o cumprimento da legalidade vixente

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Traemos hoxe esta pregunta, que ten que ver co dereito á saúde, coa defensa medioambiental, pero tamén coa loita veciñal; unha loita veciñal de catorce anos xa, desprezada pola Xunta de Galicia, cando no ano 2000 se decidiu levar a cabo unha cementeira en Castro, en Narón, a só uns metros das vivendas do barrio.

En 2004 iniciáronse as obras, e xa en 2003 as protestas e as alegacións. Uns veciños e unhas veciñas que pelexan contra a instalación dunha industria contaminante a 150 metros das súas vivendas, que produce vibracións, ruído e escapes de po. Po tóxico e prexudicial para a

saúde, como saben todas as súas señorías e ten mesmo indicado a Organización Mundial da Saúde, a 150 metros das vivendas, a 300 metros dun colexio, e cun hospital, o Arquitecto Marcide, relativamente cercano.

Con este panorama modifícase o uso do chan de maneira ilegal, un chan que era rústico de uso urbanizable, para pasalo a uso industrial. E con este panorama tamén a Xunta de Galicia, a pesar desa proximidade ás vivendas e colexios, adxudica e emite un goberno en funcións do Partido Popular —daquela o Goberno do señor Fraga— a autorización de funcionamento e impacto ambiental.

No ano 2013, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia falla, dando a razón á veciñanza, contra a ilegalidade na instalación e funcionamento da cementeira de Castro, en sentenza do 3 de outubro. E, con todo, a Xunta permanece impasible ante esa circunstancia.

No ano 2015, a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo dá novamente a razón ás veciñas e veciños, baseándose tamén nos argumentos empregados polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que advirten que un plan sectorial non pode modificar a cualificación do chan en contra do PXOM, polo principio de xerarquía normativa. O Tribunal Supremo sentencia en firme e declara unha vez máis a nulidade, a ilegalidade da actividade da cementeira, quedando anulada a autorización ambiental e a autorización para a actividade de moer, extraer e espelir o cemento.

Foi hai dous anos, en 2015, e varios meses despois a Xunta de Galicia seguía sen cumprir, feito polo cal naquel momento Alternativa Galega de Esquerda trouxo esta circunstancia ao Parlamento de Galicia, daquela xa cos veciños e coas veciñas. E daquela vostede, señora Mato, comprometeuse a que ían abordar xa e abandonar esa ilegalidade e que ían acatar a sentenza dando inicio ao trámite de expediente de declaración de nulidade para a renovación de autorización ambiental. E é incrible, porque dous anos despois da sentenza e ano e medio despois de que debateramos esa circunstancia no Parlamento a cementeira segue tendo actividade.

¿Que fixo, señora conselleira, que medidas tomou a Xunta de Galicia para cumprir —porque non o fixo— con esta sentenza?

Máis nada por agora *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a señora Mato Otero.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Señora Solla, pois, evidentemente —como dicía na pregunta anterior, tamén como dixen en novembro do ano 2015—, a Consellería de Medio Ambiente o que fai e seguirá facendo é

cumprir estritamente coa legalidade vixente, e faino en todos os casos e, evidentemente, non vai ser nin é unha excepción a cementeira de Narón.

Non houbo —por moito que vostede tente mesturalo— ningunha irregularidade na tramitación da autorización ambiental integrada, que foi concedida no ano 2005, e que despois foi modificada unhas cantas veces. O que si é certo é que a dita autorización estaba baseada nun informe urbanístico que era positivo, un informe urbanístico municipal dun plan sectorial tamén municipal que foi despois anulado.

Nós fixemos o noso traballo, cumprimos con todos os pasos pertinentes na tramitación desa autorización, como facemos en todos os caos e con todas as empresas. E o que si que constatamos é que non había ningún incumprimento en materia medioambiental, nin por emisión de escape de po, nin por ruído, nin por vibracións. É dicir, este plan de sectorización municipal, ou sexa, unha causa urbanística foi a que anula a autorización ambiental. A anulación da autorización ambiental integrada é bo non mesturar e non tentar terxiversar, porque obedece a unha interpretación errónea da normativa vixente en materia de plan de sectorización municipal de acordo co seu plan xeral.

A sentenza está relacionada estritamente cun problema que é urbanístico, xa que a empresa non presenta ningún problema medioambiental, está dentro dos parámetros que a lexislación en materia vixente, tanto comunitaria como estatal como autonómica, contempla e, polo tanto, segue a cumprir medioambientalmente.

A autorización ambiental foi anulada por un problema —como dicía— urbanístico. É verdade que no día de hoxe esa problemática urbanística xa está solucionada, non só porque se fixera unha modificación do Plan xeral de Narón, que así o aprobara ese plan de sectorización, senón pola propia Lei do solo do ano 2016, que determina que o uso actual desta instalación como industrial está admitido polo actual PXOM.

E tendo en conta esta situación exposta, actualmente estamos a tramitar de oficio o procedemento de revisión da autorización ambiental da cementeira. Un trámite perceptivo a raíz da Directiva da Unión Europea sobre as melloras técnicas dispoñibles para a fabricación de cemento. Este procedemento, que supón de facto a redacción dunha nova autorización ambiental, deberá garantir que a autorización ambiental da empresa cumpre cos valores das emisións que no día de hoxe son aplicables, así como coas melloras técnicas do sector, que —como lle dicía— no día de hoxe cumpre, pero nesta nova modificación terá que cumprir tamén.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): No marco desta tramitación emitiuse por parte do concello un informe de compatibilidade urbanística favorable, no que se conclúe que a instalación é compatible co planeamento urbanístico vixente.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Mato.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Era visto, señora Mato: un goberno en situación de interinidade, aquel goberno foi o que deu o permiso para instalar a cementeira. Era visto: vostedes non cumpriron a lei, non a cumpriron en 2013, non acataron a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e non acataron despois a sentenza do Tribunal Supremo. E agora agardaron para que se recualificasen os terreos para poder facilitar que a cementeira ilegal siga tendo actividade como acontece no día de hoxe. Vostedes non cumpren coa lei, señora Mato.

É moi opinable. Vostede di que é todo normal; sen embargo, a min gustaríame que nos trasladase aquí cales e cantas foron as inspeccións en materia medioambiental que vostedes fixeron dende entón, sobre todo dende que se coñeceu en 2013 que a cementeira era ilegal.

Dá igual o que vostede argumente. Vostedes levan dende entón sen cumprir a lei. Catro anos sen cumprir as sentenzas, primeiro, a do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e dous anos sen cumprir a sentenza do Tribunal Supremo. E agora agardaron a que, efectivamente, se recualificasen os terreos como fan sempre. Vostedes non están do lado da legalidade, ao contrario, vostedes estiran os prazos e non cumpren coas sentenzas.

Vostede dixo aquí mesmo nesta Cámara, no pleno, en novembro do 2015, que inmediatamente se ía iniciar o expediente de declaración de nulidade para a renovación da autorización ambiental, e está nas actas deste propio pleno do Parlamento de Galicia, é literal. Polo tanto, vostede mentiulles aos veciños e veciñas, mentiu nesta Cámara e ademais non cumpre coas sentenzas nin do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nin do Tribunal Supremo.

Polo tanto, vostedes o único que actúan é precisamente para que un negocio que está implantado de xeito ilegal poida legalizarse, non cumprindo os prazos, non acatando as sentenzas e agardando a que se recualifiquen os terreos. Ese é o seu *modus operandi*. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Ten a réplica do Goberno a señora conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a señora Mato Otero.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Señora Solla, a verdade é que a realidade é teimuda, e como di vostede grazas a Deus existen as actas neste Parlamento. Efectivamente, xa non é que diga vostede que eu mentín; eu non mentín, eu dixen que ía facer cumprir a lexislación vixente, porque é a miña obriga, díxeno daquela —está aquí escrito— e seguireino a dicir.

Cando vostede fala tamén dun goberno en funcións, que fixo e foron vostedes os que deron esa autorización, mire, este é un trámite administrativo. E como todos os trámites

administrativos constan de informes, necesitan informes, e precisabamos un informe dun concello, dun concello onde, por certo, non gobernaba o Partido Popular, porque parece que lle gusta. Un informe que foi favorable do plan de sectorización e que deu pé a que, efectivamente, cando recabas todos os informes, esa autorización ambiental —que volvo dicir que é un trámite administrativo, non dun goberno en funcións— saíra para diante. Polo tanto, tente vostede non distorsionar a realidade e non confundir sobre todo a veciñanza, e non tentar dicir que pola porta de atrás este goberno ou calquera outro está a dar autorizacións.

Mire, non, aquí tramítanse legalmente todos os pasos que se teñen que dar nas autorizacións ambientais, e vólvolle dicir que este estaba baseado nun informe favorable dun plan de sectorización dun PXOM dun concello onde non gobernaba o Partido Popular. Esa tramitación seguiuse para adiante. E, efectivamente, —como di vostede— despois houbo unha sentenza que ratifica que por un fallo urbanístico, que non medioambiental, esa autorización ambiental quedou anulada. No día de hoxe ese fallo urbanístico non existe. E non existe nin pola modificación á que xa foi sometida o plan xeral dese mesmo concello, nin existe no día de hoxe pola nova Lei do solo, que contempla que esa actividade nese solo pode ser desenvolvida.

Pola outra banda, que é a parte que me preocupa a min, as autorizacións ambientais, todas as empresas que teñen autorización ambiental, todas, incluída esta, son inspeccionadas cada ano —pode ser que vaian unha vez, pode ser que vaian dúas veces—, todas, co firme obxectivo que fan os inspectores de calidade ambiental non de mirar se cumpren coa legalidade vixente en materia de urbanismo —esa é competencia doutros—, senón de que cumpren cos parámetros medioambientais, que é o que me preocupa e me ocupa a min directamente. É dicir, a calidade do aire, a calidade das vibracións, todo o traballo que se está a desenvolver nesa fábrica cumpre coa autorización ambiental. E iso é o que estamos a facer.

E no a día de hoxe para darlle cumprimento e para que non haxa unha alegalidade, que non ilegalidade, o que se está a tramitar de oficio é a modificación da autorización ambiental para que quede perfectamente ratificado que se cumpre, tanto en materia de medio ambiente como tamén agora, e grazas a unha modificación puntual do plan xeral e mesmo da Lei do solo, que se cumpre tamén urbanisticamente.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Carlos Enrique López Crespo e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a relación e o contido dos proxectos máis importantes do Centro Tecnolóxico do Mar nos últimos anos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor López Crespo.

O señor LÓPEZ CRESPO: Grazas, señoría.

Permítame que antes de expoñer a pregunta lle manifeste ao Grupo Socialista que aceptamos as desculpas. Xesto que valoramos e agradecemos e que esperamos que nun futuro próximo cheguemos a acordos nun eido tan importante como é o salvamento marítimo.

Co obxectivo de fomentar e executar accións para unha conservación e aproveitamento sostible do noso medio mariño e dos seus recursos, naceu hai quince anos o Centro Tecnolóxico do Mar, ubicado na cidade de Vigo. Ao longo destes anos son innumerables as actividades que este centro desenvolveu no ámbito da investigación, innovación tecnolóxica, así como nos da formación e cooperación internacional.

O Centro Tecnolóxico do Mar participou en centos de iniciativas europeas, nacionais e autonómicas, xestionando e coordinando proxectos de I+D+i e de cooperación internacional, realizando servizos e estudos técnicos, económicos e sociais, deseñando e implementando actividades de formación e difusión e poñendo en marcha e participando en redes e plataformas de investigación. Pero, entre todas estas iniciativas, podemos destacar os proxectos Arcopol de loita contra a contaminación mariña ou de xestión de residuos do mar, de valorización dos subprodutos ou no ámbito da innovación tecnolóxica, o proxecto Raia, a través do programa de cooperación transfronteiriza Galiza-Norte de Portugal.

Conscientes do importante papel que está a desenvolver este centro dependente da Consellería do Mar, que ademais é o único existente en España, o cal é un privilexio poder contar con el na nosa comunidade, e que ademais realiza un importante asesoramento científico, para sumar argumentos aos intereses nacionais en materia pesqueira, por iso, o Grupo Popular, os deputados asinantes, facémoslle a seguinte pregunta: ¿cales son os proxectos máis importantes do Cetmar nos últimos anos e en que consistiron?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Crespo.

Ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor López Crespo, creo que o primeiro que debemos de subliñar do Cetmar é que foi creado cunha necesidade, e debémonos sentir orgullosos de telo feito naquel momento en Galicia, e creo que hoxe en día está respondendo perfectamente ás liñas e ao pensamento co cal foi creado este centro. El traballa pola mellora do medio mariño e de todos os recursos que viven del, fomenta a innovación, a sostibilidade ambiental, a social e a económica.

Dende a súa creación, o Centro Tecnolóxico do Mar participou en distintas iniciativas europeas, nacionais e autonómicas, xestionou e coordinou proxectos de I+D+i e tamén de cooperación internacional, realizou estudos técnicos, económicos e sociais, e tamén deseñou e

implementou actividades de formación e difusión e puxo en marcha a participación en moitas plataformas de investigación.

Ao longo da súa traxectoria, o persoal do Cetmar veu participando en arredor de cincocentos proxectos de investigación e servizos de diversa índole, tanto a nivel nacional como europeo, e tamén traballou en máis de trinta países de América Latina e de África, onde desenvolveu algo máis dun cento de proxectos de cooperación internacional.

Ademais, é de destacar que este traballo foi case sempre realizado en común con outras entidades. E tanto nestas como no resto das iniciativas, o Cetmar colaborou con máis de seiscentas institucións, centros de investigación e entidades de diferente índole para sacar adiante todos os seus proxectos.

As principais accións desenvolvidas polo centro ao longo da súa historia foron proxectos e servizos. Entre os proxectos cabería destacar aqueles de investigación en estudos financiados xeralmente con subvencións de concorrencia competitiva ou con convenios de colaboración. As principais institucións que cofinancian os proxectos son europeas, tanto as do Horizonte 2020, os fondos Interreg, o Espazo Atlántico, o Life ou proxectos Poctep ao que vostede facía referencia coa colaboración con Galicia-Norte de Portugal. Traballamos tamén con colaboracións nacionais en programas de investigación financiados con fondos comunitarios e nacionais e tamén con fondos autonómicos.

Cabe resaltar tamén a realización de proxectos de cooperación internacional financiados pola AECID e tamén pola Xunta de Galicia e outros organismos nacionais ou internacionais, e o desenvolvemento de servizos como a execución de encomendas de xestión coa Xunta de Galicia e de estudos e servizos tecnolóxicos avanzados ou asistencias técnicas.

As accións desenvolvidas pola Fundación Cetmar ao longo da súa traxectoria enmárcanse en tres liñas de traballo en torno á innovación: a innovación social, a innovación económica e a innovación ambiental. Dentro da innovación ambiental desenvolvéronse...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ...e desenvólvense proxectos encamiñados á loita contra a contaminación marítima ambiental e de orixe antropoxénica, tamén a utilización dos descartes, como os proxectos LifeiSeas, ou Marmed, e a maiores dentro da innovación tecnolóxica destacaría o que vostede citou...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ...os Raias destinados a observatorio.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quintana.

Ten o turno de réplica o señor López Crespo.

O señor LÓPEZ CRESPO: Grazas, conselleira, pola información que nos dá aquí.

Creo que lles pode dar os parabéns ao propio Cetmar e ao persoal que nel traballa por eses varios centos de proxectos desenvoltos, polo recoñecemento do centro, a súa solvencia ou rigor entre todos os seus socios europeos e mundiais.

Vemos que este centro segue a bo ritmo. Ten especial valor neste contexto de crise que acabamos de atravesar, ten moito que ver coa orientación que se lle deu ao Cetmar coa súa chegada á consellería e a directora ao propio centro. Nese senso, quixeramos que nos explicase cal foi a raíz desa orientación e cal foi o resultado.

Moitas grazas e reiteramos a felicitación para o persoal do Cetmar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Crespo.

Ten a réplica do Goberno a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señor López Crespo, pois si, a verdade é que no escaso tempo que tiven antes non me deu tempo a destacar todos os proxectos nos que está traballando o Cetmar.

Cando chegamos ao goberno no ano 2009 entendemos que coa crise que nos abordaba necesitabamos facer unha contracción orzamentaria, e por iso reorientamos a mellorar a plena produtividade deste centro. Isto é, orientar os traballadores do centro do Cetmar para que buscaran financiamento en proxectos que puideran vir financiados con liñas da Unión Europea. E eu teño que destacar que hoxe en día todos os proxectos que levan como socio o Cetmar teñen unha moi boa aceptación na Unión Europea. Temos que destacar que dos cincocentos proxectos que se levaron a cabo nestes últimos anos, máis do 70 % foron dende o ano 2009 ao 2016.

Se cando chegamos ao goberno no ano 2009 o financiamento de que dispoñía o centro para o seu funcionamento diario dependía en gran medida da Xunta de Galicia, porque tiñamos que aportar un millón de euros ao ano, nestes momentos a aportación que fai a Xunta de Galicia ao funcionamento do Cetmar é de apenas 470.000 euros, o resto de financiamento obtense de participación en proxectos de investigación. Proxectos que nos poñen na cabeza de toda a investigación non só a nivel de España senón tamén a nivel internacional.

Teño que dicir que se conseguiu o fundamento que nos levou no seu día a crear e a deseñar o Cetmar. Hoxe en día coordínanse todos os proxectos de investigación que teñen vinculación co mar a través do Cetmar, e nel participan todos os grupos de investigación que dalgún xeito teñen vinculación co mar, tanto os das tres universidades como os departamentos do Instituto Español de Oceanografía ou o Consello Superior de Investigacións Científicas.

Polo tanto, agradezo a súa felicitación ao persoal do Cetmar, e dende aquí teño que dicir que me sinto tremendamente orgullosa do traballo e do esforzo que levan feito para mellorar a súa capacidade de producir investigación aquí en Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a data prevista polo Goberno galego para a execución das actuacións necesarias para rexenerar e mellorar a produtividade marisqueira da zona dos Lombos do Ulla, na ría de Arousa

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Bos días, señora conselleira.

Falamos hoxe da ría de Arousa, unha das rías máis produtivas do mundo, se non é a que máis, e concretamente da zona dos Lombos do Ulla, que —como vostede sabe— é unha zona especialmente produtiva para o marisqueo.

Queremos concretar que temos no ámbito do marisqueo unha caída da produtividade nos últimos anos moi preocupante para o Grupo Socialista, e estou seguro de que tamén para a consellería. Pasamos dende o principio de século de aproximadamente uns 6.500 permisos de marisqueo a actualmente 3.799 en toda Galicia, dos cales o 45 % aproximadamente na ría de Arousa. Estamos falando dunha perda de case tres mil permisos en algo máis de doce anos. Isto supón unha perda económica directa e tamén indirecta.

Para ese sector é moi importante ter en conta que existe unha perda de produto que produce esa perda de empregos. Esa perda de produto —berberecho, ameixa fina...— que vostede coñece nos últimos cinco-dez anos está perdendo e, sen embargo, non se atopan solucións ou semella que non se está facendo todo o esforzo necesario.

Hai un problema nos Lombos do Ulla, un problema que se pode atribuír —como se intentou en moitas situacións—, en primeiro lugar, á sobreexplotación. Hai algunhas intencións de atribuírllo a iso, aínda que bioloxicamente é posible que non sexa especialmente negativo; a extracción tamén favorece que se remova o substrato. Pero tamén se puido atribuír ás obras do AVE. É certo, puido haber ou púidose calcular algún problema a través diso, pero é un problema de difícil solución posto que aquela ponte non vai ser levantada de novo.

Pero o que si é certo que se atribúe, e probablemente como todo o mundo coñece sexa o problema máis importante, a un problema de rexeneración dos Lombos do Ulla. Hai exceso de area nos Lombos do Ulla e non se está a coidar correctamente. Houbo un intento de retirar

area e retirouse de máis, que é un problema. E a seguinte solución foi non retirar ningunha. Como a lei do péndulo: ou todo ou nada, e tamén é un problema. É necesario axustar correctamente as necesidades da zona.

É preciso retirar area, é necesario porque favorece a produtividade. Hoxe en día apenas é posible traballar na extracción do produto, apenas onde están os puntos de control, e apenas nos canais. Pero fóra de aí nos canais de navegación é moi difícil. É preciso recuperar eses antigos canais para poder navegar baixamares. Dino os que traballan alí, dino os patróns e patroas maiores, algúns deles están hoxe aquí con nós na tribuna compartindo esta pregunta e esperando a súa resposta. Tamén sabendo que lle solicitaron moitas veces reunións para tratar o tema, amosando a súa preocupación, e que non son recibidos.

Estes problemas de saturación nos Lombos do Ulla, que impiden que exista produtividade suficiente para faenar, para traballar alí, provocan ademais que se saturen outras zonas, onde os traballadores do mar se desprazan cando non poden ter produto nos Lombos do Ulla. E vostede sabe que iso produce saturacións en Cabío e no Boído.

E hai solucións que se poden ter como máxicas circunstancialmente, como o paro subvencionado, pero non pode ser unha solución estable e permanente.

Polo tanto, dados estes problemas, ¿cando vai realizar a Xunta as intervencións necesarias nos Lombos do Ulla, que lle veñen reclamando constantemente os traballadores do mar, os patróns maiores e a xente que vive directa e indirectamente do mar? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Torrado, mire, voulle dar unha resposta concreta a unha pregunta concreta que vostede me facía por escrito.

Na Xunta de Galicia traballamos, traballaremos sempre por defender o incremento da produción nos Lombos do Ulla. E soamente poñemos sempre dúas condicións: as actuacións que se fagan teñen que ser útiles e proveitosas e teñen que estar aconselladas e ratificadas tecnicamente.

E digo isto porque hai que ter moito ollo cando ser realizan determinadas propostas. Vostede fai aquí fincapé na idea da dragaxe das canles e demais actuacións semellantes que deben de ter en conta tamén dúas cousas:

Unha, a dragaxe das canles e áreas de navegación non é unha competencia da Consellería do Mar, nin entendemos que mellorar as canles de navegación mellore a capacidade produ-

tiva dos bancos marisqueiros. Nós entendemos que é mellor traballar directamente nas propias zonas de produción para mellorar esta produtividade. Pero sosteño esta tese cun dobre referendo técnico:

Vostede debe de coñecer que xa no ano 2004 se encargou á Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade de Coruña un estudo para que definira un modelo numérico que nos permitira determinar que actuacións procedía realizar nas canles do Ulla, respecto da evolución da salinidade en diferentes puntos deste banco e a súa relación coa batimetría. Este estudo desaconsellou a dragaxe xeral da zona, xa que, tal e como se observou nas simulacións que se fixeron, unha dragaxe xeral provocaría un forte descenso no nivel medio de salinidade, o que suporía unha gran mortalidade en toda a zona do esteiro.

Ademais fixemos outro estudo dende o ano 2002 ao 2004 por diferentes departamentos da universidade e os centros de investigación da propia consellería, e analizamos a batimetría e a granulometría dos sedimentos do banco, o que nos axudou a sentar as bases para un seguimento posterior. Este estudo e seguimento permiten concluír que non existe unha asociación directa entre os cambios producidos na batimetría dos Lombos e os episodios de mortalidade severas ou moderadas observadas nas poboacións de ameixa, e que mesmo os aumentos de cota non supoñen unha perda de zonas produtivas.

Como ve, este tema non é novo, levamos tempo traballando con el, sabemos o que hai e dedicámonos a mellorar no posible aquelas accións que permitan seguir incrementando a produtividade. Como vostede ben di: cando nos afectan determinadas causas alleas á administración, buscouse a posibilidade de financiarlles un paro a estas persoas.

E eu creo que é necesario que o sector traballe coa administración, que poñamos en marcha un plan específico, tal e como se lle ten plantexado ao sector en diversas xuntanzas, plans específicos que están funcionando na ría de Muros-Noia, que están funcionando na ría de Pontevedra, que están funcionando na ría de Vigo e que deberían de ser tamén utilizados para que funcionaran neste caso concreto dos Lombos do Ulla.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Para o turno de réplica ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, conselleira, pola resposta.

Estamos de acordo nunha cousa: o tema non é novo; nas demais non. A cuestión é que se o tema non é novo, a cuestión vai a peor e vostedes teñen a solución máxica para facelo, entón, ¿por que non se aplican? ¿Por que todas as solucións deses plans que se poden facer ou que seguramente din que vostedes están facendo noutros sitios, por que non neste lugar? Será probablemente porque a última batimetría que fixeron foi hai un ano e medio. Tamén é posible porque as batimetrías que vostedes fan dirán —como vostede di e como xa me transmitiron dende o seu grupo parlamentario— que existen moitos problemas de acumulación

de area nalgún sitio, pero que iso, curiosamente, non ten problemas nin relación coa mortaldade. Pero, entón, a xente que traballa alí pregunta: ¿por que onde hai area non hai produto e por que nos canais, que teñen menos area, si hai produto?

A xente do mar entende perfectamente a necesidade da investigación e das análises técnicas, pero sabe moito do mar e sabe que onde hai produto non hai area e onde hai moita area non hai produto. E iso é dificilmente combatible, porque por moitos números que poñamos nunha folla de papel ou nun Excel a finalidade da xente que vai traballar no mar é extraer o produto. E o que se preguntan é: se tan mal está a cousa como nos din ás veces, ¿por que non traballar? Ou ao revés: se tan ben está, ¿como é posible que hoxe traballe moita menos xente porque non hai produto para todos?

O que nós plantexamos é que é tempo de superar o «hai que..., hai que..., hai que...», porque vostedes gobernan hai nove anos. E se gobernan dende hai nove anos e levamos tempo, os últimos tres anos con esas batimetrías que vostedes fan, traballando en favor —suponse— de mellorar a produtividade, ¿por que non mellora?, ¿cal é a razón de que non mellore? E se vostede me di que fan moitos estudos, ¿en realidade que van facer no lugar en concreto?, ¿que pretenden facer alí?

Porque quero entender que teñen vontade de mellorar a situación, aínda que a través da súa resposta percibo unha certa resignación: «é que a situación é así», «é que os problemas non son nosos», «é que a intervención é doutros», «é que hai cuestións que non podemos arranxar», «é que os estudos nos din»... Se vostede quere transmitir resignación, eu creo que é un problema. Dende o noso grupo o que queremos son solucións, e tamén as queren as persoas que traballan alí.

Polo tanto, menos palabras, menos papeis e máis acción, porque a realidade que está alí é que hai produto nalgunhas zonas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...e non hai produto noutras. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Turno de réplica do Goberno.

Ten a palabra a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Señor Torrado, eu de verdade que non sei se fun capaz de transmitirlle todo o que estamos a facer nos Lombos do Ulla na miña primeira intervención, pero, dende logo, nunca verá en min nin: «non se pode facer máis», «é que non dámos máis»... Non, non todo o contrario, e os feitos demóstrano. É que o ano pasado por non inventarme as cifras, pódolle dicir que na última campaña os desembarques multiplicáronse por dez. Pódolle dicir que na última campaña medraron as vendas nos Lombos do Ulla un 282 %. E que o berberecho, que foi unha especie que estivo sometida a unha

mortaldade, pero non por un descenso de salinidade, non porque houbera que dragar os canais de navegación, senón porque un parasito o afectou. Un parasito que veu de fóra e que traballaron os científicos para detectar ese parasito, para identificalo. Temos un proxecto de investigación financiado pola Unión Europea, e xa conseguimos ter unha estirpe resistente e imos seguir traballando nesa liña, pois o berberecho o ano pasado xa supuxo o 72 % dos desembarcos que se fixeron dentro dos Lombos do Ulla.

E todas aquelas actuacións que houbo que facer en colaboración co sector, todo o que nos plantexou o sector fíxose, o único que non se fixo foi unha dragaxe de area, que os nosos técnico dicían que había que facer e ao sector non lle parecía que aquilo fora aportar nada mellor para o sector. Polo tanto, iso foi o único que non se fixo, pero traballouse en toda a ría de Arousa.

Vostede vén aquí e dá uns datos que, de verdade, eu non sei de onde os saca. Claro, se nos remontamos á prehistórica *(Aplausos.)* cando non existían nin os permisos de explotación, podo entender que vostede me veña aquí dicir que diminuíron os permisos de explotación. Pero, mire: non, a historia é distinta; os permisos de explotación dende o ano 2000 foron caendo ano tras ano, porque o ano 2000 é o ano onde se profesionalizou este sector e onde todas aquela xente que baixaba mariscar unicamente cando tiña o seu mes de vacacións, que era cando abrían as campañas marisqueiras, no momento en que se profesionalizou e tiña que cotizar á Seguridade Social deixou de baixar. Pero eses non eran profesionais do mar. Pois dende o ano 2000 foi baixando, diminuíndo —é certo— o número de permisos de explotación. Pero, ¿sabe que? Que dende o ano 2015 esa situación reverteu e que no ano 2016 foi cando se incrementou máis o número de permisos de explotación, e estamos xa dende o ano 2015 en números positivos con respecto ao ano 2000.

Polo tanto, non intenten transmitir unha idea negativa do que é este sector. Este sector ten capacidade de xerar futuro. E o que lle estou dicindo ao sector non é que lle quero descargar a eles as culpas, nunca o fixen e nunca o farei; o único que lle digo é que para facer un plan específico nunha zona de libre marisqueo ten que ser de acordo co propio sector. E así deixarían de levarse polas normas xerais do libre marisqueo e pasarían eles a xestionar a súa propia zona de libre marisqueo cun plan como fan nas súas zonas de autorización, podendo eles mesmos presentar proxectos dentro das ordes que facemos todos os anos, e aos que se acollen todas as confrarías, tamén cando van participar nas zonas de libre marisqueo, para recuperar estas zonas.

Polo tanto, señor Torrado, non hai nin abandono, nin...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ...ningunha intención de ningún punto de vista de non se pode facer máis; pódense facer moitas cousas, e nesa liña é na que lle digo que estamos a traballar, pero sempre con argumentos científicos, non con demagoxias.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Finalizado o debate dos puntos da orde do día, rematamos a sesión.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Remata a sesión ás dúas e cincuenta e dous minutos da tarde.

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25